

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7391 *Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

ÍNDICE

Título preliminar. Disposicións xerais.

- Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.
- Artigo 2. Competencia en materia de xurisdición voluntaria.
- Artigo 3. Lexitimación e postulación.
- Artigo 4. Intervención do Ministerio Fiscal.
- Artigo 5. Proba.
- Artigo 6. Tramitación simultánea ou posterior de expedientes ou procesos.
- Artigo 7. Gastos.
- Artigo 8. Carácter supletorio da Lei de axuizamento civil.

Título I. Das normas comúns en materia de tramitación dos expedientes de xurisdición voluntaria.

Capítulo I. Normas de dereito internacional privado.

- Artigo 9. Competencia internacional.
- Artigo 10. Lei aplicable aos expedientes de xurisdición voluntaria nos casos internacionais.
- Artigo 11. Inscrición en rexistros públicos.
- Artigo 12. Efectos en España dos expedientes e actos de xurisdición voluntaria acordados por autoridades estranxeiras.

Capítulo II. Normas de tramitación.

- Artigo 13. Aplicación das disposicións deste capítulo.
- Artigo 14. Iniciación do expediente.
- Artigo 15. Acumulación de expedientes.
- Artigo 16. Apreciación de oficio da falta de competencia e doutros defectos ou omisións.
- Artigo 17. Admisión da solicitude e citación dos interesados.
- Artigo 18. Celebración da comparecencia.
- Artigo 19. Decisión do expediente.
- Artigo 20. Recursos.
- Artigo 21. Caducidade do expediente.
- Artigo 22. Cumprimento e execución da resolución que pon fin ao expediente.

Título II. Dos expedientes de xurisdición voluntaria en materia de persoas.

Capítulo I. Da autorización ou aprobación xudicial do recoñecemento da filiación non matrimonial.

- Artigo 23. Ámbito de aplicación.
- Artigo 24. Competencia, lexitimación e postulación.
- Artigo 25. Tramitación.
- Artigo 26. Resolución.

Capítulo II. Da habilitación para comparecer en xuízo e do nomeamento de defensor xudicial.

- Artigo 27. Ámbito de aplicación.
- Artigo 28. Competencia, lexitimación e postulación.
- Artigo 29. Efectos da solicitude.
- Artigo 30. Comparecencia e resolución.
- Artigo 31. Cesación do defensor xudicial e da habilitación para comparecer en xuízo.
- Artigo 32. Rendición de contas, escusa e remoción do defensor xudicial.

Capítulo III. Da adopción.

- Artigo 33. Competencia.
- Artigo 34. Carácter preferente e postulación.
- Artigo 35. Proposta da entidade pública e solicitude do adoptante.
- Artigo 36. Consentimento.
- Artigo 37. Asentimento e audiencia.
- Artigo 38. Citacións.
- Artigo 39. Tramitación.
- Artigo 40. Procedemento para a exclusión de funcións tutelares do adoptante e extinción da adopción.
- Artigo 41. Adopción internacional.
- Artigo 42. Conversión de adopción simple ou non plena en plena.

Capítulo IV. Da tutela, da curatela e da garda de feito.

Sección 1.^a Disposición común.

Artigo 43. Competencia e postulación.

Sección 2.^a Da tutela e da curatela.

- Artigo 44. Ámbito de aplicación.
- Artigo 45. Tramitación, resolución e recurso.
- Artigo 46. Prestación de fianza, aceptación e posesión do cargo.
- Artigo 47. Formación de inventario.
- Artigo 48. Retribución do cargo.
- Artigo 49. Remoción.
- Artigo 50. Escusa.
- Artigo 51. Rendición de contas.

Sección 3.^a Da garda de feito.

Artigo 52. Requirimento e medidas de control.

Capítulo V. Da concesión xudicial da emancipación e do beneficio da maioría de idade.

- Artigo 53. Competencia, lexitimación e postulación.
- Artigo 54. Solicitude.

Artigo 55. Tramitación e resolución.

Capítulo VI. Da protección do patrimonio das persoas con discapacidade.

Artigo 56. Ámbito de aplicación.

Artigo 57. Competencia, lexitimación e postulación.

Artigo 58. Solicitude, tramitación e resolución do expediente.

Capítulo VII. Do dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente.

Artigo 59. Ámbito de aplicación, competencia, lexitimación e postulación.

Artigo 60. Tramitación e resolución.

Capítulo VIII. Da autorización ou aprobación xudicial para a realización de actos de disposición, gravame ou outros que se refiran aos bens e dereitos de menores e de persoas con capacidade modificada xudicialmente.

Artigo 61. Ámbito de aplicación.

Artigo 62. Competencia, lexitimación e postulación.

Artigo 63. Solicitude.

Artigo 64. Tramitación.

Artigo 65. Resolución.

Artigo 66. Destino da cantidade obtida.

Capítulo IX. Da declaración de ausencia e falecemento.

Artigo 67. Ámbito de aplicación.

Artigo 68. Competencia, lexitimación e postulación.

Artigo 69. Defensor xudicial en caso de desaparición.

Artigo 70. Declaración de ausencia.

Artigo 71. Resolución e nomeamento de representante do ausente.

Artigo 72. Medidas provisionais.

Artigo 73. Práctica de inventario de bens.

Artigo 74. Declaración de falecemento.

Artigo 75. Feitos posteriores á declaración de ausencia ou falecemento.

Artigo 76. Constancia do falecemento do desaparecido.

Artigo 77. Comunicación ao Rexistro Civil.

Capítulo X. Da extracción de órganos de doadores vivos.

Artigo 78. Ámbito de aplicación e competencia.

Artigo 79. Solicitude e tramitación do expediente.

Artigo 80. Resolución.

Título III. Dos expedientes de xurisdición voluntaria en materia de familia.

Capítulo I. Da dispensa de impedimento matrimonial.

Artigo 81. Competencia, lexitimación e postulación.

Artigo 82. Solicitude.

Artigo 83. Tramitación e resolución.

Artigo 84. Testemuño.

Capítulo II. Da intervención xudicial en relación coa patria potestade.

Sección 1.^a Disposición común.

Artigo 85. Tramitación.

Sección 2.^a Da intervención xudicial nos casos de desacordo no exercicio da patria potestade.

Artigo 86. Ámbito de aplicación, competencia e lexitimación.

Sección 3.^a Das medidas de protección relativas ao exercicio inadecuado da potestade de garda ou de administración dos bens do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente.

Artigo 87. Ámbito de aplicación, competencia e lexitimación.

Artigo 88. Resolución.

Artigo 89. Actuación en casos de tutela.

Capítulo III. Da intervención xudicial nos casos de desacordo conxugal e na administración de bens gananciais.

Artigo 90. Ámbito de aplicación, competencia, postulación e tramitación.

Título IV. Dos expedientes de xurisdición voluntaria relativos ao dereito sucesorio.

Capítulo I. Da testamentaría.

Artigo 91. Ámbito de aplicación, competencia, postulación e tramitación.

Capítulo II. Dos contadores partidores dativos.

Artigo 92. Ámbito de aplicación, competencia, postulación e tramitación.

Capítulo III. Da aceptación e repudiación da herdanza.

Artigo 93. Ámbito de aplicación.

Artigo 94. Competencia, lexitimación e postulación.

Artigo 95. Resolución.

Título V. Dos expedientes de xurisdición voluntaria relativos ao dereito de obrigas.

Capítulo I. Da fixación do prazo para o cumprimento das obrigas cando proceda.

Artigo 96. Ámbito de aplicación.

Artigo 97. Competencia e postulación.

Capítulo II. Da consignación.

Artigo 98. Ámbito de aplicación, competencia e postulación.

Artigo 99. Tramitación.

Título VI. Dos expedientes de xurisdición voluntaria relativos aos dereitos reais.

Capítulo I. Da autorización xudicial ao usufrutuário para reclamar créditos vencidos que formen parte do usufruto.

Artigo 100. Ámbito de aplicación.

Artigo 101. Competencia e postulación.

Artigo 102. Solicitud.

Artigo 103. Tramitación e resolución.

Capítulo II. Do expediente de deslindamento de predios non inscritos.

Artigo 104. Ámbito de aplicación.

Artigo 105. Competencia, lexitimación e postulación.

Artigo 106. Solicitud e tramitación.

Artigo 107. Resolución.

- Título VII. Dos expedientes de poxas voluntarias.
- Artigo 108. Ámbito de aplicación.
 - Artigo 109. Competencia e postulación.
 - Artigo 110. Solicitude.
 - Artigo 111. Tramitación.
- Título VIII. Dos expedientes de xurisdición voluntaria en materia mercantil.
- Capítulo I. Da exhibición de libros das persoas obrigadas a levar contabilidade.
- Artigo 112. Ámbito de aplicación.
 - Artigo 113. Competencia e postulación.
 - Artigo 114. Tramitación.
 - Artigo 115. Forma de realizar a exhibición.
 - Artigo 116. Multas coercitivas.
- Capítulo II. Da convocatoria de xuntas xerais.
- Artigo 117. Ámbito de aplicación.
 - Artigo 118. Competencia, lexitimación e postulación.
 - Artigo 119. Tramitación.
- Capítulo III. Do nomeamento e revogación de liquidador, auditor ou interventor dunha entidade.
- Artigo 120. Ámbito de aplicación.
 - Artigo 121. Competencia, lexitimación e postulación.
 - Artigo 122. Tramitación.
 - Artigo 123. Resolución e aceptación do cargo.
- Capítulo IV. Da redución de capital social e da amortización ou alleamento das participacións ou accións.
- Artigo 124. Ámbito de aplicación, competencia e postulación.
- Capítulo V. Da disolución xudicial de sociedades.
- Artigo 125. Ámbito de aplicación.
 - Artigo 126. Competencia, lexitimación e postulación.
 - Artigo 127. Tramitación.
 - Artigo 128. Resolución.
- Capítulo VI. Da convocatoria da asemblea xeral de obrigacionistas.
- Artigo 129. Ámbito de aplicación.
 - Artigo 130. Competencia, lexitimación e postulación.
 - Artigo 131. Tramitación.
- Capítulo VII. Do roubo, furto, extravío ou destrución de título valor ou representación de partes de socio.
- Artigo 132. Ámbito de aplicación.
 - Artigo 133. Competencia, lexitimación e postulación.
 - Artigo 134. Denuncia do feito no caso de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais.
 - Artigo 135. Tramitación.

Capítulo VIII. Do nomeamento de perito nos contratos de seguro.

Artigo 136. Ámbito de aplicación.

Artigo 137. Competencia, lexitimación e postulación.

Artigo 138. Tramitación.

Título IX. Da conciliación.

Artigo 139. Procedencia da conciliación.

Artigo 140. Competencia.

Artigo 141. Solicitude.

Artigo 142. Admisión, sinalamento e citación.

Artigo 143. Efectos da admisión.

Artigo 144. Comparecencia ao acto de conciliación.

Artigo 145. Celebración do acto de conciliación.

Artigo 146. Testemuño e gastos.

Artigo 147. Execución.

Artigo 148. Acción de nulidade.

Disposición adicional primeira. Referencias contidas na lexislación.

Disposición adicional segunda. Réxime xurídico aplicable ao acollemento de menores.

Disposición adicional terceira. Inscrición nos rexistros públicos de documentos públicos estranxeiros.

Disposición adicional cuarta. Aranceis notariais e rexistrais.

Disposición adicional quinta. Modificacións e desenvolvementos regulamentarios.

Disposición adicional sexta. Non incremento do gasto.

Disposición transitoria primeira. Expedientes en tramitación.

Disposición transitoria segunda. Herdanzas ab intestato a favor da Administración pública.

Disposición transitoria terceira. Expedientes de poxas voluntarias.

Disposición transitoria cuarta. Expedientes de adopción e matrimoniais.

Disposición transitoria quinta. Matrimonios celebrados polas confesións relixiosas evanxélicas, xudías e islámicas e polas que obtivesen o recoñecemento de notorio arraigamento en España.

Disposición derogatoria única. Derrogación de normas.

Disposición derradeira primeira. Modificación de determinados artigos do Código civil.

Artigos modificados: 47, 48, 49, 51, 52, 53, 55, 56, 57, 58, 60, 62, 63, 65, 73, 81, 82, 83, 84, 87, 89, 90, 95, 97, 99, 100, 107, 156, 158, 167, 173, 176, 177, 181, 183, 184, 185, 186, 187, 194, 196, 198, 219, 249, 256, 259, 263, 264, 265, 299 bis, 300, 302, 314, 681, 689, 690, 691, 692, 693, 703, 704, 712, 713, 714, 718, 756, 834, 835, 843, 899, 905, 910, 945, 956, 957, 958, 1005, 1008, 1011, 1014, 1015, 1017, 1019, 1020, 1024, 1030, 1033, 1057, 1060, 1176, 1178, 1180, 1377, 1389, 1392 e 1442.

Disposición derradeira segunda. Modificación do Código de comercio.

Artigo modificado: 40.

Disposición derradeira terceira. Modificación de determinados artigos da Lei 1/2000, de auxizamento civil.

Artigos modificados: 8, 395, 525, 608, 748, 749, 758, 769, 777, 778 bis, 778 ter, 778 quáter, 782, 790, 791, 792, 802 e a disposición derradeira vixésimo segunda.

Disposición derradeira cuarta. Modificación da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil.

Artigos modificados: 58, 58 bis, 59, 60, 61, 67, 74, 78, disposición derradeira segunda, disposición derradeira quinta, disposición derradeira quinta bis, disposición derradeira décima.

Disposición derradeira quinta. Modificación da Lei 24/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España.

Artigo modificado: 7.

Disposición derradeira sexta. Modificación da Lei 25/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Comunidades Israelitas de España.

Modificación do título da lei.

Artigos modificados: 7 e disposición adicional cuarta.

Disposición derradeira sétima. Modificación da Lei 26/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Comisión Islámica de España.

Artigo modificado: 7.

Disposición derradeira oitava. Modificación da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

Artigos modificados: 20, 20 bis, 20 ter, 20 quáter, disposición adicional vixésimo terceira, disposición adicional vixésimo cuarta e disposición derradeira segunda.

Disposición derradeira novena. Modificación da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

Artigo modificado: 38.

Disposición derradeira décima. Modificación da Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e da modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade.

Artigo modificado: 5.

Disposición derradeira décimo primeira. Modificación da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado.

Título VII. Intervención dos notarios en expedientes e actas especiais.

Artigos modificados: 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83 e disposición adicional primeira.

Disposición derradeira décimo segunda. Modificación da Lei hipotecaria.

Artigo modificado: 14 e novo título IV bis. Da conciliación (artigo 103 bis).

Disposición derradeira décimo terceira. Modificación da Lei do 16 de decembro de 1954, de hipoteca mobiliaria e peñor sen desprazamento da posesión.

Artigos modificados: 86, 87, 88 e 89.

Disposición derradeira décimo cuarta. Modificación do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Artigos modificados: 139, 141, 169, 170, 171, 265, 266, 377, 380, 381, 389, 422 e 492.

Disposición derradeira décimo quinta. Modificación da Lei 211/1964, do 24 de decembro, sobre regulación da emisión de obrigacións por sociedades que non adoptasen a forma de anónimas, asociacións ou outras persoas xurídicas e a constitución do sindicato de obrigacionistas.

Artigo sexto.

Disposición derradeira décimo sexta. Modificación da disposición transitoria única da Lei 33/2006, do 30 de outubro, sobre igualdade do home e a muller na orde de sucesión dos títulos nobiliarios.

Modifica a disposición transitoria única.

Disposición derradeira décimo sétima. Modificación do texto refundido da Lei xeral para a defensa de consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado por medio do Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Artigos modificados: 19, 141 e 163.

Disposición derradeira décimo oitava. Modificación da Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

Modifica a letra e) do número 1 do artigo 4.

Disposición derradeira décimo novena. Gratuidade de determinados expedientes notariais e rexistrals.

Disposición derradeira vixésima. Título competencial.

Disposición derradeira vixésimo primeira. Entrada en vigor.

PREÁMBULO

I

A incorporación ao noso ordenamento xurídico dunha lei da xurisdición voluntaria forma parte do proceso xeral de modernización do sistema positivo de tutela do dereito privado iniciado hai agora máis dunha década. A disposición derradeira décimo oitava da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, encomendáballe ao Goberno a remisión ás Cortes Xerais dun proxecto de lei de xurisdición voluntaria, unha previsión legal vinculada coa construción dun sistema procesual avanzado e homologable ao existente noutros países.

Coa Lei da xurisdición voluntaria dáse unha maior coherencia sistemática e racionalidade ao noso ordenamento xurídico procesual. En efecto, o lugar central da Lei de axuizamento civil no noso sistema de xustiza, como norma encargada da ordenación completa do proceso civil e de dar plenitude ao sistema procesual no seu conxunto, é dificilmente compatible co mantemento no seu articulado dalgunhas materias que merecían un tratamento legal diferenciado, por moito que o seu coñecemento correspondese aos tribunais civís.

Entre esas materias encóntrase, de forma pacificamente aceptada, a xurisdición voluntaria. A súa regulación dentro da Lei de axuizamento civil, como ocorreu en España desde 1855, era froito máis ben da vocación recompiladora do noso dereito histórico que o resultado da aplicación ao ámbito xurídico-procesual de determinadas categorías conceptuais. Por esa razón agora óptase, o mesmo que na maioría das nacións da nosa contorna, por separar a xurisdición voluntaria da regulación procesual común, manténdose entre elas as relacións naturais de especialidade e subsidiariedade que se producen entre normas dentro de calquera sistema xurídico complexo.

A súa regulación nunha lei independente supón, ao mesmo tempo, o recoñecemento da autonomía conceptual da xurisdición voluntaria dentro do conxunto de actividades xurídico-públicas legalmente atribuídas aos tribunais de xustiza.

II

A Lei da xurisdición voluntaria non se xustifica só como un elemento máis dentro dun plan de racionalización do noso ordenamento procesual civil. Tampouco como unha simple canle de homologación lexislativa con outras nacións. A Lei da xurisdición voluntaria debe ser destacada, ademais, como contribución singular á modernización dun sector do noso dereito que non mereceu tan detida atención por parte do lexislador ou dos autores como outros ámbitos da actividade xudicial, pero no cal están en xogo intereses de gran relevancia dentro da esfera persoal e patrimonial das persoas.

Esta lei é, noutras palabras, a resposta á necesidade dunha nova ordenación legal, adecuada, razoable e realista da xurisdición voluntaria. Na normativa anterior non era difícil advertir a pegada do tempo, con defectos de regulación e normas obsoletas ou sen o adecuado rigor técnico. As reformas parciais experimentadas neste tempo non evitaron que pervivisen disposicións pouco harmónicas con institucións orgánicas e procesuais vixentes máis modernas, o que constituíu un obstáculo para acadar a eficacia que se espera de todo instrumento legal que debe servir como canle de intermediación entre o cidadán e os poderes públicos.

A Lei da xurisdición voluntaria aproveita a experiencia dos operadores xurídicos e a doutrina emanada dos tribunais e dos autores para ofrecer ao cidadán medios efectivos e sinxelos que faciliten a obtención de determinados efectos xurídicos dunha forma pronta e con respecto de todos os dereitos e intereses implicados.

III

O interese do cidadán ocupa un lugar central entre os obxectivos desta lei. Ao longo do seu articulado establécense instrumentos sinxelos, efectivos e adecuados á realidade social a que se aplican, no caso de que requiran a intervención dos tribunais de xustiza a través de calquera dos actos de xurisdición voluntaria.

Este único argumento xustificaría a procedencia de calquera reforma legal que afecte a xustiza e os seus órganos, pois a actividade destes, como todo labor público en que estea en xogo a existencia ou efectividade de dereitos subxectivos, debe ser apta para lograr o efecto que se desexa por medios que non xeren insatisfacción ou frustración entre os interesados. De aí que a Lei da xurisdición voluntaria lles facilite aos cidadáns unha regulación legal sistemática, ordenada e completa dos diferentes expedientes que se conteñen nela, actualizando e simplificando as normas relativas á súa tramitación, tratando de optar pola canle menos custosa e máis rápida, desde o respecto máximo das garantías e da seguridade xurídica, e tomando especial coidado na ordenación adecuada dos seus actos e institucións.

Trátase, desta maneira, de regular os expedientes de xurisdición voluntaria de forma que o cidadán se vexa amparado co grao de efectividade que demanda unha sociedade cada vez máis consciente dos seus dereitos e cada vez máis exixente cos seus órganos públicos. En ocasións, o obxectivo anterior conséguese cunha simple posta ao día das actuacións que compoñen un determinado expediente. Noutras, o dito obxectivo búscase desde a simplificación, conxunción e harmonización dos seus preceptos con outros integrados en normas procesuais ou substantivas. En especial, tómase particular coidado en adaptar a regulación dos expedientes de xurisdición voluntaria aos principios, preceptos e normas xerais contidos na Lei de axuízamento civil, para evitar con isto problemas de interpretación e dar resposta a algunhas lagoas legais e aporías.

Esta lei elaborouse ao mesmo tempo que outras reformas e afectou as mesmas normas, como as leis de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, que darán unha nova regulación, entre outras cuestións, ao acollemento e á adopción de menores. Isto obriga a coordinar o contido destas leis.

Tamén se busca a adaptación á Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, feita en Nova York o 13 de decembro de 2006, que afecta a nova terminoloxía, na cal se abandona o emprego dos termos incapaz ou incapacitación que se substitúen pola referencia ás persoas cuxa capacidade está modificada xudicialmente.

IV

Ao operar como canle de actuación e de efectividade de determinados dereitos regulados no Código civil, no Código de comercio e na lexislación especial de dereito privado, non é difícil deducir o carácter adxectivo ou auxiliar da xurisdición voluntaria, aínda que con diferenzas substanciais con respecto á xurisdición en sentido propio.

A xurisdición voluntaria vincúlase coa existencia de supostos en que se xustifica o establecemento de limitacións á autonomía da vontade no ámbito do dereito privado, que impiden obter un determinado efecto xurídico cando a transcendencia da materia afectada, a natureza do interese en xogo ou a súa incidencia no estatuto dos interesados ou afectados así o xustifiquen. Ou, tamén, coa imposibilidade de contar co concurso das vontades individuais precisas para constituír ou dar eficacia a un determinado dereito.

A virtualidade de tales efectos require a actuación do xuíz, en atención á autoridade que o titular da potestade xurisdicional merece como intérprete definitivo da lei, imparcial, independente e esencialmente desinteresado nos asuntos que ante ela se dilucidan. Circunstancia que os fai especialmente aptos para un labor en que está en xogo a esfera dos dereitos dos suxeitos.

Non obstante, resulta constitucionalmente admisible que, en virtude de razóns de oportunidade política ou de utilidade práctica, a lei lles encomende a outros órganos públicos, diferentes dos órganos xurisdicionais, a tutela de determinados dereitos que ata o momento actual estaban incardinados na esfera da xurisdición voluntaria e que non afectan directamente dereitos fundamentais ou supoñen afectación de intereses de menores ou persoas que deben ser especialmente protexidas, e así se fixo na presente lei.

V

Precisamente sobre a base da experiencia aplicativa do noso sistema de xurisdición voluntaria, e desde a ponderación da realidade da nosa sociedade e dos diferentes instrumentos existentes nela para a actuación dos dereitos, non é novo o debate sobre se sería pertinente manter neste campo a exclusividade dos tribunais de xustiza –e, dentro deles, do persoal xurisdicente–, ou se sería preferible encomendar o seu coñecemento a outros órganos e funcionarios públicos.

Na procura dunha resposta idónea ás cuestións anteriores, a Lei da xurisdición voluntaria, conforme coa experiencia doutros países, pero tamén atendendo ás nosas concretas necesidades, e na busca da optimización dos recursos públicos dispoñibles, opta por atribuír o coñecemento dun número significativo dos asuntos que tradicionalmente se incluían baixo a rúbrica da xurisdición voluntaria a operadores xurídicos non investidos de potestade xurisdicional, tales como secretarios xudiciais, notarios e rexistradores da propiedade e mercantís, compartindo con carácter xeral a competencia para o seu coñecemento. Estes profesionais, que unen a condición de xuristas e de titulares da fe pública, reúnen sobrada capacidade para actuar, con plena efectividade e sen mingua de garantías, nalgúns dos actos de xurisdición voluntaria que ata agora se lles encomendaban aos xuíces. Aínda que a máxima garantía dos dereitos da cidadanía vén dada pola intervención dun xuíz, a desxudicialización de determinados supostos de xurisdición voluntaria sen contido xurisdicional, nos cales predominan os elementos de natureza administrativa, non pon en risco o cumprimento das garantías esenciais de tutela dos dereitos e intereses afectados.

A solución legal dada é acorde cos postulados de nosa Carta Magna e, ademais, oportuna en atención a diferentes factores. O prestixio adquirido ao longo dos anos por estes corpos de funcionarios entre os cidadáns é un elemento que axuda a despexar calquera incógnita sobre a súa aptitude para intervenir na tutela administrativa de

determinados dereitos privados, como protagonistas principais que son do noso sistema de fe pública e garantes da seguridade xurídica, sen esquecer o feito de que moitos dos actos de xurisdición voluntaria teñen por obxecto obter a certeza sobre o estado ou modo de ser de determinados negocios, situacións ou relacións xurídicas que os ditos profesionais están en inmejorable condición para aprecialos adecuadamente.

Xunto co anterior, a consideración dos recursos organizativos persoais e medios materiais postos na actualidade á súa disposición, así como do elevado grao de modernización e especialización que alcanza hoxe a Administración pública, profesionalizada e rexida polos principios de obxectividade, eficacia e interdicción da arbitrariedade, e suxeita á lei e ao dereito por mandato constitucional, xustifican igualmente a aposta pola desxudicialización de certas materias que ata agora eran atribuídas a xuíces e maxistrados. Isto último pon de relevo que hoxe perderon vixencia algunhas das razóns que xustificaron historicamente a atribución da xurisdición voluntaria, en réxime de exclusividade, aos xuíces; pois, xunto a eles, as sociedades avanzadas contan na actualidade con outras opcións viables para a efectividade dos dereitos privados cando para isto se requira a intervención ou mediación de órganos públicos.

VI

Da separación de determinados asuntos do ámbito competencial dos xuíces e maxistrados só cabe esperar, pois, beneficios para todos os suxeitos implicados na xurisdición voluntaria: para o cidadán, na medida en que isto debe ter como consecuencia, cando precise a actuación do Estado para a actuación dun determinado dereito, unha maior efectividade dos seus dereitos sen perda de garantías; para secretarios xudiciais, notarios e rexistradores da propiedade e mercantís, pola nova dimensión que se lles dá como servidores públicos, consecuente coa súa real cualificación técnica e co papel relevante que desempeñan no tráfico xurídico; e, en último termo, para xuíces e maxistrados, que poden centrar os seus esforzos no cumprimento da esencial misión que a Constitución lles encomenda, como exclusivos titulares da potestade xurisdiccional e garantes últimos dos dereitos das persoas.

A distribución dos asuntos entre estes profesionais realizouse seguindo criterios de racionalidade, buscando desde o primeiro momento o máximo consenso cos colectivos implicados, con vontade de permanencia no tempo, adaptándose á actual realidade social, plenamente garantista na realización dos dereitos e intereses dos afectados, co fin de dar resposta, tamén nesta parcela do ordenamento, ao desafío dunha xustiza máis moderna e eficaz.

O obxectivo trazado no plan inicial era asignar cada materia a aquel operador xurídico a quen, pola súa proximidade material ou por garantir unha resposta máis pronta ao cidadán, era aconsellable que se fixese cargo do seu coñecemento; ou a aquel a quen, en virtude da natureza do interese ou do dereito en xogo, lle fose constitucionalmente exixible encargarse da tramitación da dita materia.

Non obstante, finalmente optouse, con carácter xeral, pola alternatividade entre diferentes profesionais en determinadas materias específicas que se esgazan da órbita da autoridade xudicial. Establécense competencias compartidas entre secretarios xudiciais, notarios ou rexistradores, o que é posible atendendo a que son funcionarios públicos e ás funcións que desempeñan: os secretarios xudiciais e os notarios son titulares da fe pública xudicial ou extraxudicial, e os rexistradores teñen un coñecemento directo e especializado no ámbito do dereito de propiedade e no mercantil, en concreto en sociedades.

A facultade que con isto teñen os cidadáns de acudir a diferentes profesionais en materias que tradicionalmente quedaban reservadas ao ámbito xudicial só se pode interpretar como unha ampliación dos medios que esta lei pon á súa disposición para garantir os seus dereitos. Constitúe unha garantía para o cidadán, que ve optimizada a atención que se lle presta, ao poder valorar as distintas posibilidades que se lle ofrecen para elixir aquela máis acorde cos seus intereses. Ningún aspecto dos cidadáns se verá prexudicado dado que poden acudir ao secretario xudicial, facendo uso dos medios que a

Administración de xustiza pon á súa disposición, ou ao notario ou rexistrador, caso en que deberán aboar os aranceis correspondentes.

A reforma establece, cun criterio de prudencia dada a procedencia destes expedientes do ámbito xudicial, certos límites ao principio de libre elección do notario por parte do requirente, ao establecer criterios de competencia territorial que teñen unha conexión razoable cos elementos persoais ou reais do expediente. Non obstante, avánzase cara a unha maior flexibilización das regras competenciais respecto das vixentes actualmente no ámbito xudicial.

VII

Polo que se refire aos expedientes que se manteñen no seo da Administración de xustiza, o criterio seguido pola Lei da xurisdición voluntaria é o de outorgar o impulso e a dirección dos expedientes aos secretarios xudiciais, e atribuírlles ao xuíz ou ao propio secretario xudicial, segundo o caso, a decisión de fondo que recaía sobre aqueles e as demais resolucións que expresamente se indiquen por medio desta lei. Resérvase a decisión de fondo ao xuíz daqueles expedientes que afectan o interese público ou o estado civil das persoas, os que precisan unha específica actividade de tutela de normas substantivas, os que poden deparar actos de disposición ou de recoñecemento, creación ou extinción de dereitos subxectivos ou cando estean en xogo os dereitos de menores ou persoas con capacidade modificada xudicialmente, na nova terminoloxía á cal xa se fixo referencia. Desta forma, o xuíz é o encargado de decidir, como regra xeral, os expedientes de xurisdición voluntaria en materia de persoas e de familia, e tamén algún dos expedientes en materia mercantil e de dereito de obrigas e sucesorio que non se encomendan a secretarios xudiciais, notarios ou rexistradores.

VIII

Os secretarios xudiciais asumen, como se sinalou, un papel acorde coas funcións procesuais que se lles atribúen tras a entrada en vigor da Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial. Desta maneira, materialízase a previsión contida no artigo 456 da Lei orgánica do poder xudicial, que lle outorga competencias ao secretario xudicial en materia de xurisdición voluntaria cando así o prevexan as leis procesuais, que dá resposta á recomendación contida en diferentes documentos oficiais (a Recomendación do Consello de Europa de 1986, o Libro branco da xustiza, elaborado no seo do Consello Xeral do Poder Xudicial en 1997, ou o Pacto de Estado para a reforma da xustiza, suscrito polos principais grupos parlamentarios o 28 de maio de 2001). Esta habilitación legal, porén, débese facer compatible coas importantes funcións que teñen de dirección procesual dos procedementos civís e coa xefatura da oficina xudicial que tamén lles corresponde. Por isto, procurouse que a atribución de competencias aos secretarios xudiciais en materia de xurisdición voluntaria non se faga á custa de prexudicar o exercicio das outras importantes misións que por lei lles corresponden; tomarase especial coidado de que se fagan cargo da decisión dos expedientes onde mellor e máis eficazmente poden servir aos intereses dos cidadáns.

En primeiro lugar, incumbiralle ao secretario xudicial impulsar o expediente de xurisdición voluntaria dentro das súas funcións de dirección técnica procesual, así como ditar as resolucións interlocutorias que sexan precisas. Para o desempeño deste labor contan coa posibilidade legal, expresamente prevista no artigo 438.3 e 5 da Lei orgánica do poder xudicial, de utilizar os servizos comúns das oficinas xudiciais.

Así mesmo, o secretario xudicial vaise encargar da decisión dalgúns expedientes nos cales se pretende obter a constancia fidedigna sobre o modo de ser dun determinado dereito ou situación xurídica, e sempre que non implique recoñecemento de dereitos subxectivos: cumpren estas condicións o nomeamento de defensor xudicial ou a declaración de ausencia e de falecemento –entre os expedientes en materia de persoas–.

Aos notarios e aos rexistradores da propiedade e mercantís encoméndaselles o coñecemento daquelas materias onde o seu grao de preparación e a súa experiencia técnica favorecen a efectividade dos dereitos e a obtención da resposta máis pronta para

o cidadán. A súa participación como órgano público responsable, no caso dos notarios, ten lugar na maioría dos actos de carácter testamentario sucesorio, como a declaración de herdeiros ab intestato ou a adverbación e protocolización dos testamentos, pero tamén realizando os ofrecementos de pagamento ou admitindo depósitos e procedendo á venda dos bens depositados.

Como os secretarios xudiciais e os notarios son titulares da fe pública xudicial ou extraxudicial, atribúeselles, de forma concorrente, a tramitación e a resolución de determinados expedientes de sucesións, a consignación de débedas pecuniarias e tamén as poxas voluntarias.

Prodúcese igualmente a concurrencia no ámbito mercantil. A intervención do rexistrador mercantil, xunto ao secretario xudicial, xustifícase pola especialidade material destes expedientes, onde asume un relevante protagonismo.

Loxicamente, en todos os supostos en que se establece unha competencia concorrente entre varios operadores xurídicos, iniciada ou resolta definitivamente unha actuación por un deles non será posible a iniciación ou continuación doutro expediente con idéntico obxecto ante outro.

Non obstante, na medida en que a presente Lei da xurisdición voluntaria desxudicializa e lles encomenda aos notarios e aos rexistradores da propiedade e mercantís determinados expedientes en exclusividade, prevese que os cidadáns que teñan que acudir a eles poidan obter o dereito de xustiza gratuítas para evitar situacións de imposibilidade de exercicio dun dereito, que ata agora era gratuítas, por falta de medios.

IX

É oportuno realizar algunha consideración máis acerca da posición que ocupa esta lei dentro do sistema de tutela do dereito privado, así como sobre a súa estrutura interna. Como parte dese aludido plan de racionalización e modernización do ordenamento xurídico, a Lei da xurisdición voluntaria opera como norma xeral no seu específico ámbito de regulación. Isto garante a plenitude do sistema, así como a existencia de norma aplicable en todo caso, e evita a produción de lagoas.

A Lei da xurisdición voluntaria contén as normas comúns para a tramitación dos expedientes desta natureza regulados polas leis, cuxo coñecemento se atribúe ao xuíz ou ao secretario xudicial, dando así coherencia interna ao seu articulado. Isto outórgalle análoga vocación codificadora á que no seu momento correspondeu, «mutatis mutandis», á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, en relación coa denominada xurisdición contenciosa. Razoablemente tamén, aqueles actos que, coa nova regulación, quedan fóra do ámbito competencial dos tribunais de xustiza régulanse extramuros desta lei, noutras normas dentro do ordenamento xurídico ás cales se dá nova redacción nas súas disposicións derradeiras.

Respecto aos seus trazos característicos xerais, a Lei da xurisdición voluntaria parte da regulación dunha serie de normas comúns, atinentes ao seu ámbito de aplicación, presupostos procesuais do órgano xudicial e das partes, e á tramitación do expediente. Estas normas dan forma a un procedemento xeral de xurisdición voluntaria, de aplicación subsidiaria a cada un dos expedientes no non especificamente establecido por cada unha das regulacións particulares.

En ocasións, para evitar duplicidades na regulación de determinadas materias, a lei remítase á lexislación civil ou mercantil cando nela se regula un determinado expediente. Trátase dunha solución plenamente respectuosa coa realidade do noso ordenamento xurídico, pois, en efecto, a ordenación dalgunhas institucións de dereito privado explicita os riscos esenciais do procedemento para obter o concreto efecto xurídico a que aquela se refire. Esta solución é menos perturbadora que outras, considerando que a oposta –que consistiría en trasladar todas esas normas desde a lei substantiva a esta lei– implicaría deixar baleiros de contido numerosos preceptos do Código civil ou outras normas do noso ordenamento xurídico. A prudencia, que sempre debe presidir toda reforma legal, obriga a optar polo mantemento dalgunhas destas normas na súa sede actual, sen prexuízo de que, no futuro, razóns de política lexislativa poidan aconsellar outras posibles solucións.

X

A distribución dos actos de xurisdición voluntaria entre diferentes operadores xurídicos reflíctese tamén na estrutura desta lei. O criterio que se segue é, por razóns de sistemática lexislativa, extraer do seu articulado a regulación de todos aqueles expedientes cuxa tramitación se mantén fóra da Administración de xustiza, coa consecuencia de que tan só se regularán no seu seo os actos da competencia do xuíz ou do secretario xudicial.

Pola súa banda, os expedientes encargados aos notarios e aos rexistradores régulanse, respectivamente, na lexislación notarial e hipotecaria. Para tal efecto, as disposicións derradeiras da presente lei introducen as modificacións correspondentes da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado, para incorporar a tramitación procedemental dos expedientes que se lles encomendan. O texto refundido da Lei hipotecaria (aprobada polo Decreto do 8 de febreiro de 1946) non se modifica nesta lei, salvo o que se refire ao artigo 14 no que se explica máis adiante, senón polas normas de posta en práctica do informe da Comisión para a Reforma das Administracións Públicas, aprobado polo Consello de Ministros do 21 de xuño de 2013, atendendo, neste caso, á relevancia que ten a inaprazable coordinación entre o Catastro e o Rexistro e o establecemento da regulación dun sistema de comunicación bidireccional entre ambas as institucións.

Feita esta precisión, débese sinalar que os preceptos da Lei da xurisdición voluntaria se integran en títulos e estes, pola súa vez, en capítulos e, ocasionalmente, en seccións.

No seu título preliminar, baixo a rúbrica «Disposicións xerais», contéñense normas sobre o seu ámbito de aplicación, competencia obxectiva, lexitimación e postulación, intervención do Ministerio Fiscal, e o criterio xeral sobre práctica da proba, entre outras relevantes previsións. A lei define o seu ámbito de aplicación sobre unha base puramente formal, sen doutrinarismos, entendendo que só serán de aplicación os preceptos que a conforman aos expedientes de xurisdición voluntaria que, estando legalmente previstos, requiran a intervención dun órgano xurisdiccional en materia de dereito civil e mercantil, sen que exista controversia que se deba substanciar nun proceso contencioso, fórmula que facilita a determinación do dito ámbito. A competencia obxectiva atribúeselles xenericamente aos xulgados de primeira instancia ou do mercantil, de ser o caso, pero a designación do suxeito a quen corresponde a resolución dentro do órgano determínase nas normas particulares de cada expediente.

En canto á postulación e defensa, a lei non establece un criterio xeral e deixa o carácter preceptivo da intervención de avogado e procurador a cada caso concreto. Destaca, igualmente, a incorporación dunha norma xeral que regula os efectos da pendencia dun expediente de xurisdición voluntaria, conforme coa cal se impide a tramitación simultánea ou sucesiva de dous ou máis expedientes con idéntico obxecto e se lle dá preferencia ao primeiro que se iniciou. Ao mesmo tempo, négaselle á resolución do expediente eficacia impeditiva sobre os procesos xurisdiccionais posteriores que se formulen con idéntico obxecto e, de forma equivalente, de acreditarse a pendencia dun expediente de xurisdición voluntaria sobre o mesmo obxecto acerca do que existe demanda interposta, procederase ao arquivamento do expediente.

En canto aos seus efectos económicos, os gastos ocasionados por un expediente de xurisdición voluntaria serán por conta do solicitante, salvo que a lei dispoña outra cousa. Descártase, de forma razoable, a translación a este ámbito do criterio xeral obxectivo ou do vencemento do proceso civil dado que, pola natureza deste tipo de peticións, non cabe entender a existencia de vencedores nin vencidos no expediente.

Os dous capítulos que integran o título I regulan, respectivamente, as normas de dereito internacional privado da lei (nas cales se establece o criterio xeral de competencia internacional para coñecer dos expedientes, a remisión ás normas de conflito de dereito internacional privado, así como normas específicas para o recoñecemento e eficacia en España dos actos de xurisdición voluntaria acordados por autoridades estranxeiras), e as normas procedementais xerais, aplicables a todos os expedientes desta lei no non establecido polas súas normas específicas. Con relación a isto segundo, régúlase o expediente adoptándose un punto de vista dinámico, desde a súa iniciación ata a súa decisión, e inclúense normas sobre acumulación de expedientes, tratamento procesual da

competencia, admisión da solicitude e situación dos interesados, celebración da comparecencia oral, decisión do expediente e réxime de recursos, materia esta última en que a lei se remite ao establecido, con carácter xeral, pola Lei de axuízamento civil. Cuestión que cómpre destacar é que, salvo que a lei expresamente o prevexa, a formulación de oposición por algún dos interesados non fará contencioso o expediente nin impedirá que continúe a súa tramitación ata que sexa resolto. A lei establece que a oposición á remoción da tutela ou á adopción fai contencioso o procedemento.

O título II regula os expedientes de xurisdición voluntaria en materia de persoas: en concreto, o ordenado a obter a autorización xudicial do recoñecemento da filiación non matrimonial, o de habilitación para comparecer en xuízo e o nomeamento do defensor xudicial –estes dous atribúenselle ao secretario xudicial–, así como a adopción e as cuestións relativas á tutela, á curatela e á garda de feito. Este título inclúe tamén os expedientes de concesión xudicial da emancipación e do beneficio da maioría de idade, a adopción de medidas de protección do patrimonio das persoas con discapacidade ou a obtención de aprobación xudicial do consentimento prestado ás intromisións lexítimas no dereito á honra, á intimidade ou á propia imaxe de menores ou persoas con capacidade modificada xudicialmente. Dentro deste mesmo título regúlase tamén a obtención de autorización ou aprobación xudicial para realizar actos de disposición, gravame ou outros que se refiran aos bens ou dereitos de menores ou persoas con capacidade modificada xudicialmente e, por último, o procedemento para a constatación da concorrencia do consentimento libre e consciente do doador e demais requisitos exixidos para a extracción e o transplante de órganos dun doador vivo, de maneira concordante coa lexislación interna e internacional aplicable. O acollemento de menores está regulado por separado en previsión dunha futura desxudicialización do procedemento.

Procedeuse a modificar o sistema legal actual de declaración de falecemento, para prever un expediente de carácter colectivo e inmediato, para todas aquelas persoas respecto ás cales se acredite que se encontraban a bordo dunha nave ou aeronave cuxo sinistro se verificase, tratando de dar mellor solución aos problemas e ás incidencias que se producen aos familiares de residentes en España que en calquera lugar do mundo se vexan involucrados nun sinistro do cal se poida colixir a certeza absoluta da súa morte. A lexitimación outórgaselle unicamente ao Ministerio Fiscal, dada a especialidade do suposto, e establécese un réxime de competencia distinto segundo o sinistro ocorra en España ou fóra.

O título III contén os expedientes de xurisdición voluntaria en materia de familia e, dentro deles, a dispensa do impedimento de morte dolosa do cónxuxe anterior, que ata agora lle correspondía ao ministro de Xustiza, e o de parentesco para contraer matrimonio, o de intervención xudicial en relación coa adopción de medidas específicas para o caso de desacordo no exercicio da patria potestade ou para o caso de exercicio inadecuado da potestade de garda ou de administración dos bens do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente, e tamén un expediente para os casos de desacordo conxugal e na administración de bens gananciais. Tamén se eliminou a dispensa matrimonial de idade, ao elevala de 14 a 16 anos, de acordo coa proposta realizada polos ministerios de Xustiza e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

O título IV regula os expedientes de xurisdición voluntaria que se atribúen aos órganos xurisdicionais en materia de dereito sucesorio: por unha banda, os que se reservan ao ámbito xudicial, como a rendición de contas da testamentearía, as autorizacións de actos de disposición ao testamenteiro ou a autorización ou aprobación da aceptación ou repudiación da herdanza nos casos determinados pola lei; e, por outra, os que serán a cargo do secretario xudicial con competencia compartida cos notarios, como a renuncia ou prórroga do cargo de testamenteiro ou contador partidor, a designación deste e a aprobación da partición da herdanza realizada polo contador partidor dativo. Dos demais expedientes de dereito sucesorio fanse cargo, como vimos, os notarios.

O título V recolle os expedientes relativos ao dereito de obrigas, en concreto, para a fixación do prazo para o cumprimento das obrigas cando proceda, do cal coñecerá o xuízo, e a consignación xudicial a cargo do secretario xudicial.

O título VI refírese aos expedientes de xurisdición voluntaria relativos aos dereitos reais, constituídos pola autorización xudicial ao usufrutuário para reclamar créditos vencidos que formen parte do usufruto, e polo expediente de deslindamento sobre predios que non estivesen inscritos no Rexistro da Propiedade, que será a cargo do secretario xudicial.

O título VII inclúe a regulación das poxas voluntarias, que realizará o secretario xudicial de forma electrónica.

O título VIII incorpora os expedientes en materia mercantil atribuídos aos xuíces do mercantil: exhibición de libros por parte dos obrigados a levar contabilidade e disolución xudicial de sociedades. Xunto con eles regúlanse aqueles que son atribuídos aos secretarios xudiciais, cuxo coñecemento compartirán cos rexistradores mercantís, como a convocatoria das xuntas xerais ou da asemblea xeral de obrigacionistas, a redución de capital social, amortización ou alleamento das participacións ou accións, ou o nomeamento de liquidador, auditor ou interventor. Tamén se inclúen os expedientes de roubo, furto, extravío ou destrución de título valor ou representación de partes de socio e o nomeamento de perito nos contratos de seguro, cuxa competencia tamén está atribuída aos notarios.

Por último, no título IX contense o réxime xurídico do acto de conciliación de forma completa, e trasládase e actualízase a esta lei o ata agora establecido na anterior Lei de axuízamento civil, sen prexuízo de que, en exercicio da súa autonomía da vontade, as persoas teñan a posibilidade de obter acordos naqueles asuntos do seu interese de carácter dispoñible, a través doutras canles, pola súa soa actuación ou mediante a intervención doutros intermediarios ou operadores xurídicos, como os notarios ou os rexistradores.

XI

Como colofón, xunto coa disposición derogatoria xeral e coas disposicións adicionais sobre as modificacións e desenvolvementos regulamentarios requiridos por esta lei, incorpóranse en disposicións derradeiras as modificacións pertinentes do Código civil, do Código de comercio, da Lei de axuízamento civil, da Lei de Rexistro Civil, da Lei de notariado, da Lei hipotecaria, da Lei de hipoteca mobiliaria e peñor sen desprazamento da posesión, ademais da necesaria modificación da Lei de patrimonio das administracións públicas, da Lei do contrato de seguros, da Lei de sociedades de capital, da Lei de protección patrimonial das persoas con discapacidade e da Lei pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

A modificación do Código civil ten por obxecto a adaptación de moitos dos seus preceptos ás novas previsións contidas nesta lei, ao tempo que se introducen modificacións que afectan a determinación da concorrencia dos requisitos para contraer matrimonio e a súa celebración, así como a regulación da separación ou divorcio de mutuo acordo dos cónxuxes sen fillos menores de idade fóra do ámbito xudicial, ao atribuírlles ao secretario xudicial e ao notario as funcións que ata agora lle correspondían ao xuíz e que tamén comportan unha reforma da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, da Lei de axuízamento civil e da Lei do notariado.

Tamén se introduce, por considerarse necesaria a súa adaptación á nova realidade social e ao desenvolvemento legislativo no ámbito penal, unha nova regulación das causas de indignidade para herdar, así como para ser testemuña no outorgamento dos testamentos.

Moi importante é tamén a nova regulación que da acta ou expediente previo á celebración do matrimonio recolle o Código civil, ao encomendarlle a súa tramitación ao secretario xudicial, ao notario, ao encargado do Rexistro Civil ou ao cónsul ou funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil no estranxeiro, ao tempo que a celebración deste poderá ter lugar ante o secretario xudicial, notario, funcionario diplomático ou consular, xuíz de paz e alcalde ou concelleiro en quen este delegue. Todo isto enmárcase igualmente no proceso de diversificación dos elementos persoais ante os cales se leva a efecto a autorización de determinados actos, que permite a concentración

da Administración de xustiza ao labor fundamental que a Constitución lle atribúe de xulgar e executar o xulgado.

As modificacións en materia de matrimonio tamén comportan axustes que se realizan na Lei 24/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España; na Lei 25/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Comunidades Israelitas de España, e na Lei 26/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Comisión Islámica de España. Ademais, en relación coa Lei 25/1992, do 10 de novembro, aténdese a petición dirixida por esta federación para que a súa denominación pase a ser a de Federación de Comunidades Xudías de España.

Igualmente, e en atención ao pluralismo relixioso existente na sociedade española, e tendo en conta que na actualidade foron recoñecidas coa declaración de notorio arraigamento, recoñéceselles no Código civil a estes colectivos o dereito a celebrar matrimonio relixioso con efectos civís, equiparándose ao resto de confesións que xa disfrutaban desta realidade.

Na Lei do notariado prevense as reformas derivadas das novas atribucións outorgadas ao notario e cómpre destacar a previsión para reclamar notarialmente débedas pecuniarias que resulten non contraditas e que permiten lograr unha carta de pagamento voluntaria ou a formación, mediante un expediente, dun título executivo extraxudicial ao cal o debedor poderá opoñer, en vía xudicial, non só o pagamento senón todas aquelas causas establecidas no artigo 557 da Lei de axuizamento civil. Non é un procedemento monitorio ou de pequena contía senón que se segue a técnica do Regulamento (CE) n.º 805/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril, polo que se establece un título executivo europeo para créditos non impugnados; quedan excluídas as reclamacións nas cales interveña un consumidor ou usuario de servizos, ou as derivadas da Lei de propiedade horizontal polas especialidades que concorren nelas, así como as materias indispoñibles por razón da súa materia. Considérase que esta nova vía para a reclamación de cantidades líquidas xa vencidas e non pagadas pode contribuír de forma notable a unha importante diminución do volume de asuntos que ingresa anualmente nos xulgados, ao constituírse como unha alternativa á reclamación das débedas en vía xudicial.

As reformas do Código civil e da Lei do notariado derivadas das modificacións en materia de sucesións e, en especial, o que se refire a títulos sucesorios, levaron tamén a modificar a Lei de patrimonio das administracións públicas. Neste caso, para recoñecerlle á Administración pública a facultade de declaración de herdeiro ab intestato, a favor da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou doutros organismos, materia que tamén se desxudicializa, suprimíndose a tradicional repartición en tres partes do haber hereditario e establecendo que unha delas será ingresada no Tesouro Público e as outras dúas para asistencia social. Isto xustifica tamén a reforma do artigo 14 da Lei hipotecaria para recoñecer como título da sucesión hereditaria, para os efectos do Rexistro, xunto co testamento e co contrato sucesorio, a acta de notoriedade para a declaración de herdeiros ab intestato, a declaración administrativa de herdeiro ab intestato a favor do Estado ou das comunidades autónomas e o certificado sucesorio europeo.

XII

A modificación da Lei de axuizamento civil serve tamén para actualizar o procedemento para o retorno dos menores nos casos de subtracción internacional co obxecto de asegurar unha mellor protección do menor e dos seus dereitos. Esta reforma revisa a opción legislativa consistente en manter esta materia dentro do campo da xurisdición voluntaria e fóra do ámbito propio dos procesos contenciosos de familia, xa que se trata de procesos que pouco teñen que ver coas normas relativas á xurisdición voluntaria. Por este motivo, abórdase agora a súa regulación como un proceso especial e con substantividade propia, a continuación dos procesos matrimoniais e de menores na Lei de axuizamento civil. A reforma tamén moderniza este procedemento, no cal se introducen melloras substanciais, e inclúe as medidas cautelares e as comunicacións directas entre autoridades xudiciais.

Búscase nesta reforma unha maior concentración da xurisdición, atribuíndo a competencia ao xulgado de primeira instancia con competencias en dereito de familia da capital da provincia en cuxa circunscrición estea o menor que foi obxecto dun traslado ou retención ilícitos e, se non houber, ao que por quenda de repartición corresponda. Con isto favorécese a especialización para resolver os problemas que xorden en relación con estes casos e, en consecuencia, a calidade e a eficacia da resposta xudicial.

XIII

Por último, en relación co réxime actual de sucesión nos títulos nobiliarios, modifícase o número 3 da disposición transitoria única da Lei 33/2006, do 30 de outubro, sobre igualdade do home e a muller na orde de sucesión dos títulos nobiliarios. Esta disposición vén establecer un período transitorio no cal se aplican con carácter retroactivo as disposicións que sinala tal norma en relación con aqueles expedientes administrativos ou xudiciais que estean pendentes de resolución na data da entrada en vigor da lei. Con obxecto de reforzar o principio de seguridade xurídica, sen alterar a intención inicial do lexislador, e en consonancia co disposto nos números 1 e 4 da disposición transitoria única, considérase necesario modificar a redacción do seu número 3 para aclarar que a retroactividade que a lei establece se refire só aos expedientes que en 27 de xullo de 2005 estivesen pendentes de resolución, así como aos que se promovan despois desa data pero, en todo caso, antes do 20 de novembro de 2006, data en que entrou en vigor a lei conforme a disposición derradeira segunda.

A aprobación e vixencia da Lei da xurisdición voluntaria debe ter como necesaria consecuencia a derogación case definitiva da Lei de axuizamento civil de 1881, que se mantivo todos estes anos en vigor no relativo á xurisdición voluntaria e aos actos de conciliación.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. A presente lei ten por obxecto a regulación dos expedientes de xurisdición voluntaria que se tramitan ante os órganos xurisdicionais.
2. Considéranse expedientes de xurisdición voluntaria para os efectos desta lei todos aqueles que requiran a intervención dun órgano xurisdiccional para a tutela de dereitos e intereses en materia de dereito civil e mercantil, sen que exista controversia que se deba substanciar nun proceso contencioso.

Artigo 2. *Competencia en materia de xurisdición voluntaria.*

1. Os xulgados de primeira instancia ou do mercantil, segundo o caso, terán competencia obxectiva para coñecer e resolver os expedientes de xurisdición voluntaria.
2. Nos expedientes de xurisdición voluntaria a competencia territorial virá fixada polo precepto correspondente en cada caso, sen que caiba modificala por submisión expresa ou tácita.
3. O impulso e a dirección dos expedientes corresponderalles aos secretarios xudiciais, e atribuiráselle ao xuíz ou ao secretario xudicial, segundo o caso, a decisión de fondo que recaia sobre aqueles e as demais resolucións que expresamente se indiquen mediante esta lei.

Cando non veña atribuída a competencia expresamente a ningún deles, o xuíz decidirá os expedientes que afecten o interese público, o estado civil das persoas, os que precisen a tutela de normas substantivas ou poidan deparar actos de disposición, recoñecemento, creación ou extinción de dereitos subxectivos, así como cando afecten os dereitos de menores ou persoas con capacidade modificada xudicialmente. O resto de expedientes será resolto polo secretario xudicial.

Artigo 3. *Lexitimación e postulación.*

1. Poderán promover expedientes de xurisdición voluntaria e intervir neles os que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos ou cuxa lexitimación lles veña conferida legalmente sobre a materia que constituía o seu obxecto, sen prexuízo dos casos en que o expediente se poida iniciar de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal.

2. Tanto os solicitantes como os interesados deberán actuar defendidos por letrado e representados por procurador naqueles expedientes en que así o prevexa a presente lei. Non obstante, mesmo cando non sexa requirido pola lei, as partes que o desexen poderán actuar asistidas ou representadas por avogado e procurador, respectivamente.

En todo caso, será necesaria a actuación de avogado e procurador para a presentación dos recursos de revisión e apelación que, se for o caso, se interpoñan contra a resolución definitiva que se dite no expediente, así como a partir do momento en que se formule oposición.

Artigo 4. *Intervención do Ministerio Fiscal.*

O Ministerio Fiscal intervirá nos expedientes de xurisdición voluntaria cando afecten o estado civil ou a condición da persoa ou estea comprometido o interese dun menor ou dunha persoa con capacidade modificada xudicialmente, e naqueles outros casos en que a lei expresamente así o declare.

Artigo 5. *Proba.*

O xuíz ou o secretario xudicial, segundo quen sexa o competente para o coñecemento do expediente, decidirá sobre a admisión dos medios de proba que se lle propoñan, e poderá ordenar proba de oficio nos casos en que exista un interese público, se afecten menores ou persoas con capacidade modificada xudicialmente, o considere conveniente para clarificar algún elemento relevante e determinante da cuestión ou expresamente o prevexa a lei.

Artigo 6. *Tramitación simultánea ou posterior de expedientes ou procesos.*

1. Cando se tramiten simultaneamente dous ou máis expedientes con idéntico obxecto, proseguirá a tramitación do que primeiro se iniciase e acordarase o arquivamento dos expedientes posteriormente incoados.

O réxime xurídico recollido no presente punto para os expedientes de xurisdición voluntaria será aplicable tamén aos expedientes tramitados por notarios e rexistradores naquelas materias en que a competencia lles veña atribuída concorrentemente coa do secretario xudicial.

2. Non se poderá iniciar ou continuar coa tramitación dun expediente de xurisdición voluntaria que verse sobre un obxecto que estea sendo substanciado nun proceso xurisdiccional. Unha vez acreditada a presentación da correspondente demanda, procederase ao arquivamento do expediente e remitiranse as actuacións realizadas ao tribunal que estea coñecendo do proceso xurisdiccional para que o incorpore aos autos.

3. Acordarase a suspensión do expediente cando se acredite a existencia dun proceso xurisdiccional contencioso cuxa resolución poida afectalo, e deberá tramitarse o incidente de acordo co disposto no artigo 43 da Lei de axuízamento civil.

Artigo 7. *Gastos.*

Os gastos ocasionados nos expedientes de xurisdición voluntaria serán por conta do solicitante, agás que a lei dispoña outra cousa.

Os gastos ocasionados por testemuñas e peritos serán por conta de quen os propoña.

Artigo 8. *Carácter supletorio da Lei de axuizamento civil.*

As disposicións da Lei de axuizamento civil serán de aplicación supletoria aos expedientes de xurisdición voluntaria en todo o non regulado pola presente lei.

TÍTULO I

Das normas comúns en materia de tramitación dos expedientes de xurisdición voluntaria

CAPÍTULO I

Normas de dereito internacional privado

Artigo 9. *Competencia internacional.*

1. Os órganos xudiciais españois serán competentes para coñecer os expedientes de xurisdición voluntaria suscitados nos casos internacionais cando concorran os foros de competencia internacional recollidos nos tratados e noutras normas internacionais en vigor para España.

Nos supostos non regulados por tales tratados e por outras normas internacionais, a competencia virá determinada pola concorrencia dos foros de competencia internacional recollidos na Lei orgánica do poder xudicial.

2. No caso de que, conforme as normas de competencia internacional, os órganos xudiciais españois sexan competentes en relación cun expediente de xurisdición voluntaria, pero non sexa posible concretar o territorialmente competente de acordo cos criterios desta lei, serao aquel correspondente ao lugar onde os actos de xurisdición voluntaria deban producir os seus efectos principais ou o da súa execución.

Artigo 10. *Lei aplicable aos expedientes de xurisdición voluntaria nos casos internacionais.*

Os órganos xudiciais españois aplicarán, aos expedientes e actos de xurisdición voluntaria respecto dos cales resulten competentes, a lei determinada polas normas da Unión Europea ou españolas de dereito internacional privado.

Artigo 11. *Inscripción en rexistros públicos.*

1. As resolucións definitivas estranxeiras de xurisdición voluntaria emanadas dun órgano xudicial poderán ser inscritas nos rexistros públicos españois:

a) Logo de superar o trámite de exequátur ou de recoñecemento incidental en España. Ata ese momento só poderán ser obxecto de anotación preventiva.

b) Polo encargado do rexistro correspondente, sempre que verifique a concorrencia dos requisitos exixidos para isto.

2. No caso de que a resolución careza de carácter definitivo, unicamente procederá a súa anotación preventiva.

3. O réxime xurídico previsto no presente artigo para as resolucións ditadas polos órganos xudiciais estranxeiros será aplicable ás resolucións pronunciadas por autoridades non pertencentes a órganos xudiciais estranxeiros en materia de xurisdición voluntaria cuxa competencia corresponda, segundo esta lei, ao coñecemento de órganos xudiciais.

Artigo 12. *Efectos en España dos expedientes e actos de xurisdición voluntaria acordados por autoridades estranxeiras.*

1. Os actos de xurisdición voluntaria acordados polas autoridades estranxeiras que sexan firmes producirán efectos en España e accederán aos rexistros públicos españois logo de superaren o seu recoñecemento conforme o disposto na lexislación vixente.

2. O órgano xudicial español ou o encargado do rexistro público competente serao tamén para outorgar, de modo incidental, o recoñecemento en España dos actos de xurisdición voluntaria acordados polas autoridades estranxeiras. Non será necesario recorrer a ningún procedemento específico previo.

3. O recoñecemento en España dos actos de xurisdición voluntaria acordados polas autoridades estranxeiras só se denegará nestes casos:

a) Se o acto fose acordado por autoridade estranxeira manifestamente incompetente. Considerarase que a autoridade estranxeira é competente se o suposto presenta vínculos fundados co Estado estranxeiro cuxas autoridades outorgaron o dito acto. Considerarase, en todo caso, que as autoridades estranxeiras son manifestamente incompetentes cando o suposto afecte unha materia cuxa competencia exclusiva corresponda aos órganos xudiciais ou autoridades españolas.

b) Se o acto fose acordado con manifesta infracción dos dereitos de defensa de calquera dos implicados.

c) Se o recoñecemento do acto produce efectos manifestamente contrarios á orde pública española.

d) Se o recoñecemento do acto implica a violación dun dereito fundamental ou liberdade pública do noso ordenamento xurídico.

CAPÍTULO II

Normas de tramitación

Artigo 13. *Aplicación das disposicións deste capítulo.*

As disposicións deste capítulo aplicaranse a todos os expedientes de xurisdición voluntaria no que non se opoñan ás normas que especificamente regulen as actuacións de que se trate.

Artigo 14. *Iniciación do expediente.*

1. Os expedientes iniciaranse de oficio, por instancia do Ministerio Fiscal ou por solicitude formulada por persoa lexitimada, na cal se consignarán os datos e as circunstancias de identificación do solicitante, con indicación dun domicilio para efectos de notificacións.

Expoñerase a seguir con claridade e precisión o que se pida, así como unha exposición dos feitos e fundamentos xurídicos en que fundamenta a súa pretensión. Tamén se xuntarán, se for o caso, os documentos e ditames que o solicitante considere de interese para o expediente, e tantas copias cantos sexan os interesados.

2. Na solicitude consignaranse os datos e as circunstancias de identificación das persoas que poidan estar interesadas no expediente, así como o domicilio ou domicilios en que poidan ser citadas ou calquera outro dato que permita a súa identificación.

3. Cando por lei non sexa preceptiva a intervención de avogado e procurador, na oficina xudicial facilitaráselle ao interesado un impreso normalizado para formular a solicitude; neste caso, non será necesario que se concrete a fundamentación xurídica do solicitado.

A solicitude poderase presentar por calquera medio, incluíndo os previstos na normativa de acceso electrónico dos cidadáns á Administración de xustiza.

Artigo 15. *Acumulación de expedientes.*

1. O xuíz ou o secretario xudicial, segundo quen sexa competente para coñecer o expediente, acordará de oficio ou por instancia do interesado ou do Ministerio Fiscal a acumulación de expedientes cando a resolución dun poida afectar outro, ou exista tal conexión entre eles que poida dar lugar a resolucións contraditorias.

Non se poderá acordar a acumulación de expedientes cando a súa resolución corresponda a suxeitos distintos.

2. A acumulación de expedientes de xurisdición voluntaria rexeráse polo previsto na Lei de axuízamento civil sobre a acumulación de procesos no xuízo verbal, coas seguintes especialidades:

a) Se se trata da acumulación de expedientes pendentes ante o mesmo órgano xudicial, a acumulación solicitaráse por escrito antes da comparecencia sinalada en primeiro lugar, realizándose as alegacións pertinentes e decidíndose sobre ela.

b) Se os expedientes están pendentes ante distintos órganos xudiciais, os interesados deberán solicitar por escrito a acumulación ante o órgano que se xulgue competente en calquera momento antes da celebración da comparecencia. Se o órgano requirido non accede á acumulación, a discrepancia será resolta en todo caso polo tribunal superior común.

3. Os expedientes de xurisdición voluntaria non serán acumulables a ningún proceso xurisdiccional contencioso.

Artigo 16. *Apreciación de oficio da falta de competencia e outros defectos ou omisións.*

1. Presentada a solicitude de iniciación do expediente, o secretario xudicial examinará de oficio se se cumpren as normas en materia de competencia obxectiva e territorial.

2. Se o secretario xudicial entende que non existe competencia obxectiva para coñecer, poderá acordar o arquivamento do expediente, logo de audiencia do Ministerio Fiscal e do solicitante, naqueles expedientes que sexan da súa competencia. Noutro caso, dará conta ao xuíz, quen acordará o que proceda, tras oír o Ministerio Fiscal e o solicitante.

Na resolución en que se aprecie a falta de competencia deberase indicar o órgano xudicial que se considera competente para coñecer do expediente.

3. Se o secretario xudicial entende que carece de competencia territorial para coñecer do asunto, poderá acordar a remisión ao órgano que considere competente, logo de audiencia do Ministerio Fiscal e do solicitante, naqueles expedientes que sexan da súa competencia. Noutro caso, dará conta ao xuíz, quen acordará o procedente, tras oír o Ministerio Fiscal e o solicitante.

4. O secretario xudicial tamén examinará a existencia de posibles defectos ou omisións nas solicitudes presentadas e dará, se for o caso, un prazo de cinco días para proceder á súa emenda. Se esta non se leva a cabo no prazo sinalado, terá por non presentada a solicitude e arquivará as actuacións naqueles expedientes que sexan da súa competencia. Noutro caso, darase conta ao xuíz, quen acordará o que proceda.

Artigo 17. *Admisión da solicitude e citación dos interesados.*

1. O secretario xudicial resolverá sobre a solicitude e, se entende que esta non resulta admisible, ditará decreto polo que se archive o expediente ou dará conta ao xuíz, cando este sexa o competente, para que acorde o que proceda.

2. Admitida a solicitude, o secretario xudicial citará a unha comparecencia a aqueles que deban intervir no expediente sempre que conorra algunha das circunstancias seguintes:

a) Que, conforme a lei, deben ser oídos no expediente interesados distintos do solicitante.

b) Que se teñan que practicar probas ante o xuíz ou o secretario xudicial.

c) Que o xuíz ou o secretario xudicial consideren necesaria a celebración da comparecencia para a mellor resolución do expediente.

Se só hai que oír o Ministerio Fiscal e non é necesaria a realización de proba, este emitirá o seu informe por escrito no prazo de dez días.

3. Os interesados serán citados a comparecencia con polo menos quince días de antelación á súa celebración, avisándoos de que deberán acudir a aquela cos medios de proba de que se intenten valer. A citación realizarase na forma prevista na Lei de axuizamento civil, con entrega da copia da resolución, da solicitude e dos documentos que a acompañen.

Se algún dos interesados vai formular oposición, deberá facelo nos cinco días seguintes ao da súa citación, e non se fará contencioso o expediente, nin impedirá que continúe a súa tramitación ata que sexa resolto, salvo que a lei expresamente o prevexa. Do escrito de oposición darase traslado á parte solicitante inmediatamente.

Artigo 18. *Celebración da comparecencia.*

1. A comparecencia celebrarase ante o xuíz ou o propio secretario xudicial, segundo quen teña competencia para coñecer do expediente, dentro dos trinta días seguintes ao da admisión da solicitude.

2. A comparecencia substanciarase polos trámites previstos na Lei de axuizamento civil para a vista do xuízo verbal coas seguintes especialidades:

1.^a Se o solicitante non asiste á comparecencia, o xuíz ou o secretario xudicial, dependendo de a quen lle corresponda a resolución do expediente, acordará o arquivamento do expediente e darao por desistido deste. Se non asiste algún dos demais citados, celebrarase o acto e continuará o expediente sen máis citacións nin notificacións que as que a lei dispoña.

2.^a O xuíz ou o secretario xudicial, segundo quen presida a comparecencia, oír á o solicitante, os demais citados e as persoas que a lei dispoña, e poderá acordar, de oficio ou por instancia do solicitante ou do Ministerio Fiscal, se for o caso, a audiencia daqueles cuxos dereitos ou intereses se poidan ver afectados pola resolución do expediente. Garantirase, a través dos medios e apoios necesarios, a intervención das persoas con discapacidade en termos que lles sexan accesibles e comprensibles.

3.^a Se se suscitan cuestións procesuais, incluídas as relativas á competencia, que poidan impedir a válida prosecución do expediente, o xuíz ou o secretario xudicial, oídos os comparecentes, resolveraa oralmente no propio acto.

4.^a Cando o expediente afecte os intereses dun menor ou dunha persoa con capacidade modificada xudicialmente, practicaranse tamén no mesmo acto ou, se non for posible, nos dez días seguintes, as dilixencias relativas aos ditos intereses que se acorden de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal.

O xuíz ou o secretario xudicial poderá acordar que a audiencia do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente se practique en acto separado, sen interferencias doutras persoas, ao cal poderá asistir o Ministerio Fiscal. En todo caso, garantirase que poidan ser oídos en condicións idóneas, en termos que lles sexan accesibles, comprensibles e adaptados á súa idade, madurez e circunstancias, e solicitarase o auxilio de especialistas cando isto sexa necesario.

Do resultado da exploración redactarase unha acta detallada e, sempre que sexa posible, será gravada en soporte audiovisual. Se isto ten lugar despois da comparecencia, daráselles traslado da acta correspondente aos interesados para que poidan efectuar alegacións no prazo de cinco días.

5.^a Na celebración da comparecencia, unha vez practicadas as probas, permitiráselles aos interesados formular oralmente as súas conclusións.

6.^a O desenvolvemento da comparecencia rexistrarase en soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe, de conformidade co disposto na Lei de axuizamento civil.

Artigo 19. *Decisión do expediente.*

1. O expediente resolverase por medio de auto ou decreto, segundo lle corresponda a competencia ao xuíz ou ao secretario xudicial, no prazo de cinco días contados desde a

terminación da comparecencia ou, se esta non se celebre, desde a última dilixencia practicada.

2. Cando o expediente afecte os intereses dun menor ou dunha persoa con capacidade modificada xudicialmente, a decisión poderase fundar en calquera feito dos que se tivese coñecemento como consecuencia das alegacións dos interesados, as probas ou a celebración da comparecencia, aínda que non fosen invocados polo solicitante nin por outros interesados.

3. Resolto un expediente de xurisdición voluntaria e unha vez firme a resolución, non se poderá iniciar outro sobre idéntico obxecto, salvo que cambien as circunstancias que deron lugar a aquel. O decidido alí vinculará calquera outra actuación ou expediente posterior que resulte conexo a aquel.

Isto será de aplicación tamén respecto aos expedientes tramitados por notarios e rexistradores naquelas materias cuxo coñecemento sexa concorrente co dos secretarios xudiciais.

4. A resolución dun expediente de xurisdición voluntaria non impedirá a incoación dun proceso xudicial posterior co mesmo obxecto que aquel, e deberase pronunciar a resolución que se dite sobre a confirmación, modificación ou revogación do acordado no expediente de xurisdición voluntaria.

Artigo 20. *Recursos.*

1. Contra as resolucións interlocutorias ditadas nos expedientes de xurisdición voluntaria caberá recurso de reposición nos termos previstos na Lei de axuizamento civil. Se a resolución impugnada se acorda durante a celebración da comparecencia, o recurso tramitarse e resolverase oralmente nese mesmo momento.

2. Contra as resolucións definitivas ditadas polo xuíz nos expedientes de xurisdición voluntaria poderá recorrer en apelación calquera interesado que se considere prexudicado por elas, conforme o disposto na Lei de axuizamento civil. Se a decisión provén do secretario xudicial, deberase interpoñer recurso de revisión ante o xuíz competente nos termos previstos na Lei de axuizamento civil.

O recurso de apelación non terá efectos suspensivos, salvo que a lei expresamente dispoña o contrario.

Artigo 21. *Caducidade do expediente.*

1. Terase por abandonado o expediente se, malia o impulso de oficio das actuacións, non se produce actividade promovida polos interesados no prazo de seis meses desde a última notificación practicada.

2. Corresponderalle ao secretario xudicial declarar a caducidade do expediente.

3. Contra o decreto que declare a caducidade só caberá recurso de revisión.

Artigo 22. *Cumprimento e execución da resolución que pon fin ao expediente.*

1. A execución da resolución firme que pon fin ao expediente de xurisdición voluntaria rexerese polo establecido na Lei de axuizamento civil e, en particular, nos artigos 521 e 522. En todo caso, poderase instar de inmediato a realización daqueles actos que resulten precisos para dar eficacia ao decidido.

2. Se calquera dos expedientes a que se refire a presente lei dá lugar a un feito ou acto inscribible no Rexistro Civil, expedirase testemuño da resolución que corresponda para os efectos da súa inscrición ou anotación.

Se a resolución é inscribible no Rexistro da Propiedade, Mercantil ou noutro rexistro público, deberase expedir, por instancia de parte, mandamento para os efectos da súa constancia rexistral. A remisión realizarase por medios electrónicos. A cualificación dos rexistradores limitarase á competencia do xuíz ou do secretario xudicial, á congruencia do mandato co expediente en que se ditase, ás formalidades extrínsecas da resolución e aos obstáculos que xurdan do Rexistro.

TÍTULO II

Dos expedientes de xurisdición voluntaria en materia de persoas

CAPÍTULO I

Da autorización ou aprobación xudicial do recoñecemento da filiación non matrimonial

Artigo 23. *Ámbito de aplicación.*

1. Aplicaranse as disposicións deste capítulo en todos os casos en que, conforme a lei, o recoñecemento da filiación non matrimonial necesite autorización ou aprobación xudicial para a súa validez.

2. Presentarase solicitude en que se inste autorización xudicial para o outorgamento do recoñecemento da filiación non matrimonial do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente por quen sexa irmán ou consanguíneo en liña recta do proxenitor cuxa filiación estea determinada legalmente.

3. Solicitarase a aprobación xudicial para a eficacia do recoñecemento da filiación non matrimonial dun menor ou dunha persoa con capacidade modificada xudicialmente outorgado:

- a) Por quen non poida contraer matrimonio por razón de idade.
- b) Por quen non teña o consentimento expreso do seu representante legal ou a asistencia do curador do recoñecido nin do proxenitor legalmente coñecido, sempre que non fose recoñecido en testamento ou dentro do prazo establecido para practicar a inscrición do nacemento.
- c) Polo pai, cando o recoñecemento se realizase dentro do prazo establecido para practicar a inscrición do nacemento e cando esta se suspendese por pedimento da nai.

4. Tamén se instará a aprobación xudicial para a validez do recoñecemento non matrimonial por unha persoa con capacidade modificada xudicialmente.

Artigo 24. *Competencia, lexitimación e postulación.*

1. Será competente para coñecer deste expediente o xulgado de primeira instancia do domicilio do recoñecido ou, se non o ten en territorio nacional, o da súa residencia no dito territorio. Se o recoñecido non ten a súa residencia en España, serao o do domicilio ou residencia do proxenitor autor do recoñecemento.

2. Poderá promover este expediente o proxenitor autor do recoñecemento, por si mesmo ou asistido do seu representante legal, titor ou curador, se é o caso.

3. Na tramitación do presente expediente non será preceptiva a intervención de avogado nin procurador.

Artigo 25. *Tramitación.*

Admitida a trámite a solicitude polo secretario xudicial, este citará a comparecencia o solicitante e, segundo proceda, o proxenitor coñecido, o representante legal ou curador do recoñecido e este se ten suficiente madurez e, en todo caso, se é maior de 12 anos, así como os seus descendentes se este falecese e os hai, e as persoas que se xulgue oportuno, así como o Ministerio Fiscal.

Artigo 26. *Resolución.*

1. O xuíz resolverá o que proceda sobre o recoñecemento de que se trate, atendendo para isto ao discernimento do proxenitor, á veracidade ou autenticidade do seu acto, á verosimilitude da relación de procreación, sen necesidade dunha proba plena desta, e ao

interese do recoñecido cando sexa menor ou persoa con capacidade modificada xudicialmente.

2. Cando se trate do recoñecemento dun menor ou dunha persoa con capacidade modificada xudicialmente outorgado por quen sexa irmán ou parente consanguíneo en liña recta do outro proxenitor, o xuíz só autorizará a determinación da filiación cando sexa en interese do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente. O xuíz invalidará a dita determinación se se presenta un documento público en que conste a manifestación do recoñecido ao respecto, realizada unha vez alcanzada a plena capacidade.

3. O testemuño da dita resolución remitirase ao Rexistro Civil competente para proceder á súa inscrición.

CAPÍTULO II

Da habilitación para comparecer en xuízo e do nomeamento de defensor xudicial

Artigo 27. Ámbito de aplicación.

1. Aplicaranse as disposicións deste capítulo nos casos en que proceda, conforme a lei, o nomeamento dun defensor xudicial de menores ou de persoas con capacidade modificada xudicialmente ou por modificar e, en todo caso, solicitarase:

a) Cando nalgún asunto exista conflito de intereses entre os menores ou as persoas con capacidade modificada xudicialmente e os seus representantes legais ou o seu curador, salvo que co outro proxenitor ou titor, se hai patria potestade ou tutela conxunta, non haxa tal conflito.

b) Cando, por calquera causa, o titor ou o curador non desempeñe as súas funcións ata que cese a causa determinante ou se designe outra persoa para desempeñar o cargo.

c) Cando se teña coñecemento de que unha persoa respecto á cal se debe constituír a tutela ou curatela precise a adopción de medidas para a administración dos seus bens, ata que recaia resolución xudicial que poña fin ao procedemento.

2. Tamén se aplicarán as disposicións deste capítulo nos casos en que proceda a habilitación e o ulterior nomeamento de defensor xudicial. Instarase a habilitación cando o menor non emancipado ou a persoa con capacidade modificada xudicialmente, sendo demandado ou causándolle gran prexuízo de non promover a demanda, se encontre nalgún dos casos seguintes:

a) Estar os proxenitores, o titor ou o curador ausentes e ignorarse o seu paradiro, sen que haxa motivo racional bastante para crer próximo o seu regreso.

b) Negarse ambos os proxenitores, o titor ou o curador a representar ou asistir en xuízo o menor ou a persoa con capacidade modificada xudicialmente.

c) Estar os proxenitores, o titor ou o curador nunha situación de imposibilidade de feito para a representación ou asistencia en xuízo.

3. Malia o disposto no punto anterior, nomearase defensor xudicial ao menor ou á persoa con capacidade modificada xudicialmente, sen necesidade de habilitación previa, para litigar contra os seus proxenitores, o titor ou o curador, ou para instar expedientes de xurisdición voluntaria, cando estea lexitimado para isto ou para representalo cando o Ministerio Fiscal inste o procedemento para modificar xudicialmente a súa capacidade. Non procederá a solicitude se o outro proxenitor ou o titor, de habelo, non ten un interese oposto ao menor ou persoa con capacidade modificada xudicialmente.

Artigo 28. Competencia, lexitimación e postulación.

1. Será competente para o coñecemento deste expediente o secretario xudicial do xulgado de primeira instancia do domicilio ou, no seu defecto, da residencia do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente ou que se vaia modificar ou, se for o

caso, aquel correspondente ao xulgado de primeira instancia que estea coñecendo do asunto que exixa o nomeamento de defensor xudicial.

2. O expediente iniciárase de oficio, por pedimento do Ministerio Fiscal, ou por iniciativa do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente, ou por calquera outra persoa que actúe en interese deste.

3. Na tramitación do presente expediente non será preceptiva a intervención de avogado nin de procurador.

Artigo 29. *Efectos da solicitude.*

Desde que se solicite a habilitación e ata que acepte o seu cargo o defensor xudicial ou se archive o expediente por resolución firme quedará suspendido o transcurso dos prazos de prescrición ou de caducidade que afecten a acción de cuxo exercicio se trate.

No caso de que o menor ou a persoa con capacidade modificada xudicialmente ou que se vaia modificar teña que comparecer como demandado ou quede sen representación procesual durante o procedemento, o Ministerio Fiscal asumirá a súa representación e defensa ata que se produza o nomeamento de defensor xudicial.

Artigo 30. *Comparecencia e resolución.*

1. O secretario xudicial convocará a comparecencia o solicitante, os interesados que consten como tales no expediente, aqueles dos que xulgue pertinente a súa presenza, o menor ou a persoa con capacidade modificada xudicialmente ou que se vaia modificar se ten suficiente madurez e, en todo caso, o menor se ten máis de 12 anos e o Ministerio Fiscal.

2. Na resolución en que se acceda ao solicitado nomearase defensor xudicial quen o secretario xudicial considere máis idóneo para o cargo, con determinación das atribucións que lle confira.

3. O testemuño da resolución de nomeamento de defensor xudicial no caso previsto na letra c) do número 1 do artigo 27 remitirase ao Rexistro Civil competente para proceder á súa inscrición.

Artigo 31. *Cesación do defensor xudicial e da habilitación para comparecer en xuízo.*

1. O defensor xudicial deberá comunicar ao órgano xudicial a desaparición da causa que motivou o seu nomeamento.

2. Igualmente deberá comunicar ao órgano xudicial cando algún dos proxenitores ou representantes ou curador, se for o caso, se presten a comparecer en xuízo polo afectado, ou cando se remate o procedemento que motivou a habilitación.

Artigo 32. *Rendición de contas, escusa e remoción do defensor xudicial.*

Serán aplicables ao defensor xudicial as disposicións establecidas para a formación de inventario, se for o caso, a escusa e a remoción dos titores e para a súa rendición de contas unha vez concluída a súa xestión, que tramitará e decidirá o secretario xudicial competente.

CAPÍTULO III

Da adopción

Artigo 33. *Competencia.*

Nos expedientes sobre adopción, será competente o xulgado de primeira instancia correspondente á sede da entidade pública que teña encomendada a protección do adoptando e, no seu defecto, o do domicilio do adoptante.

Artigo 34. *Carácter preferente e postulación.*

1. A tramitación do expediente de adopción terá carácter preferente e practicarase con intervención do Ministerio Fiscal.
2. Non será preceptiva a asistencia de avogado nin procurador.

Artigo 35. *Proposta da entidade pública e solicitude do adoptante.*

1. O expediente comezará co escrito de proposta de adopción formulada pola entidade pública ou pola solicitude do adoptante cando estea lexitimado para iso.

2. Na proposta de adopción formulada pola entidade pública expresaranse especialmente:

a) As condicións persoais, familiares e sociais e os medios de vida do adoptante ou adoptantes asignados e as súas relacións co adoptando, con detalle das razóns que xustifiquen a elección daquel ou daqueles.

b) Se é o caso, e cando teñan que prestar o seu asentimento ou ser oídos, o último domicilio coñecido do cónxuxe do adoptante ou da persoa á cal estea unida por análoga relación de afectividade á conxugal, ou o dos proxenitores, titor, familia acolledora ou gardadores do adoptando.

c) Se uns e outros formularon o seu asentimento ante a entidade pública ou en documento público.

3. Nos supostos en que non se requira proposta previa da entidade pública, de conformidade co disposto no artigo 176 do Código civil, o ofrecemento para a adopción do adoptante presentarase por escrito, en que expresará as indicacións contidas nos puntos anteriores en canto sexan aplicables, e as alegacións e probas conducentes a demostrar que no adoptando concorre algunha das circunstancias exixidas pola dita lexislación.

4. Coa proposta ou ofrecemento para a adopción presentarase os documentos a que se refiren os puntos anteriores, a declaración previa de idoneidade do adoptante para o exercicio da patria potestade emitida pola entidade pública, se procede, e cantos informes ou documentos se xulguen oportunos.

Artigo 36. *Consentimento.*

No expediente, o secretario xudicial citará, para manifestar o seu consentimento en presenza do xuíz, o adoptante ou adoptantes e o adoptando se é maior de 12 anos.

Artigo 37. *Asentimento e audiencia.*

1. Tamén deberán ser citados, para prestaren o asentimento á adopción ante o xuíz, as persoas indicadas no número 2 do artigo 177 do Código civil.

Non serán citados aqueles que, sendo necesario o seu asentimento, o prestasen con anterioridade á iniciación do expediente ante a correspondente entidade pública ou en documento público, salvo que transcorresen máis de seis meses desde que o fixeron.

2. Se os proxenitores pretenden que se lles recoñeza a necesidade de prestar o seu asentimento á adopción, deberán poñelo de manifesto no expediente. O secretario xudicial acordará a suspensión do expediente e outorgará o prazo de 15 días para a presentación da demanda, da cal coñecerá o mesmo tribunal.

Presentada a demanda dentro de prazo, o secretario xudicial ditará decreto polo que se declare contencioso o expediente de adopción e acordará seguir a súa tramitación conforme o disposto no artigo 781 da Lei de axuízamento civil.

Se non se presenta a demanda no prazo fixado, o secretario xudicial ditará decreto polo que se dea por finalizado o trámite e se alce a suspensión do expediente de adopción. Contra o decreto poderase recorrer directamente en revisión ante o tribunal. Unha vez firme esta resolución, non se admitirá ningunha reclamación posterior dos mesmos suxeitos sobre necesidade de asentimento para a adopción de que se trate.

3. Así mesmo, deberán ser citadas para ser oídos polo xuíz no expediente, as persoas sinaladas no número 3 do artigo 177 do Código civil.

Artigo 38. *Citacións.*

1. Se na proposta de adopción ou no ofrecemento para a adopción non consta o domicilio dos que deban ser citados, o secretario xudicial practicará inmediatamente as dilixencias oportunas para investigar o domicilio conforme o previsto no artigo 156 da Lei de axuízamento civil e citaraos ante o xuíz dentro dos quince días seguintes, coa garantía da debida reserva. Na citación aos proxenitores farase constar, se for o caso, a circunstancia pola cal abonda a súa audiencia.

2. Nas citacións que deban prestar o seu asentimento ou ser oídas incluírase o apercibimento de que, se son citados persoalmente e non comparecen, se seguirá o trámite sen máis citacións. Se non responden á primeira citación e non se realizase a citación na súa persoa, volveranse citar para dentro dos quince días seguintes, co apercibimento de que, aínda que non comparezan, o expediente seguirá o seu trámite.

3. Cando non se poida coñecer o domicilio ou paradiro dalgunha persoa que deba ser citada, ou se, citada debidamente cos apercibimentos oportunos, non comparece, prescindirase do trámite e a adopción acordada será válida, sen prexuízo, se for o caso, do dereito que aos proxenitores lles concede o número 2 do artigo 180 do Código civil.

Artigo 39. *Tramitación.*

1. O xuíz poderá ordenar a práctica de cantas dilixencias considere oportunas para se asegurar de que a adopción sexa en interese do adoptando.

2. Todas as actuacións se levarán a cabo coa conveniente reserva, evitando en particular que a familia de orixe teña coñecemento de cal é a adoptiva, excepto nos supostos recollidos nos números 2 e 4 do artigo 178 e sen prexuízo do establecido no artigo 180 do Código civil.

3. Se se suscita oposición, o expediente farase contencioso e o secretario xudicial citará os interesados a unha vista, e a tramitación continuará consonte o previsto para o xuízo verbal.

4. Contra o auto que resolva o expediente cabe recurso de apelación, que terá carácter preferente, sen que produza efectos suspensivos.

5. O testemuño da resolución firme en que se acorde a adopción remitirase ao Rexistro Civil correspondente para que se practique a súa inscrición.

Artigo 40. *Procedemento para a exclusión de funcións tutelares do adoptante e extinción da adopción.*

1. As actuacións xudiciais a que se refiren os artigos 179 e 180 do Código civil substanciaranse polos trámites do xuízo que corresponda consonte o establecido na Lei de axuízamento civil e as súas resolucións serán remitidas ao Rexistro Civil para a súa inscrición.

2. Durante a substanciación do procedemento, o xuíz adoptará, mesmo de oficio, e logo de audiencia do Ministerio Fiscal, as medidas de protección oportunas sobre a persoa e os bens do adoptado menor ou persoa con capacidade modificada xudicialmente.

3. Se o adoptado é maior de idade, a extinción da adopción requirirá o seu consentimento expreso.

Artigo 41. *Adopción internacional.*

Nos casos de adopción internacional, aplicarase o previsto no artigo 9.5 do Código civil e na Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional, así como o establecido ao respecto nos tratados e convenios internacionais en que España sexa parte e, en especial, no Convenio da Haia do 29 de maio de 1993, relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional.

Artigo 42. *Conversión de adopción simple ou non plena en plena.*

1. O adoptante de adopción simple ou non plena constituída por autoridade estranxeira competente poderá instar ante os tribunais españois a súa conversión nunha adopción regulada polo dereito español cando concorra un dos seguintes supostos:

- a) Que o adoptando teña a súa residencia habitual en España no momento de constitución da adopción.
- b) Que o adoptando fose ou vaia ser trasladado a España coa finalidade de establecer a súa residencia habitual en España.
- c) Que o adoptante teña a nacionalidade española ou teña a súa residencia habitual en España.

2. O adoptante deberá presentar a solicitude ofrecéndose para a adopción plena, sen que precise proposta previa da entidade pública, na cal expresará as indicacións contidas no artigo 35 en canto sexan aplicables. Á solicitude deberá xuntar o documento de constitución da adopción por parte da autoridade estranxeira e as probas conducentes a demostrar que no adoptado concorren as circunstancias exixidas.

3. Presentada a solicitude, seguiranse os trámites establecidos nos artigos anteriores en canto sexan aplicables e o xuíz deberá examinar a concorrencia dos aspectos enumerados na Lei de adopción internacional.

4. En todo caso, deberán manifestar o seu consentimento ante o xuíz o adoptante ou adoptantes e o adoptado se é maior de doce anos. Se é menor desa idade, será oído de acordo coa súa idade e madurez.

Deberá asentir o cónxuxe do adoptante ou a persoa á cal estea unida por análoga relación de afectividade á conxugal.

5. O testemuño do auto que declare a conversión da adopción simple ou non plena en plena remitirase ao Rexistro Civil correspondente para a súa inscrición.

CAPÍTULO IV

Da tutela, da curatela e da garda de feito

Sección 1.ª Disposición común

Artigo 43. *Competencia e postulación.*

1. Será competente para o coñecemento deste expediente o xulgado de primeira instancia do domicilio ou, no seu defecto, da residencia do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente.

2. O órgano xudicial que coñecese dun expediente sobre tutela, curatela ou garda de feito, será competente para coñecer de todas as incidencias, trámites e adopción de medidas posteriores, sempre que o menor ou a persoa con capacidade modificada xudicialmente resida na mesma circunscrición. En caso contrario, para coñecer dalgunha desas incidencias será preciso que se pida testemuño completo do expediente ao xulgado que anteriormente coñeceu del, o cal o remitirá nos dez días seguintes ao da solicitude.

3. Nestes expedientes non será preceptiva a intervención de avogado nin procurador, salvo no relativo á remoción do titor ou curador, en que será necesaria a intervención de avogado.

Sección 2.ª Da tutela e da curatela

Artigo 44. *Ámbito de aplicación.*

Aplicarase o disposto nesta sección para a constitución da tutela e da curatela sempre que non se solicite a dita constitución nun proceso xudicial para modificar a capacidade dunha persoa.

Artigo 45. *Tramitación, resolución e recurso.*

1. O expediente iniciárase mediante solicitude na cal se deberá expresar o feito que dea lugar á tutela ou á curatela. Xuntaranse os documentos acreditativos da lexitimación para promover o expediente e indicaranse os parentes máis próximos da persoa respecto á cal se deba constituír a tutela ou curatela e os seus domicilios. Deberase xuntar igualmente o certificado de nacemento deste e, se for o caso, o certificado de derradeiras vontades dos proxenitores, o testamento ou documento público notarial outorgado por estes en que se dispoña sobre a tutela ou a curatela dos seus fillos menores ou coa capacidade modificada xudicialmente, ou o documento público notarial outorgado polo propio afectado en que se dispuxese en previsión sobre a súa propia tutela ou curatela.

2. Na comparecencia serán oídos o promotor, a persoa cuxa designación se propoña se é distinta do promotor, aquel cuxa tutela ou curatela se pretenda constituír se é maior de 12 anos ou o menor da dita idade que teña suficiente madurez, os parentes máis próximos, o Ministerio Fiscal, e cantas persoas se considere oportuno.

Tanto o xuíz como o Ministerio Fiscal actuarán de oficio en interese do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente, adoptando e propoñendo as medidas, dilixencias, informes periciais e probas que consideren oportunas.

3. O xuíz designará titor ou curador a persoa ou persoas determinadas, de conformidade co previsto no Código civil.

4. Na resolución en que se acorde o nomeamento de titor ou curador adoptaranse as medidas de fiscalización da tutela ou curatela establecidas polos proxenitores en testamento ou documento público notarial, ou polo propio afectado no documento público notarial outorgado ao respecto, salvo que sexa outro o interese da persoa afectada.

En defecto de previsións, ou cando estas non sexan establecidas en interese do afectado, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou do solicitante, na resolución pola cal se constituía a tutela ou curatela ou outra posterior, o xuíz poderá acordar as medidas de vixilancia e control oportunas, en interese do constituído en tutela ou curatela, así como exixir ao titor ou curador un informe sobre a situación persoal do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente e o estado da administración dos seus bens. Se se adoptan en resolución posterior, serán oídos previamente o titor ou curador, a persoa afectada se ten suficiente madurez e, en todo caso, o menor se ten máis de 12 anos e o Ministerio Fiscal.

5. O xuíz, na resolución pola cal constituía a tutela ou curatela ou noutra posterior, poderá exixir ao titor ou curador a constitución de fianza que asegure o cumprimento das súas obrigas e, en tal caso, deberá determinar a súa modalidade e contía.

Tamén poderá con posterioridade, de oficio ou por instancia de parte interesada, deixar sen efecto ou modificar en todo ou en parte a fianza que se prestase, tras oír o titor ou curador, a persoa afectada se ten suficiente madurez e, en todo caso, o menor se ten máis de 12 anos e o Ministerio Fiscal.

6. Contra a resolución que se dite poderase recorrer en apelación sen que produza efectos suspensivos.

Durante a substanciación do recurso, quedará a cargo do titor ou curador electo, se for o caso, o coidado do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente e a administración dos seus bens, segundo proceda, baixo as garantías que lle parezan suficientes ao xuíz.

Artigo 46. *Prestación de fianza, aceptación e posesión do cargo.*

1. Unha vez firme a resolución pola que se constituía a tutela ou curatela, citarase o designado para que compareza no prazo de quince días co fin de prestar a fianza establecida para garantir os bens do afectado, se for o caso, e acepte o cargo ou formule escusa.

2. Prestada a fianza, de se ter exixido, o xuíz declararaa suficiente e acordará na mesma resolución as inscricións, os depósitos, as medidas ou as dilixencias que considere

conveniente para a eficacia da fianza e a conservación dos bens do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente.

3. Practicadas todas as dilixencias acordadas, o designado aceptará en acta outorgada ante o secretario xudicial a obriga de cumprir os deberes do seu cargo conforme as leis, e este acordará dar posesión do cargo, conferiralle as facultades establecidas na resolución xudicial que acordou o seu nomeamento e entregaralle certificación desta.

4. Cando o designado o sexa para o cargo do titor ou administrador dos bens, requirirao para que presente o inventario dos bens do afectado no prazo dos sesenta días seguintes. Ata que se aprobe o inventario de bens, se for o caso, a persoa designada quedará a cargo do coidado do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente e a administración dos seus bens, segundo proceda, baixo as garantías que lle parezan suficientes ao xuíz.

5. O xulgado que acorde a tutela ou a curatela remitirá testemuño ao Rexistro Civil correspondente tanto da resolución ditada como da acta da posesión do cargo, para os efectos oportunos.

Artigo 47. *Formación de inventario.*

1. O designado que fose nomeado administrador dos bens presentará, dentro do prazo outorgado, o inventario de bens, que conterá a relación dos bens do afectado, así como as escrituras, os documentos e os papeis de importancia que se encontren. A seguir, o secretario xudicial fixará o día e a hora para a súa formación e citará os interesados, as persoas afectadas se teñen suficiente madurez e, en todo caso, o menor se ten máis de 12 anos e o Ministerio Fiscal.

2. Se se suscita controversia sobre a inclusión ou exclusión de bens no inventario, o secretario xudicial citará os interesados a unha vista e continuará a tramitación consonte o previsto para o xuízo verbal, e a súa formación suspenderase ata que esta sexa resolta.

A sentenza que se pronuncie sobre a inclusión ou exclusión de bens no inventario deixará a salvo os dereitos de terceiros.

3. Se non hai oposición ou resolta esta, o secretario xudicial aprobará o inventario e a persoa designada deberá proceder á súa administración nos termos establecidos na resolución xudicial.

Artigo 48. *Retribución do cargo.*

1. Se o titor ou curador solicita o establecemento dunha retribución e non está fixada na resolución que efectuase o seu nomeamento, o xuíz acordará sempre que o patrimonio do tutelado ou asistido o permita, fixará o seu importe e a forma de percibila, atendendo ao traballo que se vai realizar e ao valor e á rendibilidade dos bens, despois de oír o solicitante, o tutelado ou asistido se ten suficiente madurez e, en todo caso, o menor se é maior de 12 anos, o Ministerio Fiscal e cantas persoas considere oportuno. Tanto o xuíz como as partes ou o Ministerio Fiscal poderán propoñer as dilixencias, os informes periciais e as probas que consideren oportunas.

O auto a que se refire este artigo executarase sen prexuízo do recurso de apelación, que non producirá efectos suspensivos.

2. Seguirase o mesmo procedemento para modificar ou extinguir a dita retribución.

Artigo 49. *Remoción.*

1. Nos casos previstos polo Código civil, de oficio, por solicitude do Ministerio Fiscal, do tutelado, do suxeito a curatela ou doutra persoa interesada, poderase acordar a remoción do titor ou do curador, logo da celebración de comparecencia na cal se oír tamén o titor ou curador, a persoa que o vaia substituír no cargo e o afectado se ten suficiente madurez e, en todo caso, o menor se ten máis de doce anos e o Ministerio Fiscal.

Se se suscita oposición, o expediente farase contencioso e o secretario xudicial citará os interesados a unha vista, e a tramitación continuará consonte o previsto para o xuízo verbal.

2. Durante a tramitación do expediente de remoción, o xuíz poderá suspender o titor ou curador nas súas funcións e o secretario xudicial nomeará para o tutelado ou suxeito a curatela un defensor xudicial.

3. O xuíz acordará o procedente, nomeando un novo titor ou curador conforme a lexislación civil, e deberá remitir a correspondente comunicación ao Rexistro Civil.

Artigo 50. *Escusa.*

1. Se concorre algunha das causas previstas polo Código civil para escusarse do exercicio do cargo tutelar ou da curatela, o titor ou curador deberá alegala dentro do prazo de quince días contados desde que teña coñecemento do nomeamento. Se o motivo da escusa lle sobrevén durante o seu exercicio, poderá alegalo en calquera momento, salvo as persoas xurídicas, sempre que haxa persoa de parecidas condicións para substituílo.

2. Poderase admitir a escusa do titor ou do curador logo de celebración de comparecencia, na cal necesariamente serán oídos a persoa que se escuse, a que a vaia substituír no cargo e o afectado se ten suficiente madurez e, en todo caso, o menor se ten máis de 12 anos e o Ministerio Fiscal.

3. Durante a tramitación do expediente, quen solicitase a renuncia estará obrigado a exercer a función e, de non facelo, nomearase un defensor que o substitúa; o substituído quedará responsable de todos os gastos ocasionados pola escusa se esta é rexeitada.

4. Admitida a escusa, nomearase de novo titor ou curador e deberase remitir, se for o caso, a correspondente comunicación ao Rexistro Civil.

Artigo 51. *Rendición de contas.*

1. Anualmente, desde a aceptación do cargo, o titor ou curador deberá presentar, dentro dos vinte días seguintes de se cumprir o prazo, un informe sobre a situación persoal do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente e unha rendición de contas da administración dos seus bens, se procede.

2. Presentados os informes, o secretario xudicial citará a comparecencia ante o xuíz o titular do cargo, o tutelado ou asistido se ten suficiente madurez e, en todo caso, o menor se ten máis de 12 anos, aqueles que estean interesados e o Ministerio Fiscal, e poderanse propoñer de oficio ou por instancia de parte as dilixencias e probas que se consideren oportunas.

3. Tras isto, haxa ou non oposición, o xuíz resolverá sobre os informes anuais e a rendición de contas.

4. Estas disposicións serán de aplicación nos supostos de rendición final de contas por extinción da tutela ou curatela e deberá ser presentada, se for o caso, no prazo de tres meses desde o cesamento do cargo, prorrogables polo tempo que sexa necesario se concorre xusta causa. Nestes casos tamén se oirán, se procede, o novo titor ou curador e os herdeiros do tutelado ou asistido, se for o caso.

5. En todo caso, a aprobación xudicial das contas presentadas non impedirá o exercicio das accións que reciprocamente poidan asistir ao titor ou curador e ao tutelado ou suxeito a curatela ou aos seus habentes causa por razón da tutela ou da curatela.

Sección 3.^a Da garda de feito

Artigo 52. *Requirimento e medidas de control.*

1. Por instancia do Ministerio Fiscal, do sometido a garda ou de calquera que teña un interese lexítimo, o xuíz que teña coñecemento da existencia dun gardador de feito poderá requirilo para que informe da situación da persoa e dos bens do menor, da persoa con capacidade modificada xudicialmente ou da que o deba estar, e da súa actuación en relación con estes.

2. O xuíz poderá establecer as medidas de control e de vixilancia que considere oportunas, sen prexuízo de promover expediente para a constitución da tutela ou curatela. Tales medidas adoptaranse, logo de comparecencia, citando a persoa a quen afecte a garda de feito, o gardador e o Ministerio Fiscal.

CAPÍTULO V

Da concesión xudicial da emancipación e do beneficio da maioría de idade

Artigo 53. *Competencia, lexitimación e postulación.*

1. O xuíz de primeira instancia do domicilio do menor será competente para coñecer da solicitude de emancipación que inste o maior de 16 anos suxeito a patria potestade por encontrarse nalgún dos supostos previstos no artigo 320 do Código civil, en concreto:

- a) Cando quen exerza a patria potestade contraia nupcias ou conviva maritalmente con persoa distinta do outro proxenitor.
- b) Cando os proxenitores vivan separados.
- c) Cando concorra calquera causa que entorpeza gravemente o exercicio da patria potestade.

2. O xuíz de primeira instancia do domicilio do menor será competente para coñecer da solicitude de beneficio de maioría de idade que inste o maior de 16 anos suxeito a tutela, de acordo co previsto no artigo 321 do Código civil.

3. Na práctica destas actuacións, non será preceptiva a intervención de avogado nin procurador salvo que se formule oposición, caso en que si será preceptiva a asistencia de letrado a partir dese momento.

Artigo 54. *Solicitude.*

1. O expediente iníciarase mediante solicitude dirixida ao xulgado polo menor maior de 16 anos, coa asistencia dalgún dos seus proxenitores, non privados ou suspendidos da patria potestade, ou do titor. Na falta da asistencia destes, nomearáselle un defensor xudicial ao menor para instar o expediente. O Ministerio Fiscal asumirá a súa representación e defensa ata que se produza o nomeamento de defensor xudicial.

2. Á solicitude xuntaranse, se for o caso, os documentos que acrediten a concorrencia da causa exixida polo Código civil para instar a emancipación ou beneficio de maioría de idade, así como a proposición de proba que considere pertinente.

Artigo 55. *Tramitación e resolución.*

1. Admitida a trámite polo secretario xudicial a solicitude, convocará a comparecencia ante o xuíz o menor, os seus proxenitores ou, se for o caso, o seu titor, o Ministerio Fiscal e aqueles que poidan estar interesados, que serán oídos por esta orde. Posteriormente, practicaránse aquelas probas que fosen propostas e acordadas.

2. O xuíz, tendo en conta a xustificación ofrecida e valorando o interese do menor, resolverá concedendo ou denegando a emancipación ou o beneficio de maioría de idade solicitados.

3. Remítirase ao Rexistro Civil o testemuño da concesión da emancipación ou do beneficio de maioría de idade para proceder á súa inscrición.

CAPÍTULO VI

Da protección do patrimonio das persoas con discapacidade

Artigo 56. *Ámbito de aplicación.*

1. Aplicaranse as normas deste capítulo aos expedientes que teñan por obxecto algunha das actuacións xudiciais previstas no capítulo I da Lei 41/2003, do 18 de

novembro, sobre protección patrimonial das persoas con discapacidade e, en concreto, para:

a) A constitución do patrimonio protexido das persoas con discapacidade ou aprobación das achegas a este cando os seus proxenitores, titor ou curador se neguen inxustificadamente a prestar o consentimento ou asentimento a iso.

b) O nomeamento do seu administrador cando non se poida realizar conforme o título de constitución.

c) O establecemento de exencións á exigencia de obter por parte do administrador da autorización ou aprobación xudicial para a realización de actos de disposición, gravame ou outros, que se refiran aos bens e dereitos integrantes do patrimonio protexido das persoas con discapacidade.

d) A substitución do administrador, o cambio das regras de administración, o establecemento de medidas especiais de fiscalización, a adopción de cautelas, a extinción do patrimonio protexido ou calquera outra medida de análoga natureza que sexa necesaria tras a constitución do patrimonio protexido.

Artigo 57. *Competencia, lexitimación e postulación.*

1. Será competente para o coñecemento deste expediente o xulgado de primeira instancia do domicilio ou, no seu defecto, da residencia da persoa con discapacidade.

2. Para promover os expedientes regulados neste capítulo unicamente está lexitimado o Ministerio Fiscal, que actuará de oficio ou por solicitude de calquera persoa e deberá ser oído en todas as actuacións xudiciais relativas ao patrimonio protexido.

3. Os interesados non precisarán de avogado nin procurador para intervir no expediente.

Artigo 58. *Solicitude, tramitación e resolución do expediente.*

1. O expediente iniciárase mediante solicitude por escrito do Ministerio Fiscal, na cal se consignarán os datos e as circunstancias de identificación da persoa con discapacidade, dos seus representantes ou do seu curador, segundo proceda, e dos demais interesados no asunto, así como o domicilio ou os domicilios en que poden ser citados, e os feitos e demais alegacións que procedan.

2. A súa tramitación axustarase ás normas xerais de tramitación previstas nesta lei.

3. O xuíz ditará a resolución en interese da persoa con discapacidade.

Se a resolución establece a constitución do patrimonio protexido dunha persoa con discapacidade, aquela deberá conter, polo menos, o inventario dos bens e dereitos que inicialmente o constitúan; as regras da súa administración e, se for o caso, de fiscalización, así como os procedementos de designación das persoas que deban integrar os órganos de administración ou, se é o caso, de fiscalización.

4. Contra a resolución poderase recorrer en apelación con efectos suspensivos, salvo cando se nomee administrador do patrimonio protexido por non se poder designar conforme as regras establecidas no documento público ou a resolución xudicial de constitución.

5. Se a resolución ditada polo xuíz é a constitución dun patrimonio protexido e o administrador designado non é o propio beneficiario deste, aquela deberá ser comunicada ao Rexistro Civil para a súa inscrición, así como as demais circunstancias relativas ao patrimonio protexido e á designación e modificación de administradores do dito patrimonio.

Igualmente, deberase entregar testemuño da resolución á parte para a súa inscrición nos rexistros respectivos cando os bens que integren o patrimonio protexido teñan o carácter de rexistrables para a súa inscrición ou anotación, ou ás xestoras de institucións de investimento colectivo ou de sociedades mercantís se se trata de participacións ou accións destas.

CAPÍTULO VII

Do dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente

Artigo 59. *Ámbito de aplicación, competencia, lexitimación e postulación.*

1. Aplicaranse as disposicións deste capítulo para a obtención de autorización xudicial do consentimento ás intromisións lexítimas no ámbito de protección delimitado polo artigo 3 da Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, cando o Ministerio Fiscal se opuxese ao consentimento outorgado polo representante legal dun menor ou dunha persoa con capacidade modificada xudicialmente.

2. Será competente para o coñecemento deste expediente o xulgado de primeira instancia do domicilio ou, no seu defecto, da residencia do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente.

3. Para promover este expediente está lexitimado o representante legal do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente, sen que sexa preceptiva a intervención de avogado nin procurador.

Artigo 60. *Tramitación e resolución.*

1. O expediente iniciárase mediante solicitude que deberá ir acompañada do proxecto de consentimento, do documento en que conste a notificación da oposición do Ministerio Fiscal e dos que acrediten a súa representación legal.

2. Unha vez admitida a solicitude polo secretario xudicial, este sinalará o día e a hora para a comparecencia, á cal se citará o Ministerio Fiscal, o representante legal do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente e este se o xuíz o cre necesario. O xuíz poderá acordar tamén, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal, a citación, se for o caso, doutros interesados.

3. O xuíz ditara resolución ao remate da comparecencia ou, se a complexidade do asunto o xustifica, dentro dos cinco días seguintes, en atención ao interese superior do menor ou da persoa coa capacidade modificada xudicialmente.

4. Contra esta resolución caberá recurso de apelación, con efectos suspensivos, que se resolverá con carácter preferente.

5. Se os representantes legais do menor ou da persoa coa capacidade modificada xudicialmente queren que se revogue o consentimento outorgado xudicialmente, poñerano en coñecemento do xuíz, quen ditara resolución en que se deixe sen efecto.

CAPÍTULO VIII

Da autorización ou aprobación xudicial para a realización de actos de disposición, gravame ou outros que se refiran aos bens e dereitos de menores e de persoas con capacidade modificada xudicialmente

Artigo 61. *Ámbito de aplicación.*

Aplicaranse as disposicións deste capítulo en todos os casos en que, conforme o Código civil ou a Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade, o representante legal do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente ou o administrador dun patrimonio protexido necesite autorización ou aprobación xudicial para a validez de actos de disposición, gravame ou outros que se refiran aos seus bens ou dereitos ou ao patrimonio protexido, salvo que estivese establecida unha tramitación específica.

Artigo 62. *Competencia, lexitimación e postulación.*

1. Será competente para o coñecemento deste expediente o xulgado de primeira instancia do domicilio ou, no seu defecto, da residencia do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente.

2. Poderán promover este expediente os que teñan a representación legal do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente para os fins de realizar o acto xurídico de que se trate, o curador ou o defensor xudicial, se for o caso, así como o constituído en tutela ou curatela, se non lle tivese sido prohibido.

Cando se trate da administración de bens ou dereitos determinados, con facultades concretas sobre estes, conferida polo seu transmitente a título gratuito a favor de quen non teña a representación legal dun menor ou dunha persoa con capacidade modificada xudicialmente, ou cando se exerzan separadamente a tutela da persoa e a dos bens deberá solicitar a autorización, se é precisa, o administrador designado polo transmitente ou o titor dos bens.

Se o acto é respecto aos bens do patrimonio protexido, o lexitimado será o seu administrador.

3. Non será preceptiva a intervención de avogado nin procurador sempre que o valor do acto para o cal se inste o expediente non supere os 6.000 euros; noutro caso será necesaria a súa actuación.

Artigo 63. *Solicitud.*

1. Na solicitude deberase expresar o motivo do acto ou negocio de que se trate e razoarse a necesidade, utilidade ou conveniencia deste, identificarse con precisión o ben ou dereito a que se refira e expoñerse, se for o caso, a finalidade a que se deba aplicar a suma que se obteña.

Coa petición que se deduza presentaranse os documentos e antecedentes necesarios para poder formular xuízo exacto sobre o negocio de que se trate e, se for o caso, as operacións particionais da herdanza ou da división da cousa común realizada.

2. No caso de autorización solicitada para transixir, xuntarse, ademais, o documento en que se formulasen as bases da transacción.

3. Se a solicitude é para a realización dun acto de disposición, poderase tamén incluír na solicitude a petición de que a autorización se estenda á celebración de venda directa, sen necesidade de poxa nin intervención de persoa ou entidade especializada. Neste caso, deberá ir acompañada de ditame pericial de valoración do prezo de mercado do ben ou dereito de que se trate e especificarse as demais condicións do acto de disposición que se pretenda realizar.

Artigo 64. *Tramitación.*

1. Admitida a trámite a solicitude polo secretario xudicial, este citará a comparecencia o Ministerio Fiscal, así como todas as persoas que, segundo os distintos casos, exixan as leis e, en todo caso, o afectado que teña suficiente madurez e o menor maior de 12 anos.

2. Cando proceda ditame pericial, emitirase antes de se celebrar a comparecencia, á cal se deberá citar o perito ou peritos que o emitisen, se así se acorda, para responder ás cuestións que lle formulen tanto os intervinientes como o xuíz.

Artigo 65. *Resolución.*

1. O xuíz, tendo en conta a xustificación ofrecida e valorando a súa conveniencia aos intereses do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente, resolverá concedendo ou denegando a autorización ou aprobación solicitada.

2. A autorización para a venda de bens ou dereitos concederase baixo a condición de efectuarse en poxa pública logo de ditame pericial da súa valoración, salvo que fose instada a autorización por venda directa ou por persoa ou entidade especializada, sen necesidade de poxa e que o xuíz así o autorice.

Exceptúase o caso de que se trate de accións, obrigacións ou outros títulos admitidos a negociación en mercado secundario, en que se acordará que se alleen de acordo coas leis que rexen estes mercados.

3. No caso de autorización solicitada para transixir, se é concedida polo xuíz, determinará a expedición de testemuño que se entregará ao solicitante para o uso que corresponda.

4. Se se autoriza a realización dalgún acto de gravame sobre bens ou dereitos que pertencen ao menor ou á persoa con capacidade modificada xudicialmente, ou a extinción de dereitos reais pertencentes a eles, ordenarase seguir as mesmas formalidades establecidas para a venda, con exclusión da poxa.

5. Contra a resolución poderase recorrer en apelación con efectos suspensivos.

Artigo 66. *Destino da cantidade obtida.*

O xuíz poderá adoptar as medidas necesarias para asegurar que a cantidade obtida polo acto de alleamento ou gravame, así como pola realización do negocio ou contrato autorizado, se aplique á finalidade en atención á cal se concedeu a autorización.

CAPÍTULO IX

Da declaración de ausencia e falecemento

Artigo 67. *Ámbito de aplicación.*

Aplicaranse as normas deste capítulo ás actuacións xudiciais previstas no título VIII do libro I do Código civil relativas á desaparición e ás declaracións de ausencia e falecemento dunha persoa.

Artigo 68. *Competencia, lexitimación e postulación.*

1. Na declaración de ausencia e falecemento, será competente o xulgado de primeira instancia do último domicilio da persoa de cuxa declaración de ausencia ou falecemento se trate ou, no seu defecto, o da súa última residencia.

Non obstante o anterior, se se trata da declaración de falecemento nos supostos dos números 2 e 3 do artigo 194 do Código civil, será competente, en relación con todos os afectados, o xulgado de primeira instancia do lugar do sinistro. Se este acaecese fóra do territorio español, será competente, respecto dos españois e das persoas residentes en España, o do lugar onde se iniciou a viaxe, e, se este se iniciou no estranxeiro, o do lugar correspondente ao domicilio ou residencia en España da maioría dos afectados. Cando a competencia non se poida determinar conforme os criterios anteriores, será competente o xulgado de primeira instancia do lugar do domicilio ou residencia de calquera deles.

2. Están lexitimados para presentar a solicitude dos expedientes de declaración de ausencia e falecemento o Ministerio Fiscal, de oficio ou en virtude de denuncia, o cónxuxe do ausente non separado legalmente, a persoa que estea unida por análoga relación de afectividade á conxugal, os parentes consanguíneos ata o cuarto grao e calquera persoa que fundadamente poida ter sobre os bens do desaparecido algún dereito exercible en vida deste ou dependente da súa morte. Non obstante, a declaración de falecemento a que se refiren os números 2 e 3 do artigo 194 do Código civil realizarase unicamente por instancia do Ministerio Fiscal.

3. Nos casos de desaparición ou de ausencia legal, na solicitude inicial expresaranse o nome, o domicilio e os demais datos de localización dos parentes coñecidos máis próximos do ausente ou desaparecido ata o cuarto grao de consanguinidade e o segundo de afinidade.

4. Na tramitación destes expedientes non será preceptiva a intervención de avogado nin procurador.

Artigo 69. *Defensor xudicial en caso de desaparición.*

1. Nos casos de desaparición dunha persoa, se a parte lexitimada ou o Ministerio Fiscal solicitan, conforme o artigo 181 do Código civil, o nomeamento dun defensor, acreditados os requisitos que o dito precepto establece, o secretario xudicial nomeará defensor a quen corresponda, logo de celebración de comparecencia no prazo máximo de cinco días desde a presentación da solicitude, á cal serán citados os interesados e o Ministerio Fiscal e serán oídas as testemuñas propostas polo solicitante.

2. En caso de urxencia por seguirse prexuízo se se espera para o nomeamento ata a celebración da comparecencia, o secretario xudicial poderá designar de inmediato defensor a quen corresponda ou a quen propoña o solicitante, así como adoptar medidas urxentes de protección do patrimonio do desaparecido; logo continuaranse os trámites ordinarios do expediente que, neste caso, terminará por resolución pola cal se ratifiquen ou se revoguen o nomeamento e as medidas acordadas ao inicio.

Artigo 70. *Declaración de ausencia.*

1. A declaración de ausencia legal a que se refiren os artigos 182 a 184 do Código civil, co conseguinte nomeamento de representante do ausente, será instada por parte interesada ou polo Ministerio Fiscal, para o cal se achegarán as probas precisas que acrediten a concorrencia no caso de cantos requisitos exige o mencionado código para tal declaración.

2. O secretario xudicial admitirá a solicitude e sinalará o día e a hora para a comparecencia, que terá lugar no prazo máximo dun mes, á cal citará o solicitante e o Ministerio Fiscal, así como os parentes indicados na solicitude inicial e aqueles que consten no expediente como interesados, e ordenará publicar dúas veces a resolución de admisión mediante edictos, con intervalo mínimo de oito días, na forma establecida na Lei de axuizamento civil, no «Boletín Oficial del Estado» e no taboleiro do concello da localidade en que o ausente tivo o seu último domicilio. No edicto farase constar que poderá intervir na comparecencia calquera que poida ter interese na declaración de ausencia.

3. Nestes expedientes, o secretario xudicial poderá adoptar de oficio ou por instancia de interesado, con intervención do Ministerio Fiscal, cantas medidas de pescuda e investigación considere procedentes, así como todas as de protección que xulgue útiles para o desaparecido ou ausente.

4. Se na comparecencia se propón a práctica dalgún medio probatorio ou actuación útil para a pescuda do paradiro da persoa de que se trate no expediente, o secretario xudicial poderá acordar a súa práctica posterior á comparecencia.

Artigo 71. *Resolución e nomeamento de representante do ausente.*

1. Practicadas as probas que se considerasen necesarias e finalizada a comparecencia, o secretario xudicial, se polo resultado da proba procede, ditará decreto de declaración legal de ausencia, nomeará o representante do ausente, consonte o disposto no artigo 184 do Código civil, a quen lle corresponderá a pescuda da persoa do ausente, a protección e administración dos seus bens e o cumprimento das súas obrigas, e dispoñerá canto proceda consonte o dito código, segundo o caso de que se trate.

2. Serán aplicables aos representantes dativos do ausente, en canto se adapten á súa especial representación, as disposicións establecidas nos capítulos IV e VIII sobre nomeamento dos titores, a aceptación, escusa e remoción do seu cargo, a prestación de fianza e a fixación da súa retribución, así como a obtención de autorizacións e aprobacións para a realización de determinados actos referidos a bens e dereitos do ausente, e a súa rendición de contas unha vez concluída a súa xestión, que serán tramitados e decididos polo secretario xudicial.

Artigo 72. *Medidas provisionais.*

1. Se antes de se iniciar o expediente para a declaración de ausencia legal se adoptase algunha das medidas reguladas no Código civil para os casos de desaparición, subsistirán ata que teña lugar a dita declaración, a non ser que o secretario xudicial, por instancia do interesado ou do Ministerio Fiscal, considere conveniente modificalas.

2. Se non se adoptasen, o secretario xudicial poderá acordalas con carácter provisional mentres non se ultime o expediente de ausencia.

Artigo 73. *Práctica de inventario de bens.*

Aceptado o cargo polo representante, ao cal se lle dará testemuño da resolución para que lle sirva de título xustificativo, procederá a realizar o inventario de bens mobles e a descrición dos inmobles a que se refire o número primeiro do artigo 185 do Código civil, no cal se incluírán as débedas ou obrigas pendentes do ausente. Deberase practicar no mesmo expediente, con intervención do Ministerio Fiscal e de todos os interesados constituídos como parte nel.

Artigo 74. *Declaración de falecemento.*

1. A declaración de falecemento a que se refire o ordinal 2.º do artigo 194 do Código civil instará o Ministerio Fiscal inmediatamente despois do sinistro. Se se trata do suposto regulado no ordinal 3.º do mesmo artigo, farao aos oito días do sinistro se non se identificaron os restos.

Achegadas ou practicadas as probas que se xulgasen necesarias para acreditar a concorrencia de cantos requisitos exixen os mencionados ordinais dentro do prazo máximo de cinco días, coa colaboración, se for o caso, das oficinas diplomáticas ou consulares correspondentes, o secretario xudicial competente ditará no mesmo día a resolución oportuna.

O decreto ditado polo secretario xudicial declarará o falecemento de cantas persoas se encontren en tal situación, expresando como data a partir da cal se entende sucedida a morte, a do sinistro.

2. A declaración de falecemento a que se refiren o artigo 193 e os números 1, 4 e 5 do artigo 194 do Código civil poderana instar os interesados ou o Ministerio Fiscal, e tramitarse conforme o establecido neste capítulo.

O decreto que dite o secretario xudicial nestes casos declarará, se resulta acreditado, o cesamento da situación de ausencia legal, se tivese sido decretada previamente, e o falecemento da persoa, e expresará a data a partir da cal se entenda sucedida a morte.

3. Unha vez firme a declaración de falecemento do ausente, abrírase a sucesión nos seus bens e procederase á súa adxudicación polos trámites establecidos na Lei de axuízamento civil ou extraxudicialmente, segundo os casos.

Artigo 75. *Feitos posteriores á declaración de ausencia ou falecemento.*

1. Se se presenta algunha persoa que diga ser o declarado ausente ou falecido, o secretario xudicial ordenará que sexa identificada polos medios adecuados, que poderá acordar de oficio ou por instancia do interesado, convocando comparecencia á cal serán citados a persoa presentada, o Ministerio Fiscal e todos os que interviñeron no expediente de declaración.

Rematada a comparecencia, o secretario xudicial ditará decreto dentro dos tres días seguintes polo cal se deixará sen efecto ou se ratificará a resolución de declaración de ausencia ou falecemento.

2. Se non se presenta, pero se teñen noticias da súa suposta existencia en paradiro coñecido, notificaráselle persoalmente ao presunto afectado a resolución de declaración da súa ausencia ou falecemento, e será requirido para que no prazo de vinte días achegue as probas da súa identidade. Transcorrido o prazo, con independencia de que presentase ou non as probas, o secretario xudicial convocará a comparecencia referida no punto

anterior, e citará os que alí se expresan. O secretario xudicial ditará a resolución que proceda dentro dos tres días seguintes.

3. Se a persoa que di ser o desaparecido o solicita e achega identificación documental que o secretario xudicial considere abondo para isto, poderase decretar a suspensión da actuación do representante do declarado ausente ata a celebración da comparecencia.

4. Se se ten noticia da morte do desaparecido despois da declaración de ausencia ou de falecemento, o secretario xudicial, logo de celebrar a comparecencia á cal se citarán os interesados e o Ministerio Fiscal e na cal se practicarán as probas pertinentes para a comprobación do falecemento, resolverá sobre a revogación da resolución nos tres días seguintes.

Artigo 76. *Constancia do falecemento do desaparecido.*

Se en calquera momento durante a substanciación dalgún dos expedientes a que se refiren os artigos anteriores deste capítulo se comproba o falecemento do desaparecido ou ausente, arquivarase o expediente e quedarán sen efecto as medidas que se adoptasen.

Artigo 77. *Comunicación ao Rexistro Civil.*

Remítanse ao Rexistro Civil todos os testemuños necesarios para facer constar nel canto se prevén no artigo 198 do Código civil.

CAPÍTULO X

Da extracción de órganos de doadores vivos

Artigo 78. *Ámbito de aplicación e competencia.*

1. Aplicaranse as normas deste capítulo aos expedientes que teñan por obxecto a constatación da concorrencia do consentimento libre, consciente e desinteresado do doador e demais requisitos exixidos para a extracción e o transplante de órganos dun doador vivo pola Lei 30/1979, do 27 de outubro, sobre extracción e transplante de órganos, e as demais normas que a desenvolvan.

2. Será competente para coñecer destes expedientes o xuíz de primeira instancia da localidade onde teña que realizarse a extracción ou o transplante, á elección do solicitante.

Artigo 79. *Solicitud e tramitación do expediente.*

1. O expediente iniciárase mediante solicitud do doador ou comunicación do director do centro sanitario en que se vaia efectuar a extracción ou persoa en quen delegue, que expresará as circunstancias persoais e familiares do doador, o obxecto da doazón, o centro sanitario en que se debe efectuar a extracción, a identidade do médico responsable do transplante ou extracción ou no cal se delegue e xuntarase o certificado médico sobre a saúde mental e física do doador, emitido de conformidade co disposto na normativa correspondente.

Para a actuación nestes expedientes non será necesaria a intervención de avogado nin procurador.

2. Á comparecencia serán citados o médico que debe efectuar a extracción, o médico asinante do certificado a que se refire o punto anterior, o médico responsable do transplante ou en quen delegue e a persoa a quen corresponda dar a autorización para a intervención, conforme o documento de autorización para a extracción de órganos concedida ao centro sanitario de que se trate ou en quen este delegue.

3. O doador deberá outorgar o seu consentimento expreso ante o xuíz durante a comparecencia, tras oír as explicacións do médico que debe efectuar a extracción e as dos demais asistentes ao acto. O xuíz poderá, así mesmo, requirir destes as explicacións que considere oportunas sobre a concorrencia dos requisitos exixidos na lei para o outorgamento do consentimento.

Artigo 80. *Resolución.*

1. Se o xuíz considera que o consentimento prestado expresamente polo doador non o foi de forma libre, consciente e desinteresada, ou que non se cumpren os outros requisitos establecidos legalmente, non expedirá o documento de cesión do órgano.

2. En caso contrario, e se considera que se cumpriron os requisitos legais, expedirá por escrito o documento de cesión do órgano, que será asinado polo interesado, o médico que debe efectuar a extracción e os demais asistentes. Se algún deles dubida de que o consentimento prestado fose de forma expresa, libre, consciente e desinteresada, poderá opoñerse á doazón.

3. Do documento de cesión, no cal se fará constar a posibilidade que ten o doador de revogar o consentimento en calquera momento previo á intervención, facilitaráselle copia ao doador.

TÍTULO III

Dos expedientes de xurisdición voluntaria en materia de familia

CAPÍTULO I

Da dispensa do impedimento matrimonial

Artigo 81. *Competencia, lexitimación e postulación.*

1. O xuíz de primeira instancia do domicilio ou, no seu defecto, da residencia de calquera dos contraentes será competente para coñecer da solicitude de dispensa dos impedimentos de morte dolosa do cónxuxe ou persoa coa cal estivese unida por análoga relación de afectividade á conxugal e de parentesco para contraer matrimonio do grao terceiro entre colaterais, previstos no artigo 48 do Código civil.

2. Deberá promover este expediente o contraente en quen concorra o impedimento para o matrimonio.

3. Na práctica destas actuacións non será preceptiva a intervención de avogado nin procurador.

Artigo 82. *Solicitude.*

O expediente iniciárase mediante solicitude dirixida ao xulgado que expresará os motivos de índole particular, familiar ou social na cal se basea e á cal se xuntarán os documentos e antecedentes necesarios que acrediten a concorrencia da xusta causa exixida polo Código civil para que proceda a dispensa e, se for o caso, a proposición de proba, cuxa práctica acordará o xuíz. Se se trata do impedimento de parentesco, na solicitude expresárase, con claridade, a árbore xenealóxica dos contraentes.

Artigo 83. *Tramitación e resolución.*

1. Admitida a trámite polo secretario xudicial a solicitude, citará a comparecencia os contraentes e aqueles que poidan estar interesados, que serán oídos. Para a dispensa do impedimento de morte dolosa do cónxuxe anterior deberá ser citado, ademais, o Ministerio Fiscal. Na comparecencia practícaranse as probas que fosen propostas e acordadas.

2. O xuíz, tendo en conta a xustificación ofrecida, resolverá concedendo ou denegando a dispensa do impedimento para o matrimonio.

Artigo 84. *Testemuño.*

No caso de concesión da dispensa para o matrimonio, o secretario xudicial expedirá testemuño que se entregará ao solicitante para o uso que corresponda.

CAPÍTULO II

Da intervención xudicial en relación coa patria potestade*Sección 1.^a Disposición común*Artigo 85. *Tramitación.*

1. Nos expedientes a que se refire este capítulo, unha vez admitida a solicitude polo secretario xudicial, este citará a comparecencia o solicitante, o Ministerio Fiscal, os proxenitores, gardadores ou titores cando proceda, a persoa con capacidade modificada xudicialmente, se for o caso, ou o menor se ten suficiente madurez e, en todo caso, se é maior de 12 anos. Se o titular da patria potestade é un menor non emancipado, citaranse tamén os seus proxenitores e, na falta destes, o seu titor. Tamén se poderá acordar a citación doutros interesados.

2. O xuíz poderá acordar, de oficio ou por instancia do solicitante, dos demais interesados ou do Ministerio Fiscal, a práctica durante a comparecencia das dilixencias que considere oportunas. Se estas actuacións teñen lugar despois da comparecencia, darase traslado da acta correspondente aos interesados para que poidan efectuar alegacións no prazo de cinco días.

3. Non será preceptiva a intervención de avogado nin de procurador para promover e actuar nestes expedientes.

*Sección 2.^a Da intervención xudicial nos casos de desacordo no exercicio da patria potestade*Artigo 86. *Ámbito de aplicación, competencia e lexitimación.*

1. Aplicaranse as disposicións desta sección cando o xuíz deba intervir nos casos de desacordo no exercicio da patria potestade exercida conxuntamente polos proxenitores. Tamén serán de aplicación nos casos en que estea legalmente prevista a autorización ou intervención xudicial cando o titular da patria potestade sexa un menor de idade non emancipado e haxa desacordo ou imposibilidade dos seus proxenitores ou titor.

2. Será competente o xulgado de primeira instancia do domicilio ou, no seu defecto, da residencia do fillo. Non obstante, se o exercicio conxunto da patria potestade por parte dos proxenitores fose establecido por resolución xudicial, será competente para coñecer do expediente o xulgado de primeira instancia que a ditase.

3. Están lexitimados para promover este expediente ambos os proxenitores, individual ou conxuntamente. Se o titular da patria potestade é un menor non emancipado, tamén estarán lexitimados os seus proxenitores e, na falta destes, o seu titor.

*Sección 3.^a Das medidas de protección relativas ao exercicio inadecuado da potestade de garda ou de administración dos bens do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente*Artigo 87. *Ámbito de aplicación, competencia e lexitimación.*

1. Aplicaranse as disposicións desta sección para adoptar medidas en relación co exercicio inadecuado da potestade de garda de menores ou de persoas con capacidade modificada xudicialmente ou coa administración dos seus bens nos casos a que se refiren os artigos 158, 164, 165, 167 e 216 do Código civil. En concreto:

a) Para a adopción das medidas de protección dos menores e das persoas con capacidade modificada xudicialmente establecidas no artigo 158 do Código civil.

b) Para o nomeamento dun administrador xudicial para a administración dos bens adquiridos polo fillo por sucesión en que o pai, a nai ou ambos fosen xustamente desherdados ou non puidesen herdar por causa de indignidade, e o causante non

designase persoa para iso, nin poida tampouco desempeñar a dita función o outro proxenitor.

c) Para atribuír aos proxenitores que carezan de medios a parte dos froitos que en equidade proceda dos bens adquiridos polo fillo por título gratuito cando o dispoñente ordenase de maneira expresa que non sexan para estes, así como dos adquiridos por sucesión en que o pai, a nai ou ambos fosen xustamente desherdados ou non puidesen herdar por causa de indignidade, e daqueles doados ou deixados aos fillos especialmente para a súa educación ou carreira.

d) Para a adopción das medidas necesarias para asegurar e protexer os bens dos fillos, exixir caución ou fianza para continuar os proxenitores coa súa administración ou mesmo nomear un administrador cando a administración dos proxenitores poña en perigo o patrimonio do fillo.

2. Será competente o xulgado de primeira instancia do domicilio ou, no seu defecto, da residencia do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente. Non obstante, se o exercicio conxunto da patria potestade por parte dos proxenitores ou a atribución da garda e custodia dos fillos fose establecido por resolución xudicial, así como cando estean suxeitos a tutela, será competente para coñecer do expediente o xulgado de primeira instancia que coñecese do inicial.

3. As medidas a que se refire este capítulo adoptaranse de oficio ou por instancia do propio afectado, de calquera parente ou do Ministerio Fiscal. Cando se soliciten respecto dunha persoa con capacidade modificada xudicialmente, poderanse adoptar, así mesmo, por instancia de calquera interesado.

Artigo 88. *Resolución.*

Se o xuíz considera procedente a adopción de medidas, resolverá o que corresponda e designará persoa ou institución que, se for o caso, se deba encargar da custodia do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente, adoptará as medidas procedentes no caso conforme o establecido nos artigos 158 e 167 do Código civil, e poderá nomear, se procede, un defensor xudicial ou un administrador.

Artigo 89. *Actuación en casos de tutela.*

Nos casos de tutela do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente, o xuíz que coñecese do expediente remitirá testemuño da resolución definitiva a aquel que coñecese do nomeamento de titor.

CAPÍTULO III

Da intervención xudicial nos casos de desacordo conxugal e na administración de bens gananciais

Artigo 90. *Ámbito de aplicación, competencia, postulación e tramitación.*

1. Seguiranse os trámites regulados nas normas comúns desta lei cando os cónxuxes, individual ou conxuntamente, soliciten a intervención ou autorización xudicial para:

a) Fixar o domicilio conxugal ou dispoñer sobre a vivenda habitual e obxectos de uso ordinario, se hai desacordo entre os cónxuxes.

b) Fixar a contribución ás cargas do matrimonio, cando un dos cónxuxes incumpra tal deber.

c) Realizar un acto de administración respecto de bens comúns por ser necesario o consentimento de ambos os cónxuxes, ou para a realización dun acto de disposición a título oneroso sobre eles, por encontrarse o outro cónxuxe impedido para prestalo ou por negarse inxustificadamente a isto.

d) Conferir a administración dos bens comúns cando un dos cónxuxes se encuentre impedido para prestar o consentimento ou abandonase a familia ou exista separación de feito.

e) Realizar actos de disposición sobre inmobles, establecementos mercantís, obxectos preciosos ou valores mobiliarios, salvo o dereito de subscripción preferente, se o cónxuxe ten a administración e, de ser o caso, a disposición dos bens comúns por ministerio da lei ou por resolución xudicial.

2. Nos expedientes sobre atribución da administración e disposición dos bens comúns a un só dos cónxuxes, o xuíz poderá acordar, así mesmo, cautelas e limitacións, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal cando teña que intervir no expediente.

3. Nos expedientes a que se refiren os dous puntos anteriores será competente o xulgado de primeira instancia do que sexa ou fose o último domicilio ou residencia dos cónxuxes.

Non será preceptiva a intervención de avogado nin de procurador para promover e actuar nestes expedientes, salvo que a intervención xudicial sexa para a realización dun acto de carácter patrimonial cun valor superior a 6.000 euros, caso en que será necesario.

4. O xuíz oirá na comparecencia o solicitante, o cónxuxe non solicitante, se for o caso, e os demais interesados, sen prexuízo da práctica das demais dilixencias de proba que considere pertinentes.

5. Nestes expedientes daráselle audiencia ao Ministerio Fiscal cando estean comprometidos os intereses dos menores ou das persoas con capacidade modificada xudicialmente.

TÍTULO IV

Dos expedientes de xurisdición voluntaria relativos ao dereito sucesorio

CAPÍTULO I

Da testamentaría

Artigo 91. *Ámbito de aplicación, competencia, postulación e tramitación.*

1. Nos casos en que, de acordo coa lexislación civil, resulte necesario será de aplicación o previsto neste capítulo:

1.º Para os casos de renuncia do testamenteiro ao seu cargo ou de prórroga do prazo da testamentaría.

2.º Para a remoción do seu cargo.

3.º Para a rendición de contas do testamenteiro.

4.º Para a obtención de autorización para que o testamenteiro poida efectuar actos de disposición sobre bens da herdanza.

2. Para a actuación nestes expedientes non será preceptiva a intervención de avogado nin de procurador cando a contía do haber hereditario sexa inferior a 6.000 euros.

3. Será competente para coñecer destes expedientes, cuxa tramitación se axustará ás normas comúns desta lei, o xulgado de primeira instancia do último domicilio ou residencia habitual do causante, ou de onde estea a maior parte do seu patrimonio, con independencia da súa natureza de conformidade coa lei aplicable, ou o do lugar en que falecese, sempre que estean en España, á elección do solicitante. En defecto de todos eles, será competente o xulgado de primeira instancia do lugar do domicilio do solicitante.

4. A decisión destes expedientes corresponderá ao xuíz, salvo a resolución dos supostos previstos no ordinal 1.º do número 1 deste artigo, que corresponderá ao secretario xudicial.

CAPÍTULO II

Dos contadores partidores dativos

Artigo 92. *Ámbito de aplicación, competencia, postulación e tramitación.*

1. Será de aplicación o previsto neste capítulo:
 - a) Para a designación do contador partidor dativo nos casos previstos no artigo 1057 do Código civil.
 - b) Para os casos de renuncia do contador partidor nomeado ou de prórroga do prazo fixado para a realización do seu encargo.
 - c) Para a aprobación da partición realizada polo contador partidor cando resulte necesario por non ter sido confirmada expresamente por todos os herdeiros e legatarios.
2. Para a actuación nestes expedientes non será preceptiva a intervención de avogado nin de procurador cando a contía do haber hereditario sexa inferior a 6.000 euros.
3. A tramitación e decisión destes expedientes, que se axustará ás normas comúns desta lei e ao disposto no Código civil, corresponderalle ao secretario xudicial do xulgado de primeira instancia do último domicilio ou residencia habitual do causante, ou de onde estea a maior parte do seu patrimonio, con independencia da súa natureza de conformidade coa lei aplicable, ou o do lugar en que falecese, sempre que estean en España, á elección do solicitante. En defecto de todos eles, será competente o xulgado de primeira instancia do lugar do domicilio do solicitante.

CAPÍTULO III

Da aceptación e repudiación da herdanza

Artigo 93. *Ámbito de aplicación.*

1. Aplicaranse as disposicións deste capítulo en todos os casos en que, conforme a lei, a validez da aceptación ou a repudiación da herdanza necesite autorización ou aprobación xudicial.
2. En todo caso, precisarán autorización xudicial:
 - a) Os proxenitores que exerzan a patria potestade para repudiar a herdanza ou legados en nome dos seus fillos menores de 16 anos, ou se mesmo sendo maiores de idade sen chegar á maioría, non prestan o seu consentimento.
 - b) Os titores e, se for o caso, os defensores xudiciais, para aceptaren sen beneficio de inventario calquera herdanza ou legado ou para repudialos.
 - c) Os acredores do herdeiro que repudiasse a herdanza á cal fose chamado en prexuízo daqueles, para aceptaren a herdanza no seu nome.
3. Así mesmo, será necesaria a aprobación xudicial para a eficacia da repudiación da herdanza realizada polos lexítimos representantes das asociacións, corporacións e fundacións capaces de adquirir.

Artigo 94. *Competencia, lexitimación e postulación.*

1. Será competente para coñecer destes expedientes, cuxa tramitación se axustará ás normas comúns desta lei, o xulgado de primeira instancia do último domicilio ou, no seu defecto, da última residencia do causante e, se o ten en país estranxeiro, o do lugar do seu último domicilio en España ou onde estea a maior parte dos seus bens, á elección do solicitante.
2. Poderán promover este expediente os que teñan a representación dos chamados á herdanza, eles mesmos representados polo Ministerio Fiscal se son menores ou teñen

a capacidade modificada xudicialmente, o seu defensor xudicial se non se lle dese a autorización no nomeamento e os acredores do herdeiro que repudiasen a herdanza.

3. Será necesaria a intervención do Ministerio Fiscal nos casos establecidos nas letras a) e b) do número 2 do artigo 93.

4. Para a actuación nestes expedientes non será preceptiva a intervención de avogado nin de procurador cando a contía do haber hereditario sexa inferior a 6.000 euros.

Artigo 95. *Resolución.*

1. O xuíz, tendo en conta a xustificación ofrecida e valorando a súa conveniencia aos intereses dos chamados á herdanza, resolverá concedendo ou denegando a autorización ou aprobación solicitada.

2. No caso de se ter solicitado autorización ou aprobación para aceptar sen beneficio de inventario ou repudiar a herdanza, se non é concedida polo xuíz, só poderá ser aceptada a beneficio de inventario.

3. Contra a resolución poderase recorrer en apelación con efectos suspensivos.

TÍTULO V

Dos expedientes de xurisdición voluntaria relativos ao dereito de obrigas

CAPÍTULO I

Da fixación do prazo para o cumprimento das obrigas cando proceda

Artigo 96. *Ámbito de aplicación.*

Cando, conforme o artigo 1128 do Código civil ou calquera outra disposición legal, proceda que se sinale xudicialmente o prazo para o cumprimento dunha obriga por instancia dalgún dos suxeitos desta, seguiranse as normas comúns da presente lei.

Artigo 97. *Competencia e postulación.*

1. A tramitación e resolución do presente expediente corresponderá ao xuíz de primeira instancia do domicilio do debedor. Se a relación trabada é entre un consumidor ou usuario e un empresario ou profesional, e este é o debedor da prestación, a competencia poderá corresponder tamén ao xuíz de primeira instancia do domicilio do acredor, á elección deste.

2. Para a actuación neste expediente non será preceptiva a intervención de avogado nin procurador.

3. Se se suscita oposición, o expediente farase contencioso e o secretario xudicial citará os interesados a unha vista, e a tramitación continuará consonte o previsto para o xuízo verbal.

CAPÍTULO II

Da consignación

Artigo 98. *Ámbito de aplicación, competencia e postulación.*

1. Aplicarase o disposto neste capítulo nos casos en que, procedendo a consignación conforme a lei, se realice ante o órgano xudicial.

2. Será competente o xulgado de primeira instancia correspondente ao lugar onde se deba cumprir a obriga e, se se pode cumprir en distintos lugares, calquera deles á elección do solicitante. No seu defecto, será competente o que corresponda ao domicilio do debedor.

3. Para a actuación no presente expediente non será preceptiva a intervención de avogado nin de procurador.

Artigo 99. *Tramitación.*

1. O que promova a consignación xudicial expresará na súa solicitude os datos e as circunstancias de identificación dos interesados na obriga a que se refira a consignación, o domicilio ou os domicilios en que poidan ser citados, así como as razóns desta, todo o relativo ao obxecto da consignación, a súa posta á disposición do órgano xudicial e, se for o caso, o que se solicite en canto ao seu depósito.

Así mesmo, deberá acreditar ter efectuado o ofrecemento de pagamento, se procede, e, en todo caso, o anuncio da consignación ao acredor e aos demais interesados na obriga.

Coa solicitude deberase efectuar a posta á disposición da cousa debida, sen prexuízo de que posteriormente se poida designar como depositario o propio promotor.

2. Se a solicitude non reúne os requisitos necesarios, o secretario xudicial ditará decreto que así o declare e mandará devolverlle o consignado ao promotor.

En caso contrario, admitida a solicitude polo secretario xudicial, este notificaralles aos interesados a existencia da consignación, para os efectos de que no prazo de dez días retiren a cousa debida ou realicen as alegacións que consideren oportunas. Igualmente adoptará as medidas oportunas en canto ao depósito da cousa debida.

3. Cando os interesados comparecidos retiren a cousa debida aceptando expresamente a consignación, o secretario xudicial ditará decreto en que a terá por aceptada, cos efectos legais procedentes, e mandará cancelar a obriga e, se for o caso, a garantía, se así o solicita o promotor.

4. Se, transcrito o prazo, non proceden a retirar a cousa debida, non realizan ningunha alegación ou rexeitan a consignación, darase traslado ao promotor para que inste, no prazo de cinco días, a devolución do consignado ou o mantemento da consignación.

No caso de que o promotor solicite a devolución do consignado, daráselle traslado da petición ao acredor por cinco días e será autorizado para retiralo, o secretario xudicial ditará decreto en que acorde o arquivamento do expediente e o acredor perderá toda preferencia que teña sobre a cousa, e os copromotores e fiadores quedarán libres. Se a cousa se retira pola exclusiva vontade do promotor, o arquivamento do expediente deixará subsistente a obriga.

Cando o promotor inste o mantemento da consignación, o secretario xudicial citará o promotor, o acredor e aqueles que poidan estar interesados a unha comparecencia que se celebrará ante o xuíz, na cal serán oídos e se practicarán aquelas probas que fosen propostas e acordadas.

5. O xuíz, tendo en conta a xustificación ofrecida, a obriga e a concorrencia na consignación dos requisitos que correspondan, resolverá declarando ou non que está ben feita esta.

Se a resolución ten por ben feita a consignación, esta producirá os efectos legais procedentes, entregárselle ao acredor a cousa consignada e mandarase cancelar a obriga se o promotor o solicita. En caso contrario, a obriga subsistirá e devolveráselle ao promotor o consignado.

6. Os gastos ocasionados pola consignación serán por conta do acredor se é aceptada ou se declara estar ben feita. Eses gastos serán por conta do promotor se é declarada improcedente ou retira a cousa consignada.

TÍTULO VI

Dos expedientes de xurisdición voluntaria relativos aos dereitos reais

CAPÍTULO I

Da autorización xudicial ao usufrutuário para reclamar créditos vencidos que formen parte do usufruto

Artigo 100. *Ámbito de aplicación.*

Aplicaranse as disposicións deste capítulo nos supostos en que o usufrutuário pretenda reclamar e cobrar por si mesmo os créditos vencidos que formen parte do usufruto, cando estea dispensado de prestar fianza ou non poida constituíla, ou a constituída non sexa suficiente e non conte coa autorización do propietario para facelo, así como para poñer a xuro o capital obtido coa dita reclamación se non conta co acordo do propietario.

Artigo 101. *Competencia e postulación.*

1. Será competente para coñecer destes expedientes, cuxa tramitación se axustará ás normas comúns da presente lei, o xulgado de primeira instancia do último domicilio ou, no seu defecto, da última residencia do solicitante.

2. Para a actuación nestes expedientes non será preceptiva a intervención de avogado nin de procurador.

Artigo 102. *Solicitud.*

O expediente iniciárase mediante solicitude do usufrutuário, á cal se xuntarán os documentos ou medios de proba que acrediten o seu dereito, a existencia do crédito vencido que se pretenda reclamar ou, se for o caso, o importe cobrado ao realizalo e que pretenda poñer a xuro e a falta da autorización do propietario. No suposto de que solicite a autorización para poñer a xuro o capital obtido tras cobrar o crédito vencido, deberá ofrecer garantías suficientes para conservar a súa integridade.

Artigo 103. *Tramitación e resolución.*

1. Admitida a trámite polo secretario xudicial a solicitude, convocará a comparecencia o promotor, o propietario e aqueles que poidan estar interesados no cobramento do crédito, que serán oídos por esta orde. Posteriormente, practícaranse aquelas probas que fosen propostas e acordadas.

2. O xuíz, tendo en conta a xustificación ofrecida e valorando a conveniencia do cobramento do crédito que forma parte do usufruto ou do investimento do capital obtido, resolverá concedendo ou denegando a autorización solicitada.

Se a autorización outorgada é para cobrar un crédito vencido que forme parte do usufruto, deberá establecerse a obriga do usufrutuário de informar periodicamente ao tribunal, dentro dos prazos outorgados, sobre as xestións realizadas, así como do resultado final.

Pero se a autorización é para poñer a xuro o capital obtido polo cobramento dese crédito, a resolución deberá conter as garantías que terá que establecer o usufrutuário para conservar a integridade do capital.

CAPÍTULO II

Do expediente de deslindamento de predios non inscritosArtigo 104. *Ámbito de aplicación.*

Aplicaranse as disposicións deste capítulo cando se pretenda obter o deslindamento de predios que non estean inscritos no Rexistro da Propiedade. Se se trata de predios inscritos, aplicarase o disposto na lexislación hipotecaria.

Tampouco resultarán de aplicación aos inmobles cuxa titularidade corresponda ás administracións públicas, cuxo deslindamento se practicará conforme a súa lexislación específica.

Artigo 105. *Competencia, lexitimación e postulación.*

1. Será competente para o coñecemento deste expediente o secretario xudicial do xulgado de primeira instancia correspondente ao lugar onde estea situado o predio ou a maior parte del.

2. Iniciarase o expediente por instancia do titular do dominio do predio ou, de seren varios, de calquera deles, ou do titular de calquera dereito real de uso e desfrute sobre aquel.

3. Na tramitación do presente expediente será preceptiva a intervención de avogado se o valor do predio é superior a 6.000 euros.

Artigo 106. *Solicitud e tramitación.*

1. O expediente iniciarase mediante escrito en que se farán constar as circunstancias tanto do predio que se pretende deslindar coma dos estremeiros, así como os datos identificativos dos titulares dun e doutros, incluídos os catastrais, co seu domicilio se é coñecido polo solicitante. Cando o deslindamento solicitado non se refira á totalidade do perímetro do predio, determinarase a parte a que se teña que contraer. Respecto dos predios estremeiros que aparezan inscritos no Rexistro da Propiedade, deberase presentar igualmente certificación rexistral.

O solicitante do deslindamento deberá achegar, en todo caso, a certificación catastral descritiva e gráfica do predio obxecto do deslindamento e dos estremeiros, así como os documentos ou xustificantes que sirvan de fundamento á súa pretensión. Ademais, en caso de que o promotor manifeste que a representación gráfica catastral non coincide coa do deslindamento solicitado, deberá achegar representación gráfica xeorreferenciada deste. En todo caso, a representación gráfica alternativa deberá respectar o resto da delimitación dos predios afectados que resulten da cartografía catastral no non afectado polo deslindamento. Esta representación gráfica deberá estar debidamente xeorreferenciada e subscrita por técnico competente, de modo que permita a súa incorporación ao catastro unha vez practicado o deslindamento.

2. O secretario xudicial, admitida a solicitud, comunicarlles o inicio do expediente a todos os interesados, os cales, no prazo de quince días, poderán facer as alegacións e presentar as probas que consideren procedentes. Transcorrido o prazo, o secretario xudicial dará traslado a estes interesados de toda a documentación presentada e citaraos ao acto de deslindamento que terá lugar no prazo de trinta días para buscar a avinza entre eles.

Non se suspenderá a práctica do deslindamento pola falta de asistencia dalgún dos donos estremeiros, e quedará a salvo o seu dereito para demandar, no xuízo declarativo que corresponda, a posesión ou propiedade de que se crea despojado en virtude do deslindamento. Da mesma forma, se antes da comparecencia o dono dalgún dos predios estremeiros se opón ao deslindamento, arquivará o expediente en relación coa parte do predio estremeiro co do opositor, e reservará para as partes o seu dereito para que o exerzan no xuízo declarativo que corresponda, e continuará co resto.

Artigo 107. *Resolución.*

1. De lograrse o acordo, entre todos os interesados ou parte deles, o secretario xudicial fará constar nunha acta todo canto acorden e que o acto rematou con avinza total ou parcial respecto dalgún ou algúns dos lindeiros, así como os seus termos, que deberá ser asinada polos comparecentes. Se non se pode conseguir ningún acordo, farase constar que o acto rematou sen avinza.

2. Finalizado o acto, o secretario xudicial ditará decreto onde fará constar a avinza, ou que foi parcial respecto dalgún ou dalgúns dos lindeiros, ou que se celebrou sen avinza, e acordarase o arquivamento definitivo das actuacións. Ao decreto incorporarase a acta e, en todo caso, a certificación catastral descritiva e gráfica, e, no suposto de discordancia con esta, a representación gráfica alternativa achegada.

3. O secretario xudicial remitirá testemuño da acta e do decreto ao Catastro para os efectos de que este poida realizar, se for o caso, as alteracións catastrais que correspondan, segundo a súa normativa reguladora.

TÍTULO VII

Dos expedientes de poxas voluntarias

Artigo 108. *Ámbito de aplicación.*

Aplicaranse as disposicións deste título sempre que se deba proceder, fóra dun procedemento de constrinximento, ao alleamento en poxa de bens ou dereitos determinados, por instancia do propio interesado.

Artigo 109. *Competencia e postulación.*

1. Será competente o xulgado de primeira instancia que corresponda ao domicilio do titular e, se son varios titulares, o correspondente a calquera deles. Tratándose de bens inmoables, será competente o do lugar onde estes radiquen.

2. Para a actuación neste expediente non será preceptiva a intervención de avogado e procurador.

Artigo 110. *Solicitud.*

1. Será necesario solicitud de iniciación do expediente, coa identificación e co estado do ben ou dereito, que deberá ir acompañada dos documentos seguintes:

- a) Os que permitan acreditar a capacidade legal para contratar do solicitante.
- b) Os que acrediten o seu poder de disposición sobre o obxecto ou dereito da poxa.

Cando se trate de bens ou dereitos rexistrables, xuntarase certificación rexistral de dominio e cargas.

c) O prego de condicións particulares de acordo coas cales se teña que celebrar a poxa e onde se recollerá a valoración dos bens ou dereitos que se van poxar.

2. De existiren arrendatarios ou ocupantes do inmovible de cuxo alleamento se trate, o solicitante deberá identificalos na súa solicitud inicial e, en tal caso, procederase na forma prescrita no artigo 661 da Lei de axuizamento civil.

3. Na solicitud poderase pedir ao secretario xudicial que acorde a venda do ben ou dereito por parte de persoa ou entidade especializada. Se se considera procedente, o secretario xudicial acordará a dita venda con suxeición ao establecido no artigo 641 da Lei de axuizamento civil en canto sexa compatible coas disposicións deste título.

Artigo 111. *Tramitación.*

1. O secretario xudicial, antes de resolver sobre a solicitud, consultará o Rexistro Público Concursal para os efectos previstos na lexislación especial.

2. Á vista da documentación, resolverá o que proceda sobre a celebración da poxa. Se acorda a súa procedencia, o secretario xudicial poñerá en coñecemento do Rexistro Público Concursal a existencia do expediente con expresa especificación do número de identificación fiscal do titular persoa física ou xurídica cuxo ben vaia ser obxecto da poxa. O Rexistro Público Concursal notificaralle ao xulgado que estea coñecendo do expediente a práctica de calquera asento que se leve a cabo asociado ao número de identificación fiscal notificado, para os efectos previstos na lexislación concursal.

O secretario xudicial poñerá en coñecemento do Rexistro Público Concursal a finalización do expediente cando esta se produza.

3. Acordada a súa celebración, se se trata da poxa dun ben inmovible ou dereito real inscrito no Rexistro da Propiedade ou bens mobles suxeitos a un réxime de publicidade rexistral similar ao daqueles, o secretario xudicial solicitará por procedementos electrónicos certificación rexistral de dominio e cargas. O rexistrador da propiedade expedirá a certificación con información continuada por igual medio e fará constar esta circunstancia por nota na marxe do ben ou dereito. Esta nota producirá o efecto de indicar a situación de venda en poxa do ben ou dereito e caducará aos seis meses da súa data salvo que con anterioridade o secretario xudicial lle notifique ao rexistrador o peche do expediente ou a súa suspensión, caso en que o prazo se computará desde que o secretario xudicial notifique a súa reiniciación.

O rexistrador notificaralles ao secretario xudicial e ao portal de poxas da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado, inmediatamente e de forma telemática, o feito de se ter presentado outro ou outros títulos que afecten ou modifiquen a información inicial.

O portal de poxas recollerá a información proporcionada polo Rexistro de modo inmediato para o seu traslado aos que consulten o seu contido.

4. A poxa levarase a cabo, en todo caso, de forma electrónica no portal de poxas da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado, baixo a responsabilidade do secretario xudicial, polo que serán de aplicación as disposicións da Lei de axuizamento civil ao respecto, en canto sexan compatibles co previsto neste título.

5. A publicidade e a celebración da poxa axustaranse ao establecido na Lei de axuizamento civil en todo aquilo que non estea previsto no prego de condicións particulares. Nos edictos expresarase o prego de condicións.

6. Terminada a poxa, o secretario xudicial, mediante decreto, aprobará o remate en favor do único ou mellor licitador, sempre e cando cubra o tipo mínimo que fixase o solicitante ou non se reservase expresamente o dereito a aprobala, caso en que se lle dará vista do expediente para que no prazo de tres días pida o que lle interese. Daráselle igual comunicación no caso de que algún licitador faga a oferta de aceptar o remate modificando algunhas das condicións.

Se o solicitante aproba o remate ou acepta a proposición, resolverase tendo por aprobado o remate en favor do seu licitador.

7. Cando na poxa non haxa ningún licitador ou o solicitante non acepte a proposición, sobreserase o expediente.

8. O decreto de adxudicación conterá a descrición do ben ou dereito, a identificación dos intervenientes, a expresión das condicións da adxudicación e os demais requisitos necesarios, se for o caso, para a inscrición rexistral. Un testemuño da dita resolución, que se entregará ao adxudicatario, será título suficiente para a práctica das inscricións rexistrais que, se for o caso, correspondan.

TÍTULO VIII

Dos expedientes de jurisdicción voluntaria en materia mercantil

CAPÍTULO I

Da exhibición de libros das persoas obrigadas a levar contabilidade

Artigo 112. *Ámbito de aplicación.*

A exhibición de libros, documentos e soportes contables da persoa obrigada a levalos, nos casos en que proceda conforme a lei e co alcance que esta determine, poderase solicitar mediante este expediente, sempre que non exista norma especial aplicable ao caso.

Artigo 113. *Competencia e postulación.*

1. A competencia corresponderá ao xulgado do mercantil do domicilio da persoa obrigada á exhibición, ou do establecemento a cuxa contabilidade se refiran os libros e documentos de cuxa exhibición se trate.

2. Na tramitación destes expedientes será preceptiva a intervención de avogado e procurador.

Artigo 114. *Tramitación.*

1. A solicitude tramitarase de acordo coas normas comúns reguladas nesta lei. Deberá constar o dereito ou interese lexítimo do solicitante e especificaranse os asentos que deben ser examinados ou o seu contido na forma máis exacta posible, así como o obxecto e a finalidade da solicitude.

Admitida a solicitude polo secretario xudicial, este citará aqueles que teñan que intervir no expediente a unha comparecencia ante o xuíz. O xuíz resolverá sobre a solicitude motivadamente na propia comparecencia, que será documentada con posterioridade polo secretario xudicial, ou nos cinco días seguintes ao da súa finalización mediante auto.

2. Se se estima a solicitude, ordenarase que se poñan de manifesto os libros e documentos que proceda examinar e especificarase o alcance da exhibición; para tal fin requirirase a persoa obrigada e sinalarase día e hora para a exhibición. Se o requirido solicita algún horario concreto co fin de non perturbar as súas actividades, o xuíz acordará o que proceda, unha vez oídos os interesados. De maneira motivada e con carácter excepcional, o xuíz poderá reclamar que se presenten no xulgado os libros ou o seu soporte informático, sempre que se especifiquen os asentos que deben ser examinados.

Artigo 115. *Forma de realizar a exhibición.*

1. A persoa obrigada á exhibición ten o deber de colaborar e facilitar o acceso á documentación requirida para que o solicitante poida proceder ao seu exame.

2. A exhibición realizarase ante o secretario xudicial no domicilio ou establecemento da persoa obrigada a levar os libros, ou mediante a súa achega en soporte informático se así se acorda, e o solicitante poderá examinar os libros, documentos ou soportes especificados por si mesmo ou coa colaboración dos expertos que designase na súa solicitude e que o xuíz autorizase, e o secretario xudicial redactará a acta do actuado.

Artigo 116. *Multas coercitivas.*

1. Se a persoa obrigada á exhibición se nega inxustificadamente, obstaculiza ou quebranta o deber de colaborar e facilitar o acceso á documentación solicitada, será requirida polo secretario xudicial, por instancia do solicitante, para que o faga e se absteña de reiterar o quebrantamento, con apercibimento da imposición de multa e de incorrer nun delito de desobediencia á autoridade xudicial.

2. Se o incumprimento persiste, o secretario xudicial, tras oír o requirido, para asegurar o cumprimento da orde poderá impoñer mediante decreto e respectando o principio de proporcionalidade multas coercitivas de ata 300 euros ao día, que se ingresarán no Tesouro Público.

Para determinar a contía da multa, o secretario xudicial deberá ter en conta as circunstancias do feito de que se trate, así como os prexuízos que se lle poidan ter causado ao outro interesado.

CAPÍTULO II

Da convocatoria de xuntas xerais

Artigo 117. *Ámbito de aplicación.*

O expediente previsto neste capítulo aplicarase en todos os casos en que as leis permitan solicitar a convocatoria dunha xunta xeral, sexa ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 118. *Competencia, lexitimación e postulación.*

1. Será competente o xulgado do mercantil do domicilio social da entidade a que se faga referencia.

2. Poderá solicitar a convocatoria quen resulte lexitimado para iso polas correspondentes leis.

3. Para a actuación neste expediente será preceptiva a intervención de avogado e procurador.

Artigo 119. *Tramitación.*

1. O expediente iniciarase mediante escrito en que se solicite a convocatoria da xunta, onde se fará constar a concorrencia dos requisitos exixidos legalmente en cada caso, xunto cos estatutos, os documentos que xustifiquen a lexitimación e o cumprimento dos ditos requisitos.

2. Se a xunta é ordinaria, a solicitude deberase fundamentar en que non se reuniu dentro dos prazos legalmente establecidos. Se a xunta solicitada é extraordinaria, expresaranse os motivos da solicitude e a orde do día que se solicita.

3. Tamén se poderá solicitar no escrito que se designe un presidente e secretario para a xunta distintos dos que corresponda estatutariamente.

4. Admitida a solicitude, o secretario xudicial sinalará o día e a hora para a comparecencia, á cal se citará o órgano de administración.

5. Se accede ao solicitado, convocará a xunta xeral no prazo dun mes desde que fose formulada a solicitude; indicará o lugar, o día e a hora para a celebración, así como a orde do día, e designará o seu presidente e secretario. O lugar establecido deberá ser o fixado nos estatutos, e, se non o está, deberá estar dentro do termo municipal onde radique o domicilio da sociedade.

Se se solicita simultaneamente a celebración dunha xunta ordinaria e extraordinaria, poderase acordar que se celebren conxuntamente.

Contra o decreto polo cal se acorde a convocatoria da xunta xeral non caberá ningún recurso.

6. Unha vez obtida a aceptación de quen fose designado para presidila, a resolución en que se convoque a xunta deberá serlles notificada ao solicitante e ao administrador.

En caso de que a persoa designada non acepte, o secretario xudicial nomeará outra que a substitúa.

CAPÍTULO III

Do nomeamento e revogación de liquidador, auditor ou interventor dunha entidadeArtigo 120. *Ámbito de aplicación.*

En todos aqueles casos en que a lei prevexa a posibilidade de lle solicitar ao secretario xudicial o nomeamento de liquidador, auditor ou interventor, seguirase o expediente previsto neste capítulo.

Para a revogación ou o cesamento dos nomeamentos, cando sexa necesario que os realice o secretario xudicial, seguirase o mesmo expediente.

Artigo 121. *Competencia, lexitimación e postulación.*

1. A competencia para o nomeamento de liquidador, auditor e interventor corresponderá ao xulgado do mercantil do domicilio social da entidade a que se faga referencia.

2. Poderá solicitar o nomeamento de liquidador, auditor ou interventor quen resulte lexitimado para iso polas correspondentes leis.

3. Na tramitación destes expedientes será preceptiva a intervención de avogado e procurador.

Artigo 122. *Tramitación.*

1. O expediente iníciase mediante escrito en que se solicitará o nomeamento de liquidador, auditor e interventor e se fará constar a concorrencia dos requisitos exixidos legalmente en cada caso, xunto cos documentos en que se apoie a solicitude.

2. Examinada a solicitude e a documentación presentada, o secretario xudicial convocará a unha comparecencia, citando os interesados que, conforme a lei, deban intervir no expediente. Os administradores que non promovesen o expediente serán citados á dita comparecencia e daráselles traslado do escrito de solicitude.

Artigo 123. *Resolución e aceptación do cargo.*

1. O secretario xudicial resolverá o expediente por medio de decreto, que ditará no prazo de cinco días contados desde a terminación da comparecencia.

2. A decisión notificaráselles aos nomeados para a aceptación do cargo. Aceptado o nomeamento, serán provistos da acreditación correspondente.

3. O testemuño da resolución remitirase ao rexistro mercantil que corresponda para a súa inscrición.

CAPÍTULO IV

Da redución de capital social e da amortización ou alleamento das participacións ou acciónsArtigo 124. *Ámbito de aplicación, competencia e postulación.*

1. En todos aqueles casos en que a lei prevexa a posibilidade de lle solicitar ao secretario xudicial a redución de capital social ou a amortización ou o alleamento das participacións ou accións dunha sociedade, seguirase o expediente xeral previsto nesta lei.

2. A competencia corresponderá ao xulgado do mercantil do domicilio social da entidade a que se faga referencia.

3. Na tramitación destes expedientes será preceptiva a intervención de avogado e procurador.

CAPÍTULO V

Da disolución xudicial de sociedadesArtigo 125. *Ámbito de aplicación.*

Aplicarase o expediente regulado neste capítulo á disolución xudicial dunha sociedade nos casos en que proceda conforme a lei.

Artigo 126. *Competencia, lexitimación e postulación.*

1. A competencia para proceder á disolución xudicial dunha sociedade corresponderá ao xulgado do mercantil do seu domicilio social.

2. Están lexitimados para instar a disolución xudicial da sociedade os administradores, os socios e calquera interesado.

3. Na tramitación destes expedientes será preceptiva a intervención de avogado e procurador.

Artigo 127. *Tramitación.*

1. O expediente iniciarase mediante escrito en que se fará constar a concorrencia dos requisitos exixidos legalmente para proceder á disolución xudicial da sociedade, xunto cos documentos en que se apoie a solicitude.

Cando a solicitude a presente un suxeito lexitimado distinto dos administradores, deberase acreditar que se lle notificou á sociedade a solicitude de disolución.

2. O secretario xudicial dará traslado do escrito aos administradores, se non promovesen o expediente, e convocará unha comparecencia citando estes e os demais interesados que, conforme a lei, deban intervir no expediente.

Artigo 128. *Resolución.*

1. O xuíz resolverá o expediente por medio de auto no prazo de cinco días contados desde a terminación da comparecencia.

2. No suposto de que o xuíz declare disolta a sociedade, o auto incluírá a designación das persoas que vaian desempeñar o cargo de liquidadores e remitirase un testemuño deste ao Rexistro Mercantil que corresponda para a súa inscrición.

CAPÍTULO VI

Da convocatoria da asemblea xeral de obrigacionistasArtigo 129. *Ámbito de aplicación.*

O expediente previsto neste capítulo aplicarase en todos os casos en que as leis permitan solicitar a convocatoria dunha asemblea xeral de obrigacionistas.

Artigo 130. *Competencia, lexitimación e postulación.*

1. Será competente o xulgado do mercantil do domicilio social da entidade emisora das obrigacións.

2. Poderá solicitar a convocatoria quen resulte lexitimado para isto de acordo co ordenamento xurídico.

3. Para a actuación neste expediente será preceptiva a intervención de avogado e procurador.

Artigo 131. *Tramitación.*

1. O expediente iniciarase mediante escrito en que se solicite a convocatoria da asemblea, onde se fará constar a concorrencia dos requisitos exixidos legalmente en cada

caso, xunto cos estatutos sociais e, se for o caso, o regulamento do sindicato, os documentos que xustifiquen a lexitimación e o cumprimento dos ditos requisitos.

Admitida a solicitude, o secretario xudicial sinalará o día e a hora para a comparecencia, á cal citará o comisario designado na escritura de emisión e os promotores da asemblea.

2. Celebrada a comparecencia, ditará decreto en que, se procede, convocará a asemblea xeral de obrigacionistas para a constitución do sindicato de obrigacionistas e poderá designar un novo comisario en substitución do que non cumprise coa súa obriga de convocar a asemblea.

Contra o decreto polo que se acorde a convocatoria da asemblea xeral non caberá ningún recurso.

3. O secretario xudicial convocará a asemblea no prazo dun mes desde que fose formulada a solicitude, e indicará o lugar, o día e a hora para a celebración, así como a orde do día, de conformidade co regulamento do sindicato e co contido da solicitude.

CAPÍTULO VII

Do roubo, furto, extravío ou destrución de título valor ou representación de partes de socio

Artigo 132. *Ámbito de aplicación.*

Aplicaranse as disposicións deste capítulo cando se solicite a adopción das medidas previstas na lexislación mercantil nos casos de roubo, furto, extravío ou destrución de títulos valor ou de representación de partes de socio.

Artigo 133. *Competencia, lexitimación e postulación.*

1. Será competente o xulgado do mercantil do lugar de pagamento cando se trate dun título de crédito, do lugar de depósito no caso de títulos de depósito, ou o do lugar do domicilio da entidade emisora cando os títulos sexan valores mobiliarios, segundo proceda.

2. Estarán lexitimados para iniciar o expediente regulado neste capítulo os posuidores lexitimos dos títulos que fosen desposuídos deles, así como os que sufrisen a súa destrución ou extravío.

3. Para a actuación neste expediente será preceptiva a intervención de avogado e procurador.

Artigo 134. *Denuncia do feito no caso de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais.*

1. Poderá o lexitimado segundo o artigo anterior, se o seu valor está admitido a negociación nalgunha bolsa ou noutro mercado secundario oficial, dirixirse á sociedade reitora do mercado secundario oficial correspondente ao domicilio da entidade emisora para denunciar o roubo, furto, destrución ou extravío do título.

2. A sociedade reitora do mercado secundario oficial correspondente comunicarllo ás restantes sociedades reitoras, que o publicarán no taboleiro de anuncios para impedir a transmisión do título ou títulos afectados. Igualmente, publicará a denuncia no «Boletín Oficial del Estado» e, se o solicita o denunciante, nun xornal de gran circulación á súa elección.

3. O denunciante deberá solicitar a iniciación do expediente regulado neste capítulo no prazo máximo de nove días contados desde a formalización da denuncia.

4. Se non se notifica á sociedade reitora do mercado secundario oficial a incoación do expediente, levantará a interdicción dos valores, comunicarllo ás sociedades reitoras das restantes bolsas ou mercados oficiais e farao público mediante a súa fixación no taboleiro de anuncios.

Artigo 135. Tramitación.

1. O expediente iniciárase mediante un escrito en que o interesado xustificará a súa lexitimación para promoverlo. Se se denunciase a desposesión do valor ante a sociedade reitora do mercado secundario oficial correspondente, deberá facerse constar, expresando a data da presentación da denuncia.

2. Incoado o expediente, o secretario xudicial comunicarllo ao emisor dos valores e, se se trata dun título admitido a negociación, á sociedade reitora do mercado secundario oficial correspondente, para os efectos previstos no artigo anterior.

3. O secretario xudicial acordará o anuncio da incoación do expediente no «Boletín Oficial del Estado» e nun xornal de gran circulación na súa provincia e dispoñerá a citación de quen poida estar interesado no expediente.

4. Celebrada a comparecencia, o secretario xudicial ditara decreto en que se pronunciará acerca da prohibición de negociar ou transmitir os valores, da suspensión do pagamento do capital, xuros ou dividendos, ou ben do depósito das mercadorías, segundo proceda en atención ao título de que se trate e, se for o caso, ratificará a prohibición de negociación acordada pola sociedade reitora do mercado secundario oficial correspondente.

5. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, cando se trate dun título de tradición non procederá o depósito das mercadorías se son de imposible, difícil ou moi custosa conservación ou corren o perigo de sufrir grave deterioración ou de diminuír considerablemente de valor. Nese caso, o secretario xudicial instará o portador ou o depositario, logo de audiencia do tedor do título, para que entregue as mercadorías ao solicitante, se este prestase caución suficiente polo valor das mercadorías depositadas, máis a eventual indemnización dos danos e perdas ao tedor do título se se acredita posteriormente que o solicitante non tiña dereito á entrega.

6. Por pedimento do solicitante, o secretario xudicial poderá nomear un administrador para o exercicio dos dereitos de asistencia e de voto ás xuntas xerais e especiais de accionistas correspondentes aos títulos que sexan valores mobiliarios, así como para a impugnación dos acordos sociais. A retribución do nomeado será por conta do solicitante.

7. Transcorrido o prazo de seis meses sen que se suscitase controversia, o secretario xudicial autorizará aquel que promoveu o expediente para cobrar os rendementos que produza o título, e comunicarllo, por instancia deste, ao emisor para que poida proceder ao seu pagamento.

O secretario xudicial poderá, se o considera oportuno, exixir ao perceptor dos rendementos unha fianza que garanta, se for o caso, a súa devolución.

8. Transcorrido o prazo dun ano sen mediar oposición, o secretario xudicial ordenará ao emisor a expedición de novos títulos que se entregarán ao solicitante.

9. En ningún caso procederá a anulación do título ou títulos se o tedor actual que formule oposición os adquiriu de boa fe conforme a lei de circulación do propio título.

En caso de que non sexa procedente a anulación do título ou títulos, quen fose tedor lexítimo no momento da perda da posesión terá as accións civís ou penais que correspondan contra aquela persoa que adquiriu de mala fe a posesión do documento.

CAPÍTULO VIII**Do nomeamento de perito nos contratos de seguro****Artigo 136. *Ámbito de aplicación.***

Aplicarase o expediente regulado neste capítulo cando no contrato de seguro, conforme a súa lexislación específica, non haxa acordo entre os peritos nomeados polo asegurador e o asegurado para determinaren os danos producidos, e aqueles non estean conformes coa designación dun terceiro.

Artigo 137. *Competencia, lexitimación e postulación.*

1. Será competente para o coñecemento deste expediente o xulgado do mercantil do lugar do domicilio do asegurado.
2. Poderá promover este expediente calquera das partes do contrato de seguro ou ambas conxuntamente.
3. Na tramitación deste expediente non será preceptiva a intervención de avogado e procurador.

Artigo 138. *Tramitación.*

1. Iniciarase o expediente mediante escrito presentado por calquera dos interesados, no cal se fará constar o feito da discordia dos peritos designados polos interesados para valoraren os danos sufridos e a solicitude de nomeamento dun terceiro perito. Ao escrito xuntarase a póliza de seguro e os ditames dos peritos.
2. Admitida a trámite a solicitude, convocarase a unha comparecencia, na cal o secretario xudicial instará os interesados a que se poñan de acordo no nomeamento doutro perito e, de non haber acordo, procederá a nomealo de acordo coas normas da Lei de axuízamento civil.
3. Verificado o nomeamento, faráselle saber ao designado para que manifeste se acepta ou non o cargo, o cal poderá realizar alegando xusta causa.
4. Aceptado o cargo, será provisto do conseguente nomeamento e deberá emitir o ditame no prazo de trinta días, o cal se incorporará ao expediente, dándose por finalizado este.

TÍTULO IX

Da conciliación

Artigo 139. *Procedencia da conciliación.*

1. Poderase intentar a conciliación de acordo coas previsións deste título para acadar un acordo co fin de evitar un preito.
A utilización deste expediente para finalidades distintas da prevista no parágrafo anterior e que supoña un manifesto abuso de dereito ou entrañe fraude de lei ou procesual terá como consecuencia a inadmisión de plano da petición.
2. Non se admitirán a trámite as peticións de conciliación que se formulen en relación:
 - 1.º Cos xuízos en que estean interesados os menores e as persoas con capacidade modificada xudicialmente para a libre administración dos seus bens.
 - 2.º Cos xuízos en que estean interesados o Estado, as comunidades autónomas e as demais administracións públicas, corporacións ou institucións de igual natureza.
 - 3.º Co proceso de reclamación de responsabilidade civil contra xuíces e maxistrados.
 - 4.º En xeral, os que se promovan sobre materias non susceptibles de transacción nin compromiso.

Artigo 140. *Competencia.*

1. Será competente para coñecer dos actos de conciliación o xuíz de paz ou o secretario xudicial do xulgado de primeira instancia ou do xulgado do mercantil, cando se trate de materias da súa competencia, do domicilio do requirido. Se non o ten en territorio nacional, o da súa última residencia en España. Non obstante o anterior, se a contía da petición é inferior a 6.000 euros e non se trata de cuestións atribuídas aos xulgados do mercantil, a competencia corresponderalles, se for o caso, aos xuíces de paz.
Se o requirido é persoa xurídica, será así mesmo competente o do lugar do domicilio do solicitante, sempre que no dito lugar o requirido teña delegación, sucursal, establecemento ou oficina aberta ao público ou representante autorizado para actuar en nome da entidade, circunstancia que deberá acreditar.

Se, tras a realización das correspondentes investigacións sobre o domicilio ou residencia, estas son infrutuosas ou o requirido de conciliación é localizado noutro partido xudicial, o secretario xudicial ditará decreto ou o xuíz de paz auto en que se dará por terminado o expediente, se fará constar tal circunstancia e se reservará para o solicitante da conciliación o dereito a promover de novo o expediente ante o xulgado competente.

2. Se se suscitan cuestións de competencia do xulgado ou de recusación do secretario xudicial ou xuíz de paz ante quen se celebre o acto de conciliación, terase por intentada a comparecencia sen máis trámites.

Artigo 141. *Solicitud.*

1. O que intente a conciliación presentará ante o órgano competente solicitud por escrito na cal se consignarán os datos e as circunstancias de identificación do solicitante e do requirido ou requiridos de conciliación, o domicilio ou os domicilios en que poden ser citados, o obxecto da conciliación que se pretenda e a data, e se determinará con claridade e precisión cal é o obxecto da avinza.

O solicitante poderá igualmente formular a súa solicitud de conciliación cubrindo uns impresos normalizados que, para tal efecto, estarán ao seu dispor no órgano correspondente.

2. Poderanse xuntar á solicitud aqueles documentos que o solicitante considere oportunos.

3. Nos expedientes de conciliación non será preceptiva a intervención de avogado nin procurador.

Artigo 142. *Admisión, sinalamento e citación.*

1. O secretario xudicial ou xuíz de paz, nos cinco días hábiles seguintes a aquel en que se presente a solicitud, ditará resolución sobre a súa admisión e citará os interesados, sinalando o día e hora en que vai ter lugar o acto de conciliación.

2. Entre a citación e o acto de conciliación deberán mediar polo menos cinco días. En ningún caso se poderá demorar a celebración do acto de conciliación máis de dez días desde a admisión da solicitud.

Artigo 143. *Efectos da admisión.*

A presentación con ulterior admisión da solicitud de conciliación interromperá a prescrición, tanto adquisitiva como extintiva, nos termos e cos efectos establecidos na lei, desde o momento da súa presentación.

O prazo para a prescrición volverase computar desde que recaia decreto do secretario xudicial ou auto do xuíz de paz en que poña fin ao expediente.

Artigo 144. *Comparecencia ao acto de conciliación.*

1. As partes deberán comparecer por si mesmas ou por medio de procurador, e serán de aplicación as normas sobre representación recollidas no título I do libro I da Lei de axuízamento civil.

2. Se non comparece o solicitante nin alega xusta causa para non concorrer, terase por desistido e arquivarase o expediente. O requirido poderá reclamarlle ao solicitante a indemnización dos danos e perdas que a súa comparecencia lle orixinase, se o solicitante non acredita que a súa incomparecencia se debeu a xusta causa. Da reclamación darase traslado por cinco días ao solicitante, e resolverá o secretario xudicial ou o xuíz de paz, sen ulterior recurso, que fixará, se for o caso, a indemnización que corresponda.

3. Se o requirido de conciliación non comparece nin alega xusta causa para non concorrer, poñerase fin ao acto e terase a conciliación por intentada para todos os efectos legais. Se, sendo varios os requiridos, concorre só algún deles, celebrarase con el o acto e terase por intentada a conciliación en canto aos restantes.

4. Se o secretario xudicial ou o xuíz de paz, se for o caso, considera acreditada a xusta causa alegada polo solicitante ou requirido para non concorrer, sinalarase novo día e hora para a celebración do acto de conciliación no prazo dos cinco días seguintes ao da decisión de suspender o acto.

Artigo 145. *Celebración do acto de conciliación.*

1. No acto de conciliación expoñerá a súa reclamación o solicitante manifestando os fundamentos en que a apoie; o requirido contestará o que crea conveniente e os intervinientes poderán exhibir ou achegar calquera documento en que funden as súas alegacións. Se non hai avinza entre os interesados, o secretario xudicial ou o xuíz de paz procurará avilos e permitiralles replicar e contrarreplicar, se queren e isto pode facilitar o acordo.

2. Se se alega algunha cuestión que poida impedir a válida prosecución do acto de conciliación, dará por rematado o acto e terase por intentada a conciliación sen máis trámites.

3. Se hai conformidade entre os interesados en todo ou en parte do obxecto da conciliación, farase constar detalladamente nunha acta todo canto acorden e que o acto rematou con avinza, así como os termos desta; deberá ser asinada polos comparecentes. Se non se pode conseguir ningún acordo, farase constar que o acto rematou sen avinza.

4. O desenvolvemento da comparecencia rexistrarse, se é posible, en soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe, de conformidade co disposto na Lei de axuizamento civil. Finalizado o acto, o secretario xudicial ditará decreto ou o xuíz de paz ditará auto en que faga constar a avinza ou, se for o caso, que se intentou sen efecto ou que se celebrou sen avinza, e acordarase o arquivamento definitivo das actuacións.

Artigo 146. *Testemuño e gastos.*

As partes poderán solicitar testemuño da acta que poña fin ao acto de conciliación. Os gastos que ocasione o acto de conciliación serán por conta do que o promove.

Artigo 147. *Execución.*

1. Para os efectos previstos no artigo 517.2.9.º da Lei de axuizamento civil, o testemuño da acta xunto co do decreto do secretario xudicial ou do auto do xuíz de paz en que se faga constar a avinza das partes no acto de conciliación comportará execución.

Para outros efectos, o convido terá o valor e a eficacia dun convenio consignado en documento público e solemne.

2. Será competente para a execución o mesmo xulgado que tramitou a conciliación cando se trate de asuntos da competencia do propio xulgado. Nos demais casos, será competente para a execución o xulgado de primeira instancia a quen correspondese coñecer da demanda.

3. A execución levarase a cabo conforme o establecido na Lei de axuizamento civil para a execución de sentenzas e convenios xudicialmente aprobados.

Artigo 148. *Acción de nulidade.*

1. Contra o convido no acto de conciliación só se poderá exercer a acción de nulidade polas causas que invalidan os contratos.

2. A demanda en que se exerza a dita acción deberase interpoñer nun prazo de quince días desde que se celebrou a conciliación ante o tribunal competente e substanciarse polos trámites do xuízo que corresponda á súa materia ou contía.

3. Acreditado o exercicio da acción de nulidade, quedará en suspenso a execución do convido no acto de conciliación ata que se resolva definitivamente sobre a acción exercida.

Disposición adicional primeira. *Referencias contidas na lexislación.*

1. As referencias ás competencias do xuíz en relación cos asuntos de xurisdición voluntaria que efectúen leis de data anterior a esta lei entenderanse feitas ao xuíz ou ao secretario xudicial consonte o disposto no número 3 do artigo 2 desta lei.

Así mesmo, as referencias relativas á Lei de axuízamento civil en canto a asuntos de xurisdición voluntaria que figuren en normas de data anterior a esta lei entenderanse feitas á presente lei.

2. As referencias a separación ou divorcio xudicial que figuren en normas de data anterior a esta lei entenderanse feitas a separación ou divorcio legal. No mesmo sentido as referencias existentes a «separación de feito por mutuo acordo que conste fidedignamente» deberanse entender feitas á separación notarial.

3. As referencias realizadas nesta lei ao Código civil ou á lexislación civil deberanse entender realizadas tamén ás leis civís forais ou especiais alí onde existan.

Disposición adicional segunda. *Réxime xurídico aplicable ao acollemento de menores.*

1. O expediente para a constitución do acollemento de menores rexerese polas disposicións comúns establecidas na presente lei, coas seguintes especialidades:

a) Cando requira decisión xudicial, será promovido polo Ministerio Fiscal ou pola entidade pública correspondente, e a proposta presentada por esta deberá conter as mencións establecidas na lexislación civil.

O xuíz solicitará o consentimento da entidade pública, se non é a promotora do expediente, das persoas que reciban o menor; e deste, se é maior de 12 aos, así como dos proxenitores que non estean privados da patria potestade nin suspendidos no seu exercicio ou, se for o caso, do titor.

Os proxenitores non poderán alegar no expediente se houbo ou non causa de desamparo ou se, de habela, mediou despois a rehabilitación.

Obtidos os consentimentos e realizadas as audiencias coa debida reserva, no prazo de cinco días ditará a resolución que proceda en interese do menor.

b) Cando non se poida coñecer o domicilio ou paradiro dos proxenitores ou titores, esgotados os medios previstos polo número 1 do artigo 156 da Lei de axuízamento civil, ou se, citados persoalmente, non comparecen, prescindirase do trámite e o xuíz resolverá sobre o acollemento.

c) Se os proxenitores lle comunican ao tribunal que estea coñecendo do correspondente expediente que pretenden impugnar a declaración de desamparo mediante a formulación de demanda, ou promover o procedemento para efectos de rehabilitación, o secretario xudicial, con suspensión do expediente, sinalará o prazo de vinte días para a presentación da demanda. Presentada a demanda, o tribunal poderá suspender o expediente ata que recaia resolución no dito procedemento. Se non se presenta a demanda no prazo fixado, o secretario xudicial continuará coa tramitación do expediente.

2. O expediente de cesación do acollemento acordado xudicialmente iniciarase de oficio ou por pedimento do menor, da súa representante legal, da entidade pública, do Ministerio Fiscal ou das persoas que o teñan acollido.

Tras oír a entidade pública, o menor, o seu representante legal e os que o teñan acollido, e logo de informe do Ministerio Fiscal, o xuíz resolverá o que considere procedente dentro dos cinco días seguintes.

3. O expediente para adoptar medidas en cantos asuntos se susciten respecto das relacións dos menores en réxime de acollemento cos seus proxenitores, cos seus avós e cos demais parentes e achegados será tramitado ante o xulgado de primeira instancia da sede da entidade pública que teña encomendada a protección do menor. Non obstante, se o acollemento fose establecido por resolución xudicial, será competente para coñecer do expediente o xulgado de primeira instancia que o acordase.

Están lexitimados para promover este expediente o menor, ambos os dous proxenitores, individual ou conxuntamente, os seus avós e os demais parentes e achegados.

Se o xuíz considera procedente a adopción de medidas, a resolución establecerá o réxime de estadía, a relación e comunicación do menor co solicitante ou solicitantes, así como as demais medidas que se refiran ás súas relacións e sexan procedentes no caso.

4. Este réxime será de aplicación ata a entrada en vigor das leis de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Disposición adicional terceira. *Inscrición nos rexistros públicos de documentos públicos estranxeiros.*

1. Un documento público estranxeiro non ditado por un órgano xudicial é título para inscribir o feito ou acto de que dá fe sempre que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que o documento foi outorgado por autoridade estranxeira competente conforme a lexislación do seu Estado.
- b) Que a autoridade estranxeira interviñese na confección do documento desenvolvendo funcións equivalentes ás que desempeñan as autoridades españolas na materia de que se trate e produza os mesmos ou máis próximos efectos no país de orixe.
- c) Que o feito ou acto contido no documento sexa válido conforme o ordenamento designado polas normas españolas de dereito internacional privado.
- d) Que a inscrición do documento estranxeiro non resulte manifestamente incompatible coa orde pública española.

2. O réxime xurídico recollido no presente artigo para as resolucións ditadas por autoridades non xudiciais estranxeiras será aplicable ás resolucións pronunciadas por órganos xudiciais estranxeiros en materias cuxa competencia corresponda, segundo esta lei, ao coñecemento de autoridades españolas non xudiciais.

Disposición adicional cuarta. *Aranceis notariais e rexistrals.*

O Goberno aprobará, no prazo de tres meses contados desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», os aranceis correspondentes á intervención dos notarios e rexistradores da propiedade e mercantís respecto dos asuntos, das actas, das escrituras públicas, dos expedientes, dos feitos e dos actos inscribibles para os cales resulten competentes conforme o disposto nesta lei.

En todo caso, o arancel dos expedientes de designación notarial de peritos prevista na normativa do contrato de seguro percibirase sen atención á contía posible do negocio peritado.

Disposición adicional quinta. *Modificacións e desenvolvementos regulamentarios.*

O Goberno levará a cabo as modificacións e os desenvolvementos regulamentarios que sexan precisos para a aplicación da presente lei.

Disposición adicional sexta. *Non incremento do gasto.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións, nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Expedientes en tramitación.*

Os expedientes afectados por esta lei que se encontren en tramitación no momento da súa entrada en vigor continuarán tramitando conforme a lexislación anterior.

Disposición transitoria segunda. *Herdanzas ab intestato a favor da Administración pública.*

1. As declaracións de herdeiro ab intestato a favor da Administración que se encontren en tramitación no momento da entrada en vigor da presente lei seguiranas tramitando, ata a súa resolución, conforme a lexislación anterior, os órganos xudiciais que estean coñecendo delas.

2. A repartición da masa hereditaria nas herdanzas ab intestato a favor da Administración xeral do Estado realizarase de acordo coa lexislación anterior cando no momento da entrada en vigor desta lei se publicase no «Boletín Oficial del Estado» a correspondente convocatoria.

Disposición transitoria terceira. *Expedientes de poxas voluntarias.*

As poxas voluntarias que se celebren ata o 15 de outubro de 2015 rexeranse polas disposicións da Lei de axuízamento civil aprobada polo Real decreto do 3 de febreiro de 1881.

Disposición transitoria cuarta. *Expedientes de adopción e matrimoniais.*

1. As adopcións que se inicien ata a entrada en vigor da Lei de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia rexeranse polas disposicións da Lei de axuízamento civil aprobada polo Real decreto do 3 de febreiro de 1881.

2. Os expedientes matrimoniais que se inicien antes do 30 de xuño de 2017 seguiraos tramitando o encargado do Rexistro Civil conforme as disposicións do Código civil e da Lei do Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957.

Resolto favorablemente o expediente matrimonial polo encargado do Rexistro Civil, o matrimonio poderase celebrar, á elección dos contraentes, ante:

- 1.º O xuíz encargado do Rexistro Civil e os xuíces de paz por delegación daquel.
- 2.º O alcalde do municipio onde se celebre o matrimonio ou concelleiro en quen este delegue.
- 3.º O secretario xudicial ou notario libremente elixido por ambos os contraentes que sexa competente no lugar de celebración.
- 4.º O funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil no estranxeiro.

A prestación do consentimento deberase realizar na forma prevista no Código civil e na Lei do Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957, coas especialidades que se establecen nesta disposición.

O matrimonio celebrado ante o encargado do Rexistro Civil, xuíz de paz, alcalde ou concelleiro en quen este delegue ou ante o secretario xudicial farase constar en acta; o que se celebre ante notario constará en escritura pública. En ambos os dous casos deberá ser asinada, ademais de por aquel ante o cal se celebra, polos contraentes e por dúas testemuñas.

Redactada a acta ou autorizada a escritura pública, entregaráselles a cada un dos contraentes copia acreditativa da celebración do matrimonio e será remitido polo autorizante, no mesmo día e por medios telemáticos, testemuño ou copia autorizada electrónica do documento ao Rexistro Civil para a súa inscrición, logo de cualificación do encargado do Rexistro Civil.

Disposición transitoria quinta. *Matrimonios celebrados polas confesións relixiosas evanxélicas, xudías e islámicas e polas que obtivesen o recoñecemento de notorio arraigamento en España.*

1. Ata a entrada en vigor da disposición derradeira quinta desta lei, ao matrimonio relixioso evanxélico seralle aplicable o disposto no artigo 7 da Lei 24/1992, do 10 novembro, pola que se aproba o acordo de cooperación do Estado coa Federación de

Entidades Religiosas Evanxélicas de España, agás o número 5, que quedará redactado da forma seguinte:

«5. Unha vez celebrado o matrimonio, o ministro de culto oficiante expedirá certificación expresiva da súa celebración, cos requisitos necesarios para a súa inscrición e coas mencións de identidade das testemuñas e das circunstancias do expediente previo que necesariamente incluirán o nome e os apelidos do encargado do Rexistro Civil ou funcionario diplomático ou consular que a expedise. Esta certificación remitirase por medios electrónicos, na forma que regulamentariamente se determine, xunto coa certificación acreditativa da condición de ministro de culto, dentro do prazo de cinco días, ao encargado do Rexistro Civil competente para a súa inscrición. Igualmente redactará nas dúas copias da resolución unha dilixencia expresiva da celebración do matrimonio; entregaralles unha aos contraentes e conservará a outra como acta da celebración no arquivo do oficiante ou da entidade relixiosa á cal representa como ministro de culto.»

2. Ata a entrada en vigor da disposición derradeira sexta desta lei, ao matrimonio relixioso xudeu será de aplicación o disposto no artigo 7 da Lei 25/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de Cooperación do Estado coa Federación de Comunidades Israelitas de España, salvo o número 5 do artigo 7, que queda redactado da forma seguinte:

«5. Unha vez celebrado o matrimonio, o ministro de culto oficiante expedirá certificación expresiva da súa celebración, cos requisitos necesarios para a súa inscrición e coas mencións de identidade das testemuñas e das circunstancias do expediente que necesariamente incluirán o nome e os apelidos do encargado do Rexistro Civil ou funcionario diplomático ou consular que a redactase. Esta certificación remitirase por medios electrónicos, na forma que regulamentariamente se determine, xunto coa certificación acreditativa da condición de ministro de culto, dentro do prazo de cinco días, ao encargado do Rexistro Civil competente para a súa inscrición. Igualmente redactará nas dúas copias da resolución previa de capacidade matrimonial unha dilixencia expresiva da celebración do matrimonio; entregaralles unha aos contraentes e conservará a outra como acta da celebración no arquivo do oficiante ou da entidade relixiosa que representa como ministro de culto.»

3. Ata a entrada en vigor da disposición derradeira sétima desta lei, ao matrimonio relixioso islámico será de aplicación o disposto no artigo 7 da Lei 26/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de Cooperación do Estado coa Comisión Islámica de España, salvo o número 3 do artigo 7, que queda redactado da forma seguinte:

«3. Unha vez celebrado o matrimonio, o representante da comunidade islámica en que se contraese aquel expedirá certificación expresiva da súa celebración, cos requisitos necesarios para a súa inscrición e coas mencións das circunstancias do expediente que necesariamente incluirán o nome e os apelidos do encargado do Rexistro Civil ou funcionario diplomático ou consular que a expedise. Esta certificación remitirase por medios electrónicos, na forma que regulamentariamente se determine, xunto coa certificación acreditativa da capacidade do representante da comunidade islámica para celebrar matrimonios, de conformidade co previsto no número 1 do artigo 3, dentro do prazo de cinco días, ao encargado do Rexistro Civil competente para a súa inscrición. Igualmente redactará nas dúas copias da resolución previa de capacidade matrimonial unha dilixencia expresiva da celebración do matrimonio; entregaralles unha aos contraentes e conservará a outra como acta da celebración no arquivo da comunidade.»

4. Ata a entrada en vigor do artigo 58 bis da Lei 20/2011, do 22 de xullo, do Rexistro Civil, a celebración do matrimonio na forma relixiosa prevista polas igrexas, confesións,

comunidades relixiosas ou federacións destas que, inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas, obtivesen o recoñecemento de notorio arraigamento en España, requirirán a resolución previa de capacidade matrimonial. Cumprido este trámite, o encargado do Rexistro Civil ou funcionario diplomático ou consular que interviñese expedirá dúas copias da resolución que incluíra, en todo caso, certificación acreditativa do xuízo da capacidade matrimonial dos contraentes, que estes deberán entregar ao ministro de culto encargado da celebración do matrimonio.

O consentimento deberá prestarse ante un ministro de culto e dúas testemuñas maiores de idade. Nestes casos, o consentimento deberá prestarse antes de que transcorresen seis meses desde a expedición do certificado de capacidade matrimonial.

Para estes efectos, considéranse ministros de culto as persoas físicas dedicadas, con carácter estable, ás funcións de culto ou asistencia relixiosa e que acrediten o cumprimento destes requisitos mediante certificación expedida pola igrexa, confesión ou comunidade relixiosa que obtivese o recoñecemento de notorio arraigamento en España coa conformidade da Federación que, se for o caso, solicítase o dito recoñecemento.

Unha vez celebrado o matrimonio, o oficiante expedirá certificación expresiva da súa celebración, cos requisitos necesarios para a súa inscrición e coas mencións de identidade das testemuñas e das circunstancias da acta previa que necesariamente incluírán o nome e os apelidos do encargado do Rexistro Civil ou funcionario diplomático ou consular que a expedise. Esta certificación remitirase por medios electrónicos, na forma que regulamentariamente se determine, xunto coa certificación acreditativa da condición de ministro de culto, dentro do prazo de cinco días, ao encargado do Rexistro Civil competente para a súa inscrición. Igualmente redactará nas dúas copias da resolución previa de capacidade matrimonial unha dilixencia expresiva da celebración do matrimonio; entregaralles unha aos contraentes e conservará a outra como acta da celebración no arquivo do oficiante ou da entidade relixiosa á cal representa como ministro de culto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación de normas.*

1. Quedan derogados os artigos 4, 10, 11, 63, 460 a 480, 977 a 1000, 1811 a 1879, 1901 a 1918, 1943 a 2174 da Lei de axuízamento civil aprobada polo Real decreto do 3 de febreiro de 1881.
2. Derrógase o artigo 316 do Código civil.
3. Derróganse os artigos 84 a 87 da Lei 19/1985, do 16 de xullo, cambiaria e do cheque.
4. Así mesmo, considéranse derogadas, conforme o número 2 do artigo 2 do Código civil, cantas normas se opoñan ou sexan incompatibles co disposto na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación de determinados artigos do Código civil.*

O Código civil queda modificado como segue:

Un. O artigo 47 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 47. *Tampouco poden contraer matrimonio entre si:*

1. (...)
2. (...)
3. Os condenados por ter tido participación na morte dolosa do cónxuxe ou da persoa coa cal estivesen unidos por análoga relación de afectividade á conxugal.»

Dous. Modifícase o artigo 48:

«O xuíz poderá dispensar, con xusta causa e por instancia de parte, mediante resolución previa ditada en expediente de xurisdición voluntaria, os impedimentos de morte dolosa do cónxuxe ou persoa coa cal estivese unida por análoga relación de afectividade á conxugal e de parentesco de grao terceiro entre colaterais. A

dispensa ulterior válida, desde a súa celebración, o matrimonio cuxa nulidade non fose instada xudicialmente por algunha das partes.»

Tres. O artigo 49 queda redactado da forma seguinte:

«Calquera español poderá contraer matrimonio dentro ou fóra de España:

- 1.º Na forma regulada neste código.
- 2.º Na forma relixiosa legalmente prevista.

Tamén poderá contraer matrimonio fóra de España de acordo coa forma establecida pola lei do lugar de celebración.»

Catro. Modifícase a rúbrica da sección segunda do capítulo III do título IV do libro I, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Sección segunda. *Da celebración do matrimonio*»

Cinco. O artigo 51 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 51.

1. A competencia para constatar mediante acta ou expediente o cumprimento dos requisitos de capacidade de ambos os contraentes e a inexistencia de impedimentos ou a súa dispensa, ou calquera xénero de obstáculos para contraer matrimonio, corresponderá ao secretario xudicial, notario ou encargado do Rexistro Civil do lugar do domicilio dun dos contraentes ou ao funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil se residen no estranxeiro.

2. Será competente para celebrar o matrimonio:

- 1.º O xuíz de paz ou o alcalde do municipio onde se celebre o matrimonio ou concelleiro en quen este delegue.
- 2.º O secretario xudicial ou o notario libremente elixido por ambos os contraentes que sexa competente no lugar de celebración.
- 3.º O funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil no estranxeiro.»

Seis. O artigo 52 queda redactado do seguinte modo:

«Poderán celebrar o matrimonio de quen estea en perigo de morte:

- 1.º O xuíz de paz, o alcalde ou o concelleiro en quen delegue, o secretario xudicial, o notario ou o funcionario a que se refire o artigo 51.
- 2.º O oficial ou xefe superior inmediato respecto dos militares en campaña.
- 3.º O capitán ou comandante respecto dos matrimonios que se celebren a bordo de nave ou aeronave.

O matrimonio en perigo de morte non requirirá para a súa celebración a tramitación previa da acta ou expediente matrimonial, pero si a presenza, na súa celebración, de dúas testemuñas maiores de idade e, cando o perigo de morte derive de enfermidade ou estado físico dalgún dos contraentes, ditame médico sobre a súa capacidade para a prestación do consentimento e a gravidade da situación, salvo imposibilidade acreditada, sen prexuízo do establecido no artigo 65.»

Sete. O artigo 53 queda redactado do seguinte modo:

«A validez do matrimonio non quedará afectada pola incompetencia ou falta de nomeamento do xuíz de paz, alcalde, concelleiro, secretario xudicial, notario ou

funcionario ante quen se celebre, sempre que polo menos un dos cónxuxes procedese de boa fe e aqueles exerzan as súas funcións publicamente.»

Oito. O artigo 55 queda redactado do seguinte modo:

«Un dos contraentes poderá contraer matrimonio por apoderado, a quen terá que ter concedido poder especial en forma auténtica, e será sempre necesaria a asistencia persoal do outro contraente.

No poder determinarase a persoa con quen se vai celebrar o matrimonio, con expresión das circunstancias persoais precisas para establecer a súa identidade, e a súa validez deberá apreciala o secretario xudicial, o notario, o encargado do Rexistro Civil ou o funcionario que tramite a acta ou o expediente matrimonial previo ao matrimonio.

O poder extinguirase pola revogación do poderdante, pola renuncia do apoderado ou pola morte de calquera deles. En caso de revogación por parte do poderdante, abondará coa súa manifestación en forma auténtica antes da celebración do matrimonio. A revogación notificaráselle de inmediato ao secretario xudicial, ao notario, ao encargado do Rexistro Civil ou ao funcionario que tramite a acta ou expediente previo ao matrimonio, e, se xa estivese finalizado, a quen o vaia celebrar.»

Nove. O artigo 56 queda redactado do seguinte modo:

«Os que desexen contraer matrimonio acreditarán previamente, en acta ou expediente tramitado conforme a lexislación do Rexistro Civil, que reúnen os requisitos de capacidade e a inexistencia de impedimentos ou a súa dispensa, de acordo co previsto neste código.

Se algún dos contraentes está afectado por deficiencias mentais, intelectuais ou sensoriais, o secretario xudicial, o notario, o encargado do Rexistro Civil ou o funcionario que tramite a acta ou expediente exixirá ditame médico sobre a súa aptitude para prestar o consentimento.»

Dez. O artigo 57 queda redactado do seguinte modo:

«O matrimonio tramitado polo secretario xudicial ou por funcionario consular ou diplomático poderase celebrar perante este ou outro distinto, ou ante o xuíz de paz, o alcalde ou o concelleiro en quen este delegue, á elección dos contraentes. Se o tramita o encargado do Rexistro Civil, o matrimonio deberase celebrar ante o xuíz de paz, o alcalde ou o concelleiro en quen este delegue, que designen os contraentes.

Finalmente, se é o notario quen redactou a acta matrimonial, os contraentes poderán outorgar o consentimento, á súa elección, ante o mesmo notario ou outro distinto daquel que tramitase a acta previa, o xuíz de paz, o alcalde ou o concelleiro en quen este delegue.»

Once. O artigo 58 queda redactado do seguinte modo:

«O xuíz de paz, o alcalde, o concelleiro, o secretario xudicial, o notario ou o funcionario, despois de lidos os artigos 66, 67 e 68, preguntará a cada un dos contraentes se consente en contraer matrimonio co outro e se efectivamente o contrae no dito acto e, se responden ambos os dous afirmativamente, declarará que quedan unidos en matrimonio e redactará a acta ou autorizará a escritura correspondente.»

Doce. O artigo 60 queda redactado do seguinte modo:

«1. O matrimonio celebrado segundo as normas do dereito canónico ou en calquera das outras formas relixiosas previstas nos acordos de cooperación entre o Estado e as confesións relixiosas produce efectos civís.

2. Igualmente, recoñécenselle efectos civís ao matrimonio celebrado na forma relixiosa prevista polas igrexas, confesións, comunidades relixiosas ou federacións destas que, inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas, obtivesen o recoñecemento de notorio arraigamento en España.

Neste suposto, o recoñecemento de efectos civís requirirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) A tramitación dunha acta ou expediente previo de capacidade matrimonial de acordo coa normativa do Rexistro Civil.

b) A libre manifestación do consentimento ante un ministro de culto debidamente acreditado e dúas testemuñas maiores de idade.

A condición de ministro de culto será acreditada mediante certificación expedida pola igrexa, confesión ou comunidade relixiosa que obtivese o recoñecemento de notorio arraigamento en España, coa conformidade da federación que, se for o caso, solicítase o dito recoñecemento.

3. Para o pleno recoñecemento dos efectos civís do matrimonio celebrado en forma relixiosa aplicarase o disposto no capítulo seguinte.»

Trece. O artigo 62 queda redactado do seguinte modo:

«A celebración do matrimonio farase constar mediante acta ou escritura pública que será asinada por aquel ante quen se celebre, polos contraentes e por dúas testemuñas.

Redactada a acta ou autorizada a escritura pública, o autorizante remitirá copia acreditativa da celebración do matrimonio ao Rexistro Civil competente, para a súa inscrición, logo de cualificación polo seu encargado.»

Catorce. O artigo 63 queda redactado do seguinte modo:

«A inscrición do matrimonio celebrado en España en forma relixiosa practícase coa simple presentación da certificación da igrexa ou confesión, comunidade relixiosa ou federación respectiva, que deberá expresar as circunstancias exixidas pola lexislación do Rexistro civil.

Denégase a práctica do asento cando, dos documentos presentados ou dos asentos do Rexistro, conste que o matrimonio non reúne os requisitos que para a súa validez se exixen neste título.»

Quince. O artigo 65 queda redactado do seguinte modo:

«Nos casos en que o matrimonio se celebre sen se ter tramitado o correspondente expediente ou acta previa, se este é necesario, o secretario xudicial, o notario, ou o funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil que o celebre, antes de realizar as actuacións que procedan para a súa inscrición deberá comprobar se concorren os requisitos legais para a súa validez, mediante a tramitación da acta ou expediente a que se refire este artigo.

Se a celebración do matrimonio foi realizada ante autoridade ou persoa competente distinta das indicadas no parágrafo anterior, a acta daquela remitírase ao encargado do Rexistro Civil do lugar de celebración para que proceda á comprobación dos requisitos de validez, mediante o expediente correspondente. Efectuada esa comprobación, o encargado do Rexistro Civil procederá á súa inscrición.»

Dezaseis. Modifícase o ordinal 3.º do artigo 73, que queda redactado do seguinte modo:

«3.º O que se contraia sen a intervención do xuíz de paz, alcalde ou concelleiro, secretario xudicial, notario ou funcionario ante quen se deba celebrar, ou sen a das testemuñas.»

Dezasete. O parágrafo primeiro do artigo 81 queda redactado do seguinte modo:

«Decretarase xudicialmente a separación cando existan fillos menores non emancipados ou coa capacidade modificada xudicialmente que dependan dos seus proxenitores, calquera que sexa a forma de celebración do matrimonio.»

Dezaioito. O artigo 82 queda redactado do seguinte modo:

«1. Os cónxuxes poderán acordar a súa separación de mutuo acordo transcorridos tres meses desde a celebración do matrimonio mediante a formulación dun convenio regulador ante o secretario xudicial ou en escritura pública ante notario, en que, xunto coa vontade inequívoca de separarse, determinarán as medidas que deban regular os efectos derivados da separación nos termos establecidos no artigo 90. Os funcionarios diplomáticos ou consulares, en exercicio das funcións notariais que teñen atribuídas, non poderán autorizar a escritura pública de separación.

Os cónxuxes deberán intervir no outorgamento de modo persoal, sen prexuízo de que deban estar asistidos por letrado en exercicio, e prestarán o seu consentimento ante o secretario xudicial ou notario. Igualmente, os fillos maiores ou menores emancipados deberán outorgar o consentimento ante o secretario xudicial ou notario respecto das medidas que os afecten por careceren de ingresos propios e conviviren no domicilio familiar.

2. Non será de aplicación o disposto neste artigo cando existan fillos menores non emancipados ou coa capacidade modificada xudicialmente que dependan dos seus proxenitores.»

Dezanove. O artigo 83 queda redactado do seguinte modo:

«A sentenza ou decreto de separación ou o outorgamento da escritura pública do convenio regulador que a determine producen a suspensión da vida común dos casados e cesa a posibilidade de vincular bens do outro cónxuxe no exercicio da potestade doméstica.

Os efectos da separación matrimonial produciranse desde a firmeza da sentenza ou decreto que así a declare ou desde a manifestación do consentimento de ambos os cónxuxes outorgado en escritura pública conforme o disposto no artigo 82. Remitirase testemuño da sentenza ou decreto, ou copia da escritura pública, ao Rexistro Civil para a súa inscrición, sen que, ata que esta teña lugar, se produzan plenos efectos fronte a terceiros de boa fe.»

Vinte. O artigo 84 queda redactado do seguinte modo:

«A reconciliación pon fin ao procedemento de separación e deixa sen efecto ulterior o resolto nel, pero ambos os cónxuxes separadamente deberán poñelo en coñecemento do xuíz que entenda ou entendese no litixio. Non obstante, mediante resolución xudicial serán mantidas ou modificadas as medidas adoptadas en relación cos fillos cando exista causa que o xustifique.

Cando a separación tivese lugar sen intervención xudicial, na forma prevista no artigo 82, a reconciliación deberase formalizar en escritura pública ou acta de manifestacións.

A reconciliación deberase inscribir, para a súa eficacia fronte a terceiros, no Rexistro Civil correspondente.»

Vinte e un. O artigo 87 queda redactado do seguinte modo:

«Os cónxuxes tamén poderán acordar o seu divorcio de mutuo acordo mediante a formulación dun convenio regulador ante o secretario xudicial ou en escritura pública ante notario, na forma e co contido regulado no artigo 82, e deberán concorrer os mesmos requisitos e circunstancias exixidas nel. Os funcionarios

diplomáticos ou consulares, en exercicio das funcións notariais que teñen atribuídas, non poderán autorizar a escritura pública de divorcio.»

Vinte e dous. O artigo 89 queda redactado do seguinte modo:

«Os efectos da disolución do matrimonio por divorcio produciranse desde a firmeza da sentenza ou decreto que así o declare ou desde a manifestación do consentimento de ambos os cónxuxes outorgado en escritura pública conforme o disposto no artigo 87. Non prexudicará terceiros de boa fe senón a partir da súa respectiva inscrición no Rexistro Civil.»

Vinte e tres. Modifícase o artigo 90, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. O convenio regulador a que se refiren os artigos 81, 82, 83, 86 e 87 deberá conter, polo menos e sempre que sexan aplicables, os seguintes aspectos:

- a) O coidado dos fillos suxeitos á patria potestade de ambos, o exercicio desta e, se for o caso, o réxime de comunicación e de estadia dos fillos co proxenitor que non viva habitualmente con eles.
- b) Se se considera necesario, o réxime de visitas e de comunicación dos netos cos seus avós, tendo en conta sempre o interese daqueles.
- c) A atribución do uso da vivenda e do enxoval familiar.
- d) A contribución ás cargas do matrimonio e alimentos, así como as súas bases de actualización e garantías, se for o caso.
- e) A liquidación, cando proceda, do réxime económico do matrimonio.
- f) A pensión que, conforme o artigo 97, corresponda satisfacer, se for o caso, a un dos cónxuxes.

2. Os acordos dos cónxuxes adoptados para regular as consecuencias da nulidade, separación e divorcio presentados ante o órgano xudicial serán aprobados polo xuíz salvo se son danosos para os fillos ou gravemente prexudiciais para un dos cónxuxes.

Se as partes propoñen un réxime de visitas e comunicación dos netos cos avós, o xuíz poderá aprobalo logo de audiencia dos avós en que estes presten o seu consentimento. A denegación dos acordos deberase facer mediante resolución motivada e, neste caso, os cónxuxes deberán someter á consideración do xuíz nova proposta para a súa aprobación, se procede.

Cando os cónxuxes formalicen os acordos ante o secretario xudicial ou notario e estes consideren que, ao seu xuízo, algún deles pode ser danoso ou gravemente prexudicial para un dos cónxuxes ou para os fillos maiores ou menores emancipados afectados, advertiránllo aos outorgantes e darán por rematado o expediente. Neste caso, os cónxuxes só poderán acudir ante o xuíz para a aprobación da proposta de convenio regulador.

Desde a aprobación do convenio regulador ou o outorgamento da escritura pública poderanse facer efectivos os acordos pola vía de constrinximento.

3. As medidas que o xuíz adopte en defecto de acordo ou as convidadas polos cónxuxes xudicialmente poderán ser modificadas xudicialmente ou por novo convenio aprobado polo xuíz, cando así o aconsellen as novas necesidades dos fillos ou o cambio das circunstancias dos cónxuxes. As medidas que sexan convidadas ante o secretario xudicial ou en escritura pública poderán ser modificadas por un novo acordo suxeito aos mesmos requisitos exixidos neste código.

4. O xuíz ou as partes poderán establecer as garantías reais ou persoais que requira o cumprimento do convenio.»

Vinte e catro. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 95, que pasa a quedar redactado da seguinte maneira:

«A sentenza firme, o decreto firme ou a escritura pública que formalice o convenio regulador, se for o caso, producirá, respecto dos bens do matrimonio, a disolución ou extinción do réxime económico matrimonial e aprobará a súa liquidación se hai mutuo acordo entre os cónxuxes ao respecto.

Se a sentenza de nulidade declara a mala fe dun só dos cónxuxes, o que obrase de boa fe poderá optar por aplicar na liquidación do réxime económico matrimonial as disposicións relativas ao réxime de participación e o de mala fe non terá dereito a participar nas ganancias obtidas polo seu consorte.»

Vinte e cinco. O último parágrafo do artigo 97 queda redactado do seguinte modo:

«Na resolución xudicial ou no convenio regulador formalizado ante o secretario xudicial ou o notario fixaranse a periodicidade, a forma de pagamento, as bases para actualizar a pensión, a duración ou o momento de cesamento e as garantías para a súa efectividade.»

Vinte e seis. O artigo 99 queda redactado do seguinte modo:

«En calquera momento poderase convir a substitución da pensión fixada xudicialmente ou por convenio regulador formalizado conforme o artigo 97 pola constitución dunha renda vitalicia, polo usufruto de determinados bens ou pola entrega dun capital en bens ou en diñeiro.»

Vinte e sete. O artigo 100 queda redactado do seguinte modo:

«Fixadas a pensión e as bases da súa actualización na sentenza de separación ou de divorcio, só poderán ser modificadas por alteracións na fortuna dun ou doutro cónxuxe que así o aconsellen.

A pensión e as bases de actualización fixadas no convenio regulador formalizado ante o secretario xudicial ou o notario poderanse modificar mediante novo convenio, suxeito aos mesmos requisitos exixidos neste código.»

Vinte e oito. O número 2 do artigo 107 queda redactado do seguinte modo:

«2. A separación e o divorcio legal rexeranse polas normas da Unión Europea ou españolas de dereito internacional privado.»

Vinte e nove. O parágrafo segundo do artigo 156 queda redactado do seguinte modo:

«En caso de desacordo, calquera dos dous poderá acudir ao xuíz, quen, despois de oír ambos e o fillo se ten suficiente madurez e, en todo caso, se é maior de doce anos, lle atribuirá a facultade de decidir ao pai ou á nai. Se os desacordos son reiterados ou concorre calquera outra causa que entorpeza gravemente o exercicio da patria potestade, poderá atribuíla total ou parcialmente a un dos pais ou distribuíla entre eles as súas funcións. Esta medida terá vixencia durante o prazo que se fixe, que non poderá nunca exceder os dous anos.»

Trinta. O último parágrafo do artigo 158 queda redactado da forma seguinte:

«Todas estas medidas se poderán adoptar dentro de calquera proceso civil ou penal ou ben nun expediente de xurisdición voluntaria.»

Trinta e un. O artigo 167 queda redactado da forma seguinte:

«Cando a administración dos proxenitores poña en perigo o patrimonio do fillo, o xuíz, por pedimento do propio fillo, do Ministerio Fiscal ou de calquera parente do menor, poderá adoptar as medidas que considere necesarias para a seguridade e

custodia dos bens, exixir caución ou fianza para a continuación na administración ou mesmo nomear un administrador.»

Trinta e dous. O parágrafo primeiro do número 3 do artigo 173 queda redactado da forma seguinte:

«3. Se os proxenitores ou o titor non consenten ou se opoñen a este, o acollemento só poderá ser acordado polo xuíz, en interese do menor, conforme os trámites da Lei de xurisdición voluntaria. A proposta da entidade pública conterá os mesmos aspectos referidos no número anterior.»

Trinta e tres. Modifícase o primeiro parágrafo do número 2 do artigo 176, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Para iniciar o expediente de adopción é necesaria a proposta previa da entidade pública a favor do adoptante ou adoptantes que a dita entidade pública declarase idóneos para o exercicio da patria potestade. A declaración de idoneidade deberá ser previa á proposta.»

Trinta e catro. O número 2 do artigo 177 pasa a ter a seguinte redacción:

«2. Deberán asentir á adopción:

1.º O cónxuxe do adoptante ou a persoa a que estea unida por análoga relación de afectividade á conxugal, sempre que non sexa tamén adoptante, salvo que medie separación legal.

2.º Os proxenitores do adoptando que non estea emancipado, a menos que estean privados da patria potestade por sentenza firme ou incursos en causa legal para tal privación. Esta situación só se poderá apreciar no procedemento xudicial contradictorio regulado na Lei de axuizamento civil.

Non será necesario o asentimento cando os que deban prestalo se encontren imposibilitados para iso, imposibilidade que se apreciará motivadamente na resolución xudicial que constitúa a adopción.

O asentimento da nai non se poderá prestar ata que transcorresen trinta días desde o parto.»

Trinta e cinco. O artigo 181 queda redactado da forma seguinte:

«En todo caso, desaparecida unha persoa do seu domicilio ou do lugar da súa última residencia sen se ter nela máis noticias, o secretario xudicial poderá, por instancia de parte interesada ou do Ministerio Fiscal, nomear un defensor que ampare e represente o desaparecido en xuízo ou nos negocios que non admitan demora sen prexuízo grave. Exceptúanse os casos en que aquel estea lexitimamente representado voluntariamente conforme o artigo 183.

O cónxuxe presente maior de idade non separado legalmente será o representante e defensor nato do desaparecido e na súa falta, o parente máis próximo ata o cuarto grao, tamén maior de idade. En defecto de parentes, non presenza destes ou urxencia notoria, o secretario xudicial nomeará persoa solvente e de bos antecedentes, logo de audiencia do Ministerio Fiscal.

Tamén poderá adoptar, segundo o seu prudente arbitrio, as medidas necesarias para a conservación do patrimonio.»

Trinta e seis. O último parágrafo do artigo 183 queda redactado da forma seguinte:

«A morte ou renuncia xustificada do mandatario ou a caducidade do mandato determina a ausencia legal, se ao se produciren aquelas se ignora o paradiro do desaparecido e transcorre un ano desde que se tiveron as últimas noticias e, no seu defecto, desde a súa desaparición. Inscrita no Rexistro Civil a declaración de

ausencia, quedan extinguidos de dereito todos os mandatos xerais ou especiais outorgados polo ausente.»

Trinta e sete. O artigo 184 queda redactado da forma seguinte:

«Salvo motivo grave apreciado polo secretario xudicial, corresponde a representación do declarado ausente, a pescuda da súa persoa, a protección e administración dos seus bens e o cumprimento das súas obrigas:

- 1.º Ao cónxuxe presente maior de idade non separado legalmente ou de feito.
- 2.º Ao fillo maior de idade; se hai varios, serán preferidos os que convivían co ausente e o maior ao menor.
- 3.º Ao ascendente máis próximo de menos idade dunha ou outra liña.
- 4.º Aos irmáns maiores de idade que convivisen familiarmente co ausente, con preferencia do maior sobre o menor.

En defecto das persoas expresadas, corresponde en toda a súa extensión á persoa solvente de bos antecedentes que o secretario xudicial, oído o Ministerio fiscal, designe ao seu prudente arbitrio.»

Trinta e oito. O artigo 185 queda redactado da forma seguinte:

«O representante do declarado ausente quedará suxeito ás obrigas seguintes:

- 1.ª Inventariar os bens mobles e describir os inmobles do seu representado.
- 2.ª Prestar a garantía que o secretario xudicial prudencialmente fixe. Quedan exceptuados os comprendidos nos ordinais 1.º, 2.º e 3.º do artigo precedente.
- 3.ª Conservar e defender o patrimonio do ausente e obter dos seus bens os rendementos normais de que sexan susceptibles.
- 4.ª Axustarse ás normas que para a posesión e administración dos bens do ausente se establecen na Lei procesual civil.

Serán aplicables aos representantes dativos do ausente, en canto se adapten á súa especial representación, os preceptos que regulan o exercicio da tutela e as causas de inhabilidade, remoción e escusa dos titores.»

Trinta e nove. O artigo 186 queda redactado da forma seguinte:

«Os representantes lexítimos do declarado ausente comprendidos nos ordinais 1.º, 2.º e 3.º do artigo 184 desfrutarán da posesión temporal do patrimonio do ausente e farán seus os produtos líquidos na contía que o secretario xudicial sinale, tendo en consideración o importe dos froitos, rendas e aproveitamentos, o número de fillos do ausente e as obrigas alimenticias para con eles, os cuidados e as actuacións que a representación requira, as afeccións que graven o patrimonio e as demais circunstancias da propia índole.

Os representantes lexítimos comprendidos no ordinal 4.º do expresado artigo desfrutarán tamén da posesión temporal e farán seus os froitos, rendas e aproveitamentos na contía que o secretario xudicial sinale, sen que en ningún caso poidan reter máis dos dous terzos dos produtos líquidos; reservarse o terzo restante para o ausente ou, se for o caso, para os seus herdeiros ou habentes causa.

Os posuidores temporais dos bens do ausente non poderán vendelos, gravalos, hipotecalos ou dalos en peñor senón en caso de necesidade ou utilidade evidente, recoñecida e declarada polo secretario xudicial, quen, ao autorizar os ditos actos, determinará o emprego da cantidade obtida.»

Corenta. O artigo 187 queda redactado da forma seguinte:

«Se, durante o desfrute da posesión temporal ou do exercicio da representación dativa, algún proba o seu dereito preferente á dita posesión, será excluído o

posuidor actual pero aquel non terá dereito aos produtos senón a partir do día da presentación da demanda.

Se aparece o ausente, deberá restituírselle o seu patrimonio pero non os produtos percibidos, salvo mala fe interveniente; neste caso, a restitución comprenderá tamén os froitos percibidos e os que debería ter percibido contados desde o día en que aquela se produciu, segundo a declaración do secretario xudicial.»

Corenta e un. Os ordinais 2.º, 3.º e 4.º do artigo 194 quedan redactados da seguinte maneira:

«2.º Dos que resulte acreditado que se encontraban a bordo dunha nave cuxo naufraxio ou desaparición por inmersión no mar se comprobase, ou a bordo dunha aeronave cuxo sinistro se verificase e haxa evidencias racionais de ausencia de superviventes.

3.º Dos que non se teñan noticias despois de que resulte acreditado que se encontraban a bordo dunha nave cuxo naufraxio ou desaparición por inmersión no mar se comprobase ou a bordo dunha aeronave cuxo sinistro se verificase ou, en caso de se ter encontrado restos humanos en tales supostos, que non puidesen ser identificados, logo de que transcorresen oito días.

4.º Dos que se encontren a bordo dunha nave que se presuma naufragada ou desaparecida por inmersión no mar, por non chegar ao seu destino, ou se, carecendo de punto fixo de arribo, non retornase e haxa evidencias racionais de ausencia de superviventes, logo de que en calquera dos casos transcorrese un mes contado desde as últimas noticias recibidas ou, por falta destas, desde a data de saída da nave do porto inicial da viaxe.

5.º Dos que se encontren a bordo dunha aeronave que se presuma sinistrada ao realizar a viaxe sobre mares, zonas desérticas ou inhabitadas, por non chegar ao seu destino, ou se, carecendo de punto fixo de arribo, non retornase e haxa evidencias racionais de ausencia de superviventes, logo de que en calquera dos casos transcorrese un mes contado desde as últimas noticias das persoas ou da aeronave e, no seu defecto, desde a data de inicio da viaxe. Se esta se fai por etapas, o prazo indicado computarase desde o punto de engalaxe do cal se recibiron as últimas noticias.»

Corenta e dous. O artigo 196 queda redactado da forma seguinte:

«Unha vez firme a declaración de falecemento do ausente, abrírase a sucesión nos bens deste e procederase á súa adxudicación conforme o disposto legalmente.

Os herdeiros non poderán dispoñer a título gratuito ata cinco anos despois da declaración do falecemento.

Ata que transcorra este mesmo prazo non serán entregados os legados, se os hai, nin terán dereito a exixilos os legatarios, salvo as mandas piadosas en sufraxio da alma do testador ou os legados en favor de institucións de beneficencia.

Será obriga ineludible dos sucesores, aínda que por tratarse dun só non fose necesaria partición, a de formar notarialmente un inventario detallado dos bens mobles e unha descrición dos inmobles.»

Corenta e tres. Modifícase a rúbrica do capítulo III do título VIII do libro primeiro:

«Da inscrición no Rexistro Civil»

Corenta e catro. O artigo 198 queda redactado da forma seguinte:

«No Rexistro Civil faranse constar as declaracións de desaparición, ausencia legal e de falecemento, así como as representacións lexítimas e dativas acordadas e a súa extinción.

Así mesmo, anotaranse os inventarios de bens mobles e a descrición de inmobles que neste título se ordenan; os decretos de concesión e as escrituras de transmisións e gravames que efectúen os representantes lexítimos ou dativos dos ausentes, e a escritura de descrición ou inventario dos bens, así como das escrituras de partición e adjudicación realizadas en virtude da declaración de falecemento ou das actas de protocolización dos cadernos particionais nos seus respectivos casos.»

Corenta e cinco. O artigo 219 queda redactado da forma seguinte:

«A inscrición das resolucións a que se refire o artigo anterior practicarase en virtude de testemuño remitido ao encargado do Rexistro Civil.»

Corenta e seis. O artigo 249 queda redactado da forma seguinte:

«Durante a tramitación do expediente de remoción poderase suspender nas súas funcións o titor e nomear para o tutelado un defensor xudicial.»

Corenta e sete. O artigo 256 queda redactado da forma seguinte:

«Mentres se resolva acerca da escusa, o que a propuxese estará obrigado a exercer a función.

De non facelo así, procederase a nomear un defensor que o substitúa e o substituído quedará responsable de todos os gastos ocasionados pola escusa se esta é rexeitada.»

Corenta e oito. O artigo 259 queda redactado da forma seguinte:

«O secretario xudicial dará posesión do seu cargo ao titor nomeado.»

Corenta e nove. O artigo 263 queda redactado da forma seguinte:

«O secretario xudicial poderá prorrogar este prazo en resolución motivada se concorre causa para iso.»

Cincuenta. O artigo 264 queda redactado da forma seguinte:

«O inventario formarase ante o secretario xudicial con intervención do Ministerio Fiscal e con citación das persoas que aquel considere conveniente.»

Cincuenta e un. O artigo 265 queda redactado da forma seguinte:

«O diñeiro, as alfaias, os obxectos preciosos e os valores mobiliarios ou documentos que, ao xuízo do secretario xudicial, non deban quedar en poder do titor serán depositados nun establecemento destinado para este efecto.

Os gastos que ocasionen as anteriores medidas serán por conta dos bens do tutelado.»

Cincuenta e dous. O artigo 299 bis queda redactado da forma seguinte:

«Cando se teña coñecemento de que unha persoa debe ser sometida a tutela ou curatela, e mentres non recaia resolución xudicial que poña fin ao procedemento, asumirá a súa representación e defensa o Ministerio Fiscal. En tal caso, cando ademais do coidado da persoa haxa que procederse ao dos bens, o secretario xudicial poderá designar un defensor xudicial que os administre, quen deberá render contas da súa xestión unha vez concluída.»

Cincuenta e tres. O artigo 300 queda redactado da forma seguinte:

«En expediente de xurisdición voluntaria, de oficio ou por pedimento do Ministerio Fiscal, do propio menor ou de calquera persoa capaz de comparecer en xuízo, nomearase defensor aquel que se considere máis idóneo para o cargo.»

Cincuenta e catro. O artigo 302 queda redactado da forma seguinte:

«O defensor xudicial terá as atribucións que se lle concedesen e deberá render contas da súa xestión unha vez concluída.»

Cincuenta e cinco. O artigo 314 redáctase como segue:

«A emancipación ten lugar:

- 1.º Pola maior idade.
- 2.º Por concesión dos que exerzan a patria potestade.
- 3.º Por concesión xudicial.»

Cincuenta e seis. O artigo 681 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 681.

Non poderán ser testemuñas nos testamentos:

Primeiro. Os menores de idade, salvo o disposto no artigo 701.

Segundo. Sen contido.

Terceiro. Os que non entendan o idioma do testador.

Cuarto. Os que non presenten o discernimento necesario para desenvolver o labor testifical.

Quinto. O cónxuxe ou os parentes dentro do cuarto grao de consanguinidade ou segundo de afinidade do notario autorizante e os que teñan con este relación de traballo.»

Cincuenta e sete. O artigo 689 queda redactado da forma seguinte:

«O testamento hológrafo deberase protocolizar e deberase presentar, nos cinco anos seguintes ao falecemento do testador, ante notario. Este redactará a acta de protocolización de conformidade coa lexislación notarial.»

Cincuenta e oito. O artigo 690 queda redactado da forma seguinte:

«A persoa que teña no seu poder un testamento hológrafo deberá presentalo ante notario competente nos dez días seguintes a aquel en que teña coñecemento do falecemento do testador. O incumprimento deste deber farao responsable dos danos e perdas que cause.

Tamén poderá presentalo calquera que teña interese no testamento como herdeiro, legatario, testamenteiro ou en calquera outro concepto.»

Cincuenta e nove. O artigo 691 queda redactado da forma seguinte:

«Presentado o testamento hológrafo e acreditado o falecemento do testador, procederase á súa adveración conforme a lexislación notarial.»

Sesenta. O artigo 692 queda redactado da forma seguinte:

«Adverado o testamento e acreditada a identidade do seu autor, procederase á súa protocolización.»

Sesenta e un. O artigo 693 queda redactado da forma seguinte:

«O notario, se considera acreditada a autenticidade do testamento, autorizará a acta de protocolización, na cal fará constar as actuacións realizadas e, se for o caso, as observacións manifestadas.

Se o testamento non é adverado por non se acreditar suficientemente a identidade do outorgante, procederase ao arquivamento do expediente sen protocolizar aquel.

Autorizada ou non a protocolización do testamento hológrafo, os interesados non conformes poderán exercer os seus dereitos no xuízo que corresponda.»

Sesenta e dous. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 703, que queda redactado do seguinte modo:

«Cando o testador faleza no dito prazo, tamén quedará ineficaz o testamento se dentro dos tres meses seguintes ao falecemento non se acode ao notario competente para que o eleve a escritura pública, xa se outorgase por escrito, xa verbalmente.»

Sesenta e tres. Modifícase o artigo 704, que queda redactado do seguinte modo:

«Os testamentos outorgados sen autorización do notario serán ineficaces se non se elevan a escritura pública e se protocolizan na forma prevista na lexislación notarial.»

Sesenta e catro. O artigo 712 queda redactado da forma seguinte:

«1. A persoa que teña no seu poder un testamento pechado deberá presentalo ante notario competente nos dez días seguintes a aquel en que teña coñecemento do falecemento do testador.

2. O notario autorizante dun testamento pechado, constituído en depositario deste polo testador, deberá comunicar, nos dez días seguintes a aquel en que teña coñecemento do seu falecemento, a existencia do testamento ao cónxuxe sobrevivente, aos descendentes e aos ascendentes do testador e, en defecto destes, aos parentes colaterais ata o cuarto grao.

3. Nos dous supostos anteriores, de non coñecer a identidade ou o domicilio destas persoas, ou se se ignora a súa existencia, o notario deberá dar a publicidade que determine a lexislación notarial.

O incumprimento deste deber, así como o da presentación do testamento por quen o teña no seu poder ou polo notario, farao responsable dos danos e perdas causados.»

Sesenta e cinco. O parágrafo primeiro do artigo 713 queda redactado da forma seguinte:

«O que con dolo deixe de presentar o testamento pechado que teña no seu poder dentro do prazo fixado no artigo anterior, ademais da responsabilidade que se determina nel, perderá todo dereito á herdanza, se o ten como herdeiro ab intestato ou como herdeiro ou legatario por testamento.»

Sesenta e seis. O artigo 714 queda redactado da forma seguinte:

«Para a apertura e protocolización do testamento pechado observarase o previsto na lexislación notarial.»

Sesenta e sete. O artigo 718 queda redactado da forma seguinte:

«Os testamentos outorgados de acordo cos dous artigos anteriores deberán ser remitidos o antes posible ao Cuartel Xeral e, por este, ao Ministerio de Defensa.

O Ministerio, se falecese o testador, remitirá o testamento ao colexio notarial correspondente ao último domicilio do defunto e, de non ser coñecido este, remitirao ao Colexio Notarial de Madrid.

O colexio notarial remitirá o testamento ao notario correspondente ao último domicilio do testador. Unha vez recibido, o notario deberá comunicar, nos dez días seguintes, a súa existencia aos herdeiros e demais interesados na sucesión, para que comparezan ante el co obxecto de protocolizalo de acordo co disposto legalmente.»

Sesenta e oito. Os números 1, 2 e 3 do artigo 756 quedan redactados da forma seguinte:

«1. O que sexa condenado por sentenza firme por ter atentado contra a vida, ou a pena grave por ter causado lesións ou por ter exercido habitualmente violencia física ou psíquica no ámbito familiar ao causante, ao seu cónxuxe, á persoa á cal estea unida por análoga relación de afectividade ou a algún dos seus descendentes ou ascendentes.

2. O que sexa condenado por sentenza firme por delitos contra a liberdade, a integridade moral e a liberdade e indemnidade sexual, se o ofendido é o causante, o seu cónxuxe, a persoa á cal estea unida por análoga relación de afectividade ou algún dos seus descendentes ou ascendentes.

Así mesmo, o condenado por sentenza firme a pena grave por ter cometido un delito contra os dereitos e deberes familiares respecto da herdanza da persoa agraviada.

Tamén o privado por resolución firme da patria potestade ou removido do exercicio da tutela ou acollemento familiar dun menor ou dunha persoa coa capacidade modificada xudicialmente por causa que lle sexa imputable, respecto da súa herdanza.

3. O que acusase o causante de delito para o cal a lei sinala pena grave, se é condenado por denuncia falsa.»

Sesenta e nove. O artigo 834 queda redactado da forma seguinte:

«O cónxuxe que ao morrer o seu consorte non estea separado deste legalmente ou de feito, se concorre á herdanza con fillos ou descendentes, terá dereito ao usufruto do terzo destinado a mellora.»

Setenta. O artigo 835 queda redactado da forma seguinte:

«Se entre os cónxuxes separados mediase reconciliación notificada ao xulgado que coñeceu da separación ou ao notario que outorgou a escritura pública de separación de conformidade co artigo 84 deste código, o sobrevivente conservará os seus dereitos.»

Setenta e un. O artigo 843 queda redactado da forma seguinte:

«Salvo confirmación expresa de todos os fillos ou descendentes, a partición a que se refiren os dous artigos anteriores requirirá aprobación polo secretario xudicial ou notario.»

Setenta e dous. O artigo 899 queda redactado da forma seguinte:

«O testamenteiro que acepta o cargo constitúese na obriga de desempeñalo pero poderá renunciar alegando causa xusta ao criterio do secretario xudicial ou do notario.»

Setenta e tres. O artigo 905 queda redactado da forma seguinte:

«Se o testador quere ampliar o prazo legal, deberá sinalar expresamente o da prórroga. Se non o sinala, entenderase prorrogado o prazo por un ano. Se, transcorrida esta prórroga, non se cumprixe aínda a vontade do testador, poderá o secretario xudicial ou o notario conceder outra polo tempo que sexa necesario, atendidas as circunstancias do caso.»

Setenta e catro. O artigo 910 queda redactado da forma seguinte:

«Remata a testamentaría pola morte, imposibilidade, renuncia ou remoción do testamenteiro, e polo lapso do termo sinalado polo testador, pola lei e, se é o caso, polos interesados. A remoción deberá ser apreciada polo xuíz.»

Setenta e cinco. O artigo 945 queda redactado da forma seguinte:

«Non terá lugar o chamamento a que se refire o artigo anterior se o cónxuxe está separado legalmente ou de feito.»

Setenta e seis. O artigo 956 queda redactado da forma seguinte:

«Na falta de persoas que teñan dereito a herdar conforme o disposto nas precedentes seccións herdará o Estado, quen, realizada a liquidación da masa hereditaria, ingresará a cantidade resultante no Tesouro Público salvo que, pola natureza dos bens herdados, o Consello de Ministros acorde darlles, total ou parcialmente, outra aplicación. Dúas terceiras partes do valor desa masa hereditaria serán destinadas a fins de interese social e engadiranse á asignación tributaria que para estes fins se realice nos orzamentos xerais do Estado.»

Setenta e sete. O artigo 957 queda redactado da forma seguinte:

«Os dereitos e as obrigas do Estado serán os mesmos que os dos demais herdeiros, pero entenderase sempre aceptada a herdanza a beneficio de inventario, sen necesidade de ningunha declaración sobre isto, para os efectos que enumera o artigo 1023.»

Setenta e oito. O artigo 958 queda redactado da forma seguinte:

«Para que o Estado poida tomar posesión dos bens e dereitos hereditarios deberá preceder declaración administrativa de herdeiro e os bens adxudicaranse por falta de herdeiros lexítimos.»

Setenta e nove. O artigo 1005 queda redactado da forma seguinte:

«Calquera interesado que acredite o seu interese en que o herdeiro acepte ou repudie a herdanza poderá acudir ao notario para que este comunique ao chamado que ten un prazo de trinta días naturais para aceptar pura ou simplemente, ou a beneficio de inventario, ou para repudiar a herdanza. O notario indicarlle ademais que, se non manifesta a súa vontade no dito prazo, se entenderá aceptada a herdanza pura e simplemente.»

Oitenta. O artigo 1008 queda redactado da forma seguinte:

«A repudiación da herdanza deberase facer ante notario en instrumento público.»

Oitenta e un. O artigo 1011 queda redactado da forma seguinte:

«A declaración de facer uso do beneficio de inventario deberase facer ante notario.»

Oitenta e dous. O artigo 1014 queda redactado da forma seguinte:

«O herdeiro que teña no seu poder a herdanza ou parte dela e queira utilizar o beneficio de inventario ou o dereito de deliberar deberá comunicalo ante notario e pedir, no prazo de trinta días contados desde aquel en que saiba que é herdeiro, a formación de inventario notarial con citación aos acredores e legatarios para que acudan a presenciarlo se lles convén.»

Oitenta e tres. O artigo 1015 queda redactado da forma seguinte:

«Cando o herdeiro non teña no seu poder a herdanza ou parte dela, nin realizase ningunha xestión como tal herdeiro, o prazo expresado no artigo anterior contarase desde o día seguinte a aquel en que expire o prazo que se lle fixase para aceptar ou

repudiar a herdanza conforme o artigo 1005, ou desde o día en que a aceptase ou xestionase como herdeiro.»

Oitenta e catro. O artigo 1017 queda redactado da forma seguinte:

«O inventario iniciárase dentro dos trinta días seguintes ao da citación dos acredores e legatarios e concluirá dentro doutros sesenta.

Se, por encontrarse os bens a longa distancia ou ser moi cuantiosos, ou por outra causa xusta, parecen insuficientes os ditos sesenta días, o notario poderá prorrogar este prazo polo tempo que considere necesario, sen que poida exceder un ano.»

Oitenta e cinco. O artigo 1019 queda redactado da forma seguinte:

«O herdeiro que reservase para si o dereito de deliberar deberá manifestar ao notario, dentro de trinta días contados desde o seguinte a aquel en que se conclúise o inventario, se repudia ou acepta a herdanza e se fai uso ou non do beneficio de inventario.

Pasados os trinta días sen facer a dita manifestación, entenderase que a acepta pura e simplemente.»

Oitenta e seis. O artigo 1020 queda redactado da forma seguinte:

«Durante a formación do inventario e ata a aceptación da herdanza, por instancia de parte, o notario poderá adoptar as providións necesarias para a administración e custodia dos bens hereditarios consonte o que se prescribe neste código e na lexislación notarial.»

Oitenta e sete. O artigo 1024 queda redactado da forma seguinte:

«O herdeiro perderá o beneficio de inventario:

1.º Se a sabendas deixa de incluír no inventario algún dos bens, dereitos ou accións da herdanza.

2.º Se, antes de completar o pagamento das débedas e legados, allea bens da herdanza sen autorización de todos os interesados ou non dá ao prezo do vendido a aplicación determinada ao concederlle a autorización.

Non obstante, poderá dispoñer de valores negociables que coticen nun mercado secundario a través do alleamento no dito mercado, e dos demais bens mediante a súa venda en poxa pública notarial previamente notificada a todos os interesados, especificando en ambos os dous casos a aplicación que se dará ao prezo obtido.»

Oitenta e oito. O artigo 1030 queda redactado da forma seguinte:

«Cando para o pagamento dos créditos e legados sexa necesaria a venda de bens hereditarios, realizarase esta na forma establecida no parágrafo segundo do ordinal 2.º do artigo 1024 deste código, agás se todos os herdeiros, acredores e legatarios acordan outra cousa.»

Oitenta e nove. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 1033, que queda redactado da seguinte forma:

«Os gastos do inventario e as demais actuacións a que dea lugar a administración da herdanza aceptada a beneficio de inventario e a defensa dos seus dereitos serán por conta da mesma herdanza. Exceptúanse aqueles gastos imputables ao herdeiro que fose condenado persoalmente polo seu dolo ou mala fe.

Entenderase o mesmo respecto das gastos causados para facer uso do dereito de deliberar, se o herdeiro repudia a herdanza.»

Noventa. O artigo 1057 queda redactado da forma seguinte:

«O testador poderá encomendarlle por acto «inter vivos» ou «mortis causa» para despois da súa morte a simple facultade de facer a partición a calquera persoa que non sexa un dos coherdeiros.

Se non hai testamento, contador partidor nel designado ou vacante o cargo, o secretario xudicial ou o notario, por pedimento de herdeiros e legatarios que representen, polo menos, o 50 por 100 do haber hereditario, e con citación dos demais interesados, se o seu domicilio é coñecido, poderá nomear un contador partidor dativo, segundo as regras que as leis de axuízamento civil e do notariado establecen para a designación de peritos. A partición así realizada requirirá aprobación do secretario xudicial ou do notario, agás confirmación expresa de todos os herdeiros e legatarios.

O disposto neste artigo e no anterior observarase aínda que entre os coherdeiros haxa algún suxeito a patria potestade, tutela ou curatela. Pero o contador partidor deberá, nestes casos, inventariar os bens da herdanza con citación dos representantes legais ou curadores destas persoas.»

Noventa e un. O artigo 1060 queda redactado da forma seguinte:

«Cando os menores ou persoas con capacidade modificada xudicialmente estean legalmente representados na partición, non será necesaria a intervención nin a autorización xudicial, pero o titor necesitará aprobación xudicial da partición efectuada. O defensor xudicial designado para representar un menor ou unha persoa con capacidade modificada xudicialmente nunha partición deberá obter a aprobación do xuíz se o secretario xudicial non dispuxo outra cousa ao facer o nomeamento.»

Noventa e dous. O artigo 1176 queda redactado da forma seguinte:

«Se o acredor a quen se lle faga o ofrecemento de pagamento, conforme as disposicións que regulan este, se nega, de maneira expresa ou de feito, sen razón a admitilo, a outorgar o documento xustificativo de se ter efectuado ou á cancelación da garantía, de habela, o debedor quedará libre de responsabilidade mediante a consignación da cousa debida.

A consignación por si soa producirá o mesmo efecto cando se faga estando o acredor ausente no lugar onde o pagamento se deba realizar, ou cando estea impedido para recibilo no momento en que se deba facer, e cando varias persoas pretendan ter dereito a cobrar, sexa o acredor descoñecido ou se extraviase o título que leve incorporada a obriga.

En todo caso, procederá a consignación en todos aqueles supostos en que o cumprimento da obriga se faga máis gravoso para o debedor por causas non imputables a el.»

Noventa e tres. O artigo 1178 queda redactado da forma seguinte:

«A consignación faraa o debedor ou un terceiro, poñendo as cousas debidas á disposición do xulgado ou do notario, nos termos previstos na Lei de xurisdición voluntaria ou na lexislación notarial.»

Noventa e catro. O artigo 1180 queda redactado da forma seguinte:

«A aceptación da consignación por parte do acredor ou a declaración xudicial de que está ben feita extinguirá a obriga e o debedor poderá pedir que se manden cancelar a obriga e a garantía, se for o caso.

Mentres tanto, o debedor poderá retirar a cousa ou cantidade consignada e deixará subsistente a obriga.»

Noventa e cinco. O artigo 1377 queda redactado da forma seguinte:

«Para realizar actos de disposición a título oneroso sobre bens gananciais requirírase o consentimento de ambos os dous cónxuxes.

Se un o nega ou está impedido para prestalo, o xuíz poderá autorizar un ou varios actos dispositivos cando o considere de interese para a familia. Excepcionalmente acordará as limitacións ou cautelas que xulgue convenientes.»

Noventa e seis. O artigo 1389 queda redactado da forma seguinte:

«O cónxuxe en quen recaia a administración en virtude do disposto nos dous artigos anteriores terá para iso plenas facultades, salvo que o xuíz, cando o considere de interese para a familia, estableza cautelas ou limitacións.

En todo caso, para realizar actos de disposición sobre inmobles, establecementos mercantís, obxectos preciosos ou valores mobiliarios, salvo o dereito de subscripción preferente, necesitará autorización xudicial.»

Noventa e sete. O artigo 1392 queda redactado da forma seguinte:

«A sociedade de gananciais concluirá de pleno dereito:

- 1.º Cando se disolva o matrimonio.
- 2.º Cando sexa declarado nulo.
- 3.º Cando se acorde a separación legal dos cónxuxes.
- 4.º Cando os cónxuxes conveñan un réxime económico distinto na forma previda neste código.»

Noventa e oito. O artigo 1442 queda redactado da forma seguinte:

«Declarado un cónxuxe en concurso, serán de aplicación as disposicións da lexislación concursal.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Código de comercio.*

O artigo 40 queda redactado da forma seguinte:

«1. Sen prexuízo do establecido noutras leis que obriguen a someter as contas anuais á auditoría dunha persoa que teña a condición legal de auditor de contas, e do disposto nos artigos 32 e 33 deste código, todo empresario estará obrigado a someter a auditoría as contas anuais ordinarias ou consolidadas, se for o caso, da súa empresa, cando así o acorde o secretario xudicial ou o rexistrador mercantil do domicilio social do empresario se acollen a petición fundada de quen acredite un interese lexítimo. Antes de estimar a solicitude, o secretario xudicial ou o rexistrador mercantil deberán exixir ao solicitante que adiante os fondos necesarios para o pagamento da retribución do auditor.

A sociedade unicamente poderá opoñerse ao nomeamento achegando proba documental de que non procede este ou negando a lexitimación do solicitante.

A solicitude ante o rexistrador mercantil tramitarase de acordo co previsto no Regulamento do Rexistro Mercantil. A designación de auditor suxeitarase á quenda regulamentaria que establece o Regulamento de Rexistro Mercantil.

Se se insta ante o secretario xudicial, seguiranse os trámites establecidos na lexislación da xurisdición voluntaria.

Contra a resolución que se dite sobre a procedencia ou improcedencia da auditoría poderase recorrer perante o xuíz do mercantil.

2. O mesmo día en que o emita, o auditor entregaralles o informe ao empresario e ao solicitante e presentará copia a quen o designase. Se o informe contén opinión denegada ou desfavorable, o secretario xudicial ou o rexistrador mercantil acordará que o empresario lle satisfaga ao solicitante as cantidades que

anticipase. Se o informe contén unha opinión con reservas ou excepcións, dítase resolución en que se determine en quen deberá recaer o custo da auditoría e en que proporción. Se o informe é con opinión favorable, o custo da auditoría será por conta do solicitante.

3. O secretario xudicial ou o rexistrador mercantil desestimarán a solicitude de auditoría cando, antes da data da solicitude, conste inscrito no Rexistro Mercantil nomeamento de auditor para a verificación das contas dese mesmo exercicio ou, no caso das sociedades mercantís e demais persoas xurídicas obrigadas, non finalizase o prazo legal para que o órgano competente efectúe o nomeamento de auditor.

4. A emisión do informe de auditoría non impedirá o exercicio do dereito de acceso á contabilidade por aqueles aos que a lei lles atribúa ese dereito.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación de determinados artigos da Lei 1/2000, de axuízamento civil.*

A Lei de axuízamento civil queda modificada como segue:

Un. O número 1 do artigo 8 queda redactado da forma seguinte:

«1. Cando a persoa física se encontre no caso do número 2 do artigo anterior e non haxa persoa que legalmente a represente ou asista para comparecer en xuízo, o secretario xudicial nomearalle un defensor xudicial mediante decreto, que asumirá a súa representación e defensa ata que se designe aquela persoa.»

Dous. O número 1 do artigo 395 queda redactado da forma seguinte:

«1. Se o demandado se avén á demanda antes de contestala, non procederá a imposición de custas salvo que o tribunal, razoándoo debidamente, aprecie mala fe no demandado.

Entenderase que, en todo caso, existe mala fe, se antes de presentada a demanda se lle formulase ao demandado requirimento fidedigno e xustificativo de pagamento ou se se iniciase procedemento de mediación ou se dirixise contra el solicitude de conciliación.»

Tres. O número 1 do artigo 525 queda redactado da forma seguinte:

«1. Non serán en ningún caso susceptibles de execución provisional:

1.^a As sentenzas ditadas nos procesos sobre paternidade, maternidade, filiación, nulidade de matrimonio, separación e divorcio, capacidade e estado civil, así como sobre as medidas relativas á restitución ou retorno de menores nos supostos de subtracción internacional e dereitos honoríficos, salvo os pronunciamentos que regulen as obrigas e relacións patrimoniais relacionadas con aquilo que sexa obxecto principal do proceso.

2.^a As sentenzas que condenen a emitir unha declaración de vontade.

3.^a As sentenzas que declaren a nulidade ou caducidade de títulos de propiedade industrial.»

Catro. O artigo 608 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 608. *Execución por condena a prestación alimenticia.*

O disposto no artigo anterior non será de aplicación cando se proceda por execución de sentenza que condene ao pagamento de alimentos, en todos os casos en que a obriga de satisfacelos naza directamente da lei, incluíndo os pronunciamentos das sentenzas ditadas en procesos de nulidade, separación ou divorcio sobre alimentos debidos ao cónxuxe ou aos fillos ou dos decretos ou escrituras públicas que formalicen o convenio regulador que os establezan. Nestes

casos, así como nos das medidas cautelares correspondentes, o tribunal fixará a cantidade que pode ser embargada.»

Cinco. O artigo 748 queda redactado da seguinte maneira:

«As disposicións do presente título serán aplicables aos seguintes procesos:

- 1.º Os que versen sobre a capacidade das persoas e os de declaración de prodigalidade.
- 2.º Os de filiación, paternidade e maternidade.
- 3.º Os de nulidade do matrimonio, separación e divorcio e os de modificación de medidas adoptadas neles.
- 4.º Os que versen exclusivamente sobre garda e custodia de fillos menores ou sobre alimentos reclamados por un proxenitor contra o outro en nome dos fillos menores.
- 5.º Os de recoñecemento de eficacia civil de resolucións ou decisións eclesiásticas en materia matrimonial.
- 6.º Os que versen sobre as medidas relativas á restitución de menores nos supostos de subtracción internacional.
- 7.º Os que teñan por obxecto a oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores.
- 8.º Os que versen sobre a necesidade de asentimento na adopción.»

Seis. O número primeiro do artigo 749 queda redactado da seguinte maneira:

«1. Nos procesos sobre a capacidade das persoas, nos de nulidade matrimonial, nos de subtracción internacional de menores e nos de determinación e impugnación da filiación será sempre parte o Ministerio Fiscal, aínda que non fose promotor deles nin deba, conforme a lei, asumir a defensa dalgunha das partes. O Ministerio Fiscal velará durante todo o proceso pola salvagarda do interese superior da persoa afectada.»

Sete. O parágrafo segundo do artigo 758 queda redactado da forma seguinte:

«Se non o fan, serán defendidos polo Ministerio Fiscal, sempre que non fose este o promotor do procedemento. Noutro caso, o secretario xudicial designaralles un defensor xudicial, a non ser que xa estea nomeado.»

Oito. Os números 1 e 2 do artigo 769 quedan redactados da forma seguinte:

«1. Salvo que expresamente se dispoña outra cousa, será tribunal competente para coñecer dos procedementos a que se refire este capítulo o xulgado de primeira instancia do lugar do domicilio conxugal. No caso de residiren os cónxuxes en distintos partidos xudiciais, será tribunal competente, á elección do demandante, o do último domicilio do matrimonio ou o de residencia do demandado.

Os que non teñan domicilio nin residencia fixos poderán ser demandados no lugar en que se encontren ou no da súa última residencia, á elección do demandante, e se tampouco se pode determinar así a competencia corresponderá esta ao tribunal do domicilio do demandante.

2. No procedemento de separación ou divorcio de mutuo acordo a que se refire o artigo 777 será competente o xulgado do último domicilio común ou o do domicilio de calquera dos solicitantes.»

Nove. Modifícase o número 4 e engádesse un número 10 ao artigo 777 nos seguintes termos:

«4. Ratificada por ambos os cónxuxes a solicitude, se a documentación presentada é insuficiente, o xuíz ou o secretario xudicial que sexa competente concederá aos solicitantes un prazo de dez días para que a completen. Durante

este prazo practícarase, se for o caso, a proba que os cónxuxes propuxesen e as demais que o tribunal considere necesarias para acreditar a concorrencia das circunstancias en cada caso exixidas polo Código civil e para apreciar a procedencia de aprobar a proposta de convenio regulador.»

«10. Se a competencia é do secretario xudicial por non existiren fillos menores non emancipados ou coa capacidade modificada xudicialmente que dependan dos seus proxenitores, inmediatamente despois da ratificación dos cónxuxes ante o secretario xudicial este ditará decreto en que se pronunciará sobre o convenio regulador.

O decreto que formalice a proposta do convenio regulador declarará a separación ou o divorcio dos cónxuxes.

Se considera que, ao seu xuízo, algún dos acordos do convenio pode ser danoso ou gravemente prexudicial para un dos cónxuxes ou para os fillos maiores ou menores emancipados afectados, advertírallelo aos outorgantes e dará por terminado o procedemento. Neste caso, os cónxuxes só poderán acudir ante o xuízo para a aprobación da proposta de convenio regulador.

Contra o decreto non se poderá recorrer.

A modificación do convenio regulador formalizada polo secretario xudicial substanciarase conforme o disposto neste artigo cando concorran os requisitos necesarios para isto.»

Dez. Engádesse un capítulo IV bis no título I do libro IV, integrado polos novos artigos 778 bis a 778 quáter, co seguinte título:

«CAPÍTULO IV BIS

Medidas relativas á restitución ou retorno de menores nos supostos de subtracción internacional»

Once. Engádesse un artigo 778 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 778 bis. *Ámbito de aplicación. Normas xerais.*

1. Nos supostos en que, sendo aplicables un convenio internacional ou as disposicións da Unión Europea, se pretenda a restitución dun menor ou o seu retorno ao lugar de procedencia por ter sido obxecto dun traslado ou retención ilícito e se encontre en España, procederá de acordo co previsto neste capítulo. Non será de aplicación aos supostos en que o menor proceda dun Estado que non forma parte da Unión Europea nin sexa parte dalgún convenio internacional.

2. Nestes procesos, será competente o xulgado de primeira instancia da capital da provincia, de Ceuta ou Melilla, con competencias en materia de dereito de familia, en cuxa circunscrición se encontre o menor que fose obxecto dun traslado ou retención ilícitos, de habelo, e, no seu defecto, a aquel ao que por quenda de repartición lle corresponda. O tribunal examinará de oficio a súa competencia.

3. Poderán promover o procedemento a persoa, a institución ou o organismo que teña atribuída a garda e custodia ou un réxime de estada ou visitas, relación ou comunicación do menor, a autoridade central española encargada do cumprimento das obrigas impostas polo correspondente convenio, se for o caso, e, en representación desta, a persoa que designe a dita autoridade.

4. As partes deberán actuar con asistencia de avogado e representadas por procurador. A intervención da Avogacía do Estado, cando proceda por instancia da autoridade central española, cesará desde o momento en que o solicitante da restitución ou do retorno compareza no proceso co seu propio avogado e procurador.

5. O procedemento terá carácter urxente e preferente. Deberase realizar, en ambas as instancias, de habelas, no inescusable prazo total de seis semanas desde a data da presentación da solicitude en que se inste a restitución ou o retorno do menor, salvo que existan circunstancias excepcionais que o fagan imposible.

6. En ningún caso se ordenará a suspensión das actuacións civís pola existencia de prexudicialidade penal que veña motivada polo exercicio de accións penais en materia de subtracción de menores.

7. Neste tipo de procesos, e coa finalidade de facilitar as comunicacións xudiciais directas entre órganos xurisdicionais de distintos países, se isto é posible e o xuíz o considera necesario, poderá recorrerse ao auxilio das autoridades centrais implicadas, das redes de cooperación xudicial internacional existentes, dos membros da Rede internacional de xuíces da Conferencia da Haia e dos xuíces de enlace.

8. O xuíz poderá acordar durante todo o proceso, de oficio, por pedimento de quen promova o procedemento ou do Ministerio Fiscal as medidas cautelares oportunas e de aseguramento do menor que xulgue pertinentes conforme o artigo 773, ademais das previstas no artigo 158 do Código civil.

Da mesma maneira, poderá acordar que durante a tramitación do proceso se garantan os dereitos de estadía ou visita, relación e comunicación do menor co demandante, mesmo de forma supervisada, se isto é conveniente aos intereses do menor.»

Doce. Engádesse un artigo 778 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 778 ter. *Procedemento.*

1. O procedemento iniciárase mediante demanda en que se instará a restitución do menor ou o seu retorno ao lugar de procedencia, e incluírá toda a información exixida pola normativa internacional aplicable e, en todo caso, a relativa á identidade do demandante, do menor e da persoa que se considere que subtraeu ou retivo o menor, así como os motivos en que se basea para reclamar a súa restitución ou retorno. Deberá, igualmente, achegar toda a información que dispoña relativa á localización do menor e á identidade da persoa con quen se supón que se encontra.

Á demanda deberase xuntar a documentación requirida, se for o caso, polo correspondente convenio ou norma internacional e calquera outra en que o solicitante funde a súa petición.

2. O secretario xudicial resolverá sobre a admisión da demanda no prazo das 24 horas seguintes e, se entende que esta non resulta admisible, dará conta ao xuíz para que resolva o que proceda dentro do dito prazo.

Na mesma resolución en que sexa admitida a demanda, o secretario xudicial requirirá a persoa a quen se impute a subtracción ou retención ilícita do menor para que, na data que se determine, que non poderá exceder os tres días seguintes, compareza co menor e manifieste se accede á súa restitución ou retorno ou se opón a iso, alegando en tal caso algunha das causas establecidas no correspondente convenio ou norma internacional aplicable.

O requirimento practicarase cos apercibimentos legais e con entrega ao requirido do texto do correspondente convenio ou norma internacional aplicable.

3. Cando o menor non sexa atopado no lugar indicado na demanda e se, tras a realización das correspondentes investigacións por parte do secretario xudicial sobre o seu domicilio ou residencia, estas son infrutuosas, archivarase provisionalmente o procedemento ata ser encontrado.

Se o menor é atopado noutra provincia, o secretario xudicial, logo de audiencia do Ministerio Fiscal e das partes constituídas como tal polo prazo dun día, dará conta ao xuíz para que resolva ao día seguinte o que proceda mediante auto; remitirá, se for o caso, as actuacións ao tribunal que considere territorialmente competente e emprazará as partes para que comparezan ante este dentro do prazo dos tres días seguintes.

4. Chegado o día, se o requirido comparece e accede á restitución do menor ou ao seu retorno ao lugar de procedencia, segundo corresponda, o secretario

xudicial levantará acta e o xuíz ditará auto o mesmo día acordando a conclusión do proceso e a restitución ou o retorno do menor, pronunciándose en canto aos gastos, incluídos os de viaxe, e as custas do proceso.

O demandado poderá comparecer en calquera momento, antes da finalización do procedemento, e acceder á entrega do menor ou ao seu retorno ao lugar de procedencia, e será de aplicación o disposto neste punto.

5. Se non comparece ou se, comparecido, non o fai en forma, nin presenta oposición nin procede, neste caso, á entrega ou retorno do menor, o secretario xudicial, no mesmo día, declarará en rebeldía e dispoñerá a continuación do procedemento sen el, citando unicamente o demandante e o Ministerio Fiscal para unha vista ante o xuíz que terá lugar nun prazo non superior aos cinco días seguintes e que se celebrará conforme o disposto no ordinal sexto deste artigo. Esta resolución, non obstante, deberá ser notificada ao demandado, tras o cal non se levará a cabo ningunha outra, excepto a da resolución que poña fin ao proceso.

O xuíz poderá decretar as medidas cautelares que considere pertinentes en relación co menor, caso de non se ter adoptado xa con anterioridade, conforme o artigo 773.

6. Se na primeira comparecencia o requirido formula oposición á restitución ou ao retorno do menor ao abeiro das causas establecidas no correspondente convenio ou norma internacional aplicable, o que deberá realizar por escrito, o secretario xudicial, no mesmo día, dará traslado da oposición e citará todos os interesados e o Ministerio Fiscal a unha vista que se celebrará dentro do improrrogable prazo dos cinco días seguintes.

7. A celebración da vista non se suspenderá por incomparecencia do demandante. Se é o demandado que se opuxese quen non comparece, o xuíz terao por desistido da oposición e continuará a vista.

Durante a súa celebración serán oídas as partes que comparezan para que expoñan o que coiden procedente, en concreto, a persoa que solicitou a restitución ou retorno, o Ministerio Fiscal e a parte demandada, mesmo se comparece neste trámite por primeira vez.

Practicaranse, se for o caso, as probas útiles e pertinentes que as partes ou o Ministerio Fiscal propoñan e as que o xuíz acorde de oficio sobre os feitos que sexan relevantes para a decisión sobre a ilicitude ou non do traslado ou retención e as medidas que se van adoptar, dentro do prazo improrrogable de seis días. O xuíz poderá tamén solicitar, de oficio, por instancia de parte ou do Ministerio Fiscal os informes que considere pertinentes cuxa realización será urxente e preferente a calquera outro proceso.

8. Antes de adoptar calquera decisión relativa á procedencia ou improcedencia da restitución do menor ou do seu retorno ao lugar de procedencia, o xuíz, en calquera momento do proceso e en presenza do Ministerio Fiscal, oírá separadamente o menor, a menos que a súa audiencia non se considere conveniente atendendo á súa idade ou grao de madurez, o que se fará constar en resolución motivada.

Na exploración do menor garantirase que este poida ser oído en condicións idóneas para a salvagarda dos seus intereses, sen interferencias doutras persoas, e solicitarase excepcionalmente o auxilio de especialistas cando isto sexa necesario. Esta actuación poderase realizar a través de videoconferencia ou doutro sistema similar.

9. Celebrada a vista e, se é o caso, practicadas as probas pertinentes, dentro dos tres días seguintes ao do seu remate, o xuíz ditará sentenza en que se pronunciará unicamente sobre se o traslado ou a retención son ilícitos e acordará se procede ou non a restitución do menor á persoa, á institución ou ao organismo que teña atribuída a garda e custodia ou o seu retorno ao lugar de procedencia para permitir ao solicitante o exercicio do réxime de estadía, comunicación ou relación co menor, tendo en conta o interese superior deste e os termos do correspondente

convenio ou das disposicións da Unión Europea na materia, segundo o caso. A resolución que acorde a restitución do menor ou o seu retorno establecerá detalladamente a forma e o prazo de execución, e poderá adoptar as medidas necesarias para evitar un novo traslado ou retención ilícita do menor tras a notificación da sentenza.

10. Se se acorda a restitución ou retorno do menor, na resolución establecerase que a persoa que trasladase ou retívase o menor aboe as custas procesuais, incluídas aquelas en que incorrese o solicitante, os gastos de viaxe e os que ocasione a restitución ou retorno do menor ao Estado onde estívase a súa residencia habitual con anterioridade á subtracción.

Nos demais casos declararanse de oficio as custas do proceso.

11. Contra a resolución que se dite só caberá recurso de apelación con efectos suspensivos, que terá tramitación preferente e que deberá ser resolto no improrrogable prazo de vinte días.

Na tramitación do recurso de apelación seguiranse as seguintes especialidades:

a) Interpoñerase no prazo de tres días, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, e o órgano xudicial deberá acordar a súa admisión ou non dentro das 24 horas seguintes á presentación.

b) Admitido o recurso, as demais partes terán tres días para presentaren escrito de oposición ao recurso ou, se for o caso, de impugnación. Neste último suposto, igualmente o apelante principal dispoñerá do prazo de tres días para manifestar o que teña por conveniente.

c) Tras isto, o secretario xudicial ordenará a remisión dos autos no mesmo día ao tribunal competente para resolver a apelación, ante o cal deberán comparecer as partes no prazo de 24 horas.

d) Recibidos os autos, o tribunal acordará o que proceda sobre a súa admisión no prazo de 24 horas. Se hai que practicar proba ou se se acorda a celebración de vista, o secretario xudicial sinalará día para dentro dos tres días seguintes.

e) A resolución deberá ser ditada dentro dos tres días seguintes ao da terminación da vista ou, en defecto desta, contados desde o día seguinte a aquel en que se recibisen os autos no tribunal competente para a apelación.

12. En calquera momento do proceso, ambas as partes poderán solicitar a súa suspensión de conformidade co previsto no artigo 19.4, para someterse a mediación. Tamén o xuíz poderá en calquera momento, de oficio ou por pedimento de calquera das partes, propoñer unha solución de mediación se, atendendo ás circunstancias concorrentes, coida posible que cheguen a un acordo, sen que isto deba supor un atraso inxustificable do proceso. En tales casos, o secretario xudicial acordará a suspensión polo tempo necesario para tramitar a mediación. A entidade pública que teña as funcións de protección do menor pode intervir como mediadora se así o solicitan de oficio as partes ou o Ministerio Fiscal.

A duración do procedemento de mediación será o máis breve posible e as súas actuacións concentraranse no mínimo número de sesións, sen que en ningún caso a suspensión do proceso para mediación poida exceder o prazo legalmente previsto neste capítulo.

O procedemento xudicial reiniciarase se o solicita calquera das partes ou en caso de alcanzarse un acordo na mediación, que deberá ser aprobado polo xuíz tendo en conta a normativa vixente e o interese superior do neno.

13. Na execución da sentenza en que se acorde a restitución do menor ou o seu retorno ao Estado de procedencia, a autoridade central prestará a necesaria asistencia ao xulgado para garantir que se realice sen perigo, adoptando en cada caso as medidas administrativas precisas.

Se o proxenitor que fose condenado á restitución do menor ou ao seu retorno se opón, impide ou obstaculiza o seu cumprimento, o xuíz deberá adoptar as medidas

necesarias para a execución da sentenza de forma inmediata, para o cal poderá axudarse da asistencia dos servizos sociais e das forzas e corpos de seguridade.»

Trece. Engádesse un artigo 778 quáter coa seguinte redacción:

«Artigo 778 quáter. *Declaración de ilicitude dun traslado ou retención internacional.*

Cando un menor con residencia habitual en España sexa obxecto dun traslado ou retención internacional, conforme o establecido no correspondente convenio ou norma internacional aplicable, calquera persoa interesada, á marxe do proceso que se inicie para pedir a súa restitución internacional, poderá dirixirse en España á autoridade xudicial competente para coñecer do fondo do asunto coa finalidade de obter unha resolución que especifique que o traslado ou a retención foron ilícitos; para este efecto, poderanse utilizar as canles procesuais dispoñibles no título I do libro IV para a adopción de medidas definitivas ou provisionais en España, e mesmo as medidas do artigo 158.

A autoridade competente en España para emitir unha decisión ou unha certificación do artigo 15 do Convenio da Haia, do 25 de outubro de 1980, sobre os aspectos civís da subtracción internacional de menores, que acredite que o traslado ou a retención do menor era ilícito no sentido previsto no artigo 3 do convenio, cando isto sexa posible, será a última autoridade xudicial que coñecese en España de calquera proceso sobre responsabilidade parental que afecte o menor. En defecto disto, será competente o xulgado de primeira instancia do último domicilio do menor en España. A autoridade central española fará todo o posible por prestar asistencia ao solicitante para que obteña unha decisión ou certificación desa clase.»

Catorce. O número 1 do artigo 782 queda redactado da forma seguinte:

«1. Calquera coherdeiro ou legatario de parte alícuota poderá reclamar xudicialmente a división da herdanza, sempre que esta non a deba efectuar un comisario ou contador partidor designado polo testador, por acordo entre os coherdeiros ou polo secretario xudicial ou o notario.»

Quince. O artigo 790 queda redactado da forma seguinte:

«1. Sempre que o tribunal teña noticia do falecemento dunha persoa e non conste a existencia de testamento, nin de ascendentes, descendentes ou cónxuxe do finado ou persoa que se encontre nunha situación de feito asimilable, nin de colaterais dentro do cuarto grao, adoptará de oficio as medidas máis indispensables para o enterramento do defunto se é necesario e para a seguridade dos bens, libros, papeis, correspondencia e efectos do defunto susceptibles de subtracción ou ocultación.

Da mesma forma procederá cando as persoas de que fala o parágrafo anterior estean ausentes ou cando algún deles sexa menor ou teña capacidade modificada xudicialmente e non teña representante legal.

2. Nos casos a que se refire este artigo, logo de que comparezan os parentes, ou se nomee representante legal para os menores ou persoas con capacidade modificada xudicialmente, faráselles entrega dos bens e efectos pertencentes ao defunto, cesando a intervención xudicial, salvo o disposto no artigo seguinte, e deberán acudir ao notario co fin de que proceda á incoación do expediente de declaración de herdeiros.»

Dezaseis. Modifícase o número 2 e engádesse un novo número 3 ao artigo 791:

«2. Se, en efecto, resulta que faleceu sen testar e sen parentes chamados pola lei á sucesión, mandará o tribunal, por medio de auto, que se proceda:

1.º A ocupar os libros, papeis e correspondencia do defunto.

2.º A inventariar e depositar os bens, dispoñendo o que proceda sobre a súa administración, consonte o establecido nesta lei. O tribunal poderá nomear unha persoa, con cargo á masa hereditaria, que efectúe e garanta o inventario e o seu depósito.

Na mesma resolución ordenará de oficio a comunicación á delegación de Economía e Facenda correspondente por se resulta procedente a declaración de herdeiro ab intestato a prol do Estado, con traslado do resultado das dilixencias realizadas e da documentación solicitada ao abeiro do número 1.

3. Desde o momento en que a Administración xeral do Estado ou a Administración dunha comunidade autónoma lle comunique ao tribunal que iniciou un procedemento para a súa declaración como herdeiro ab intestato, este acordará que recaia sobre ela a designación para a administración dos bens. Neste caso, non se exixirá á Administración pública que preste caución e realizará os informes periciais cando sexan necesarios mediante servizos técnicos propios.

A Administración deberá comunicar ao tribunal a resolución que poña fin ao procedemento. Se a dita resolución conclúe que non procede efectuar a declaración de herdeiro ab intestato a favor da Administración, esta non poderá continuar facéndose cargo da masa hereditaria e solicitará ao Tribunal que designe novo administrador xudicial no prazo dun mes desde aquela comunicación. Transcorrido este prazo dun mes, en todo caso, a Administración cesará no cargo de administrador.

Cando esa resolución declare a Administración herdeira ab intestato, o órgano xudicial que estea coñecendo da intervención da masa hereditaria adoptará, antes dun mes, as providións conducentes á entrega dos bens e dereitos integrantes da masa hereditaria.»

Dezasete. O número 1 do artigo 792 queda redactado da forma seguinte:

«1. As actuacións a que se refire o número 2 do artigo anterior poderanse acordar por instancia de parte nos seguintes casos:

1.º Polo cónxuxe ou calquera dos parentes que se crea con dereito á sucesión lexítima, sempre que acrediten ter promovido a declaración de herdeiros ab intestato ante notario ou se formule a solicitude de intervención xudicial da masa hereditaria ao tempo de promover a declaración notarial de herdeiros.

2.º Por calquera coherdeiro ou legatario de parte alícuota, ao tempo de solicitar a división xudicial da herdanza, salvo que a intervención fose expresamente prohibida por disposición testamentaria.

3.º Pola Administración pública que iniciase un procedemento para a súa declaración como herdeiro ab intestato.»

Dezaioito. O número 1 do artigo 802 queda redactado da seguinte forma:

«1. O administrador depositará sen dilación á disposición do xulgado as cantidades que recade no desempeño do seu cargo e reterá unicamente as que sexan necesarias para atender os gastos de preitos ou notariais, o pagamento de contribucións e as demais atencións ordinarias.»

Dezanove. A disposición derradeira vixésimo segunda queda redactada da forma seguinte:

«Disposición derradeira vixésimo segunda. *Medidas para facilitar a aplicación en España do Regulamento (CE) n.º 2201/2003 do Consello, do 27 de novembro de 2003, relativo á competencia, ao recoñecemento e á execución de resolucións xudiciais en materia matrimonial e de responsabilidade parental.*

1. A certificación relativa ás resolucións xudiciais en materia matrimonial e en materia de responsabilidade parental, prevista no artigo 39 do Regulamento (CE)

n.º 2201/2003, será expedida polo secretario xudicial de forma separada e mediante dilixencia cubrindo o formulario correspondente que figura nos anexos I e II do regulamento citado.

2. A certificación xudicial relativa ás resolucións xudiciais sobre o dereito de visita, previstas no número 1 do artigo 41 do Regulamento (CE) n.º 2201/2003, será expedida polo xuíz de forma separada e mediante providencia cubrindo o formulario que figura no anexo III do dito regulamento.

3. A certificación xudicial relativa ás resolucións xudiciais sobre a restitución do menor, previstas no número 1 do artigo 42 do Regulamento (CE) n.º 2201/2003, será expedida polo xuíz de forma separada e mediante providencia cubrindo o formulario que figura no anexo IV do regulamento citado.

4. O procedemento para a rectificación de erros na certificación xudicial, previsto no artigo 43.1 do Regulamento (CE) n.º 2001/2003, resolverase da forma establecida nos tres primeiros puntos do artigo 267 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. No caberá ningún recurso contra a resolución en que se resolva sobre a aclaración ou rectificación da certificación xudicial a que se refiren os dous puntos anteriores.

5. A denegación da expedición da certificación a que se refiren os números 1, 2 e 3 deste artigo adoptarase de forma separada e mediante decreto no caso do número 1 e mediante auto no caso dos números 2 e 3, e poderá impugnarse polos trámites do recurso directo de revisión no caso do número 1 e polos trámites do recurso de reposición no caso dos números 2 e 3.

6. A transmisión a que se refire o artigo 11.6 do Regulamento (CE) n.º 2201/2003 incluírá unha copia da resolución xudicial de non restitución de acordo co artigo 13 do Convenio da Haia, do 25 de outubro de 1980, e unha copia da gravación orixinal da acta da vista en soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe, así como daqueles documentos que o órgano xurisdiccional considere oportuno xuntar en cada caso como acreditativos do cumprimento das exixencias dos artigos 10 e 11 do regulamento.

7. A reclamación a que se refire o artigo 11.7 do Regulamento (CE) n.º 2201/2003 substanciarase de acordo co procedemento previsto na vixente Lei de axuízamento civil para os procesos que versen exclusivamente sobre garda e custodia de fillos menores, ben que a competencia xudicial para coñecer del se determinará consonte o previsto para o proceso que regula as medidas relativas á restitución de menores nos supostos de subtracción internacional.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 20/2011, do 21 de xullo, de Rexistro Civil.*

Un. Os números 1, 2, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 12 do artigo 58 quedan redactados da forma seguinte:

«1. O matrimonio en forma civil celebrarase perante o xuíz de paz, alcalde ou concelleiro en quen este delegue, secretario xudicial, notario ou funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil.

2. A celebración do matrimonio requirirá a tramitación previa ou instrución dunha acta ou expediente por instancia dos contraentes para acreditar o cumprimento dos requisitos de capacidade e a inexistencia de impedimentos ou a súa dispensa, ou calquera outro obstáculo, de acordo co previsto no Código civil. A tramitación da acta competeralle ao notario do lugar do domicilio de calquera dos contraentes. A instrución do expediente corresponderalle ao secretario xudicial ou encargado do Rexistro Civil do domicilio dun dos contraentes.

5. O secretario xudicial, notario ou encargado do Rexistro Civil oirá ambos os contraentes reservadamente e por separado para asegurarse da súa capacidade e da inexistencia de calquera impedimento. Así mesmo, poderanse solicitar os informes e practicar as dilixencias pertinentes, sexan ou non propostas polos

requirentes, para acreditar o estado, a capacidade ou o domicilio dos contraentes ou calquera outro aspecto necesario para apreciar a validez do seu consentimento e a veracidade do matrimonio. Se algún dos contraentes está afectado por deficiencias mentais, intelectuais ou sensoriais, exixírase ditame médico sobre a súa aptitude para prestar o consentimento.

Da realización de todas estas actuacións deixarase constancia na acta ou expediente que se arquivará xunto cos documentos previos á inscrición de matrimonio.

Pasado un ano desde a publicación dos anuncios ou das dilixencias substitutorias sen que se contraese o matrimonio, non se poderá celebrar este sen nova publicación ou dilixencias.

6. Realizadas as anteriores dilixencias, o secretario xudicial, o notario ou o encargado do Rexistro Civil que interviñese finalizará a acta ou ditará resolución en que faga constar a concorrencia ou non nos contraentes dos requisitos necesarios para contraer matrimonio, así como a determinación do réxime económico matrimonial que resulte aplicable e, se é o caso, a veciñanza civil dos contraentes, e entregaralles copia a estes. A actuación ou resolución deberá ser motivada e expresar, se for o caso, con claridade a falta de capacidade ou o impedimento que conorra.

7. Se o xuízo do secretario xudicial, do notario ou do encargado do Rexistro Civil é desfavorable, procederase ao peche da acta ou expediente e os interesados poderán recorrer ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, someténdose ao réxime de recursos previsto por esta lei.

8. Resolto favorablemente o expediente polo secretario xudicial, o matrimonio poderase celebrar ante este ou ante outro secretario xudicial, xuíz de paz, alcalde ou concelleiro en quen este delegue, á elección dos contraentes. Se o tramitase o encargado do Rexistro Civil, o matrimonio deberase celebrar ante o xuíz de paz, o alcalde ou o concelleiro en quen este delegue que designen os contraentes. Finalmente, se é o notario o que expediu a acta matrimonial, os contraentes poderán outorgar o consentimento, á súa elección, ante o mesmo notario ou ante outro distinto do que tramitase a acta previa, o xuíz de paz, o alcalde ou o concelleiro en quen este delegue. A prestación do consentimento deberase realizarse na forma prevista no Código civil.

O matrimonio celebrado ante xuíz de paz, alcalde ou concelleiro en quen este delegue ou ante o secretario xudicial farase constar en acta; o que se celebre ante notario constará en escritura pública. En ambos os dous casos deberá ser asinada, ademais de por aquel ante o que se celebra, polos contraentes e por dúas testemuñas.

Redactada a acta ou autorizada a escritura pública, entregaráselle a cada un dos contraentes copia acreditativa da celebración do matrimonio e o autorizante remitirá, no mesmo día e por medios telemáticos, testemuño ou copia autorizada electrónica do documento ao Rexistro Civil para a súa inscrición, logo de cualificación do encargado do Rexistro Civil.

9. A celebración do matrimonio fóra de España corresponderalle ao funcionario consular ou diplomático encargado do Rexistro Civil no estranxeiro. Se un ou os dous contraentes residen no estranxeiro, a tramitación do expediente previo poderará corresponder ao funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil competente na demarcación consular onde residan. O matrimonio así tramitado poderará celebrarse ante o mesmo funcionario ou ante outro distinto, ou ante o xuíz de paz, o alcalde ou o concelleiro en quen este delegue, á elección dos contraentes.

10. Cando o matrimonio se celebre sen se ter tramitado o correspondente expediente ou acta previa, se é necesario, o secretario xudicial, o notario, ou o funcionario encargado do Rexistro Civil que o celebre, antes de realizar as actuacións que procedan para a súa inscrición, deberá comprobar se concorren os

requisitos legais para a súa validez, mediante a tramitación da acta ou expediente a que se refire este artigo.

Se a celebración do matrimonio fose ante autoridade ou persoa competente distinta das indicadas no parágrafo anterior, a acta daquela remitiráselle ao encargado do Rexistro Civil do lugar de celebración para que proceda á comprobación dos requisitos de validez, mediante o expediente correspondente. Efectuada esa comprobación, o encargado do Rexistro Civil procederá á súa inscrición.

12. Se os contraentes manifestasen o seu propósito de contraer matrimonio no estranxeiro, de acordo coa forma establecida pola lei do lugar de celebración ou en forma relixiosa e se exige a presentación dun certificado de capacidade matrimonial, expedirao o secretario xudicial, o notario, o encargado do Rexistro Civil ou o funcionario consular ou diplomático do lugar do domicilio de calquera dos contraentes, logo do expediente instruído ou da acta que conteña o xuízo do autorizante acreditativo da capacidade matrimonial dos contraentes.»

Dous. O número 1 do artigo 58 bis queda redactado do seguinte modo:

«1. Para a celebración do matrimonio na forma relixiosa prevista no Acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre asuntos xurídicos e nos acordos de cooperación do Estado coas confesións relixiosas aplicarase o disposto neles.

2. Nos supostos de celebración do matrimonio na forma relixiosa prevista polas igrexas, confesións, comunidades relixiosas ou federacións destas que, inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas, obtivesen o recoñecemento de notorio arraigamento en España, requirirán a tramitación dunha acta ou expediente previo de capacidade matrimonial conforme o artigo anterior. Cumprido este trámite, o secretario xudicial, o notario, o encargado do Rexistro Civil ou o funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil que interviñese expedirá dúas copias da acta ou resolución, que incluírá, se for o caso, o xuízo acreditativo da capacidade matrimonial dos contraentes, que estes deberán entregar ao ministro de culto encargado da celebración do matrimonio.

O consentimento deberá prestarse ante un ministro de culto e dúas testemuñas maiores de idade. Nestes casos, o consentimento deberase prestar antes de que transcorresen seis meses desde a data da acta ou resolución que conteña o xuízo de capacidade matrimonial. Para estes efectos, considéranse ministros de culto as persoas físicas dedicadas, con carácter estable, ás funcións de culto ou asistencia relixiosa e que acrediten o cumprimento destes requisitos mediante certificación expedida pola igrexa, confesión ou comunidade relixiosa que obtivese o recoñecemento de notorio arraigamento en España, coa conformidade da federación que, se é o caso, solicítase o dito recoñecemento.

Unha vez celebrado o matrimonio, o oficiante expedirá certificación expresiva da súa celebración, cos requisitos necesarios para a súa inscrición e as mencións de identidade das testemuñas e das circunstancias do expediente ou acta previa que necesariamente incluírán o nome e os apelidos do secretario xudicial, do notario, do encargado do Rexistro Civil ou do funcionario diplomático ou consular que a expedise, a data e o número de protocolo, de ser o caso. Esta certificación remitirase por medios electrónicos, na forma que regulamentariamente se determine, xunto coa certificación acreditativa da condición de ministro de culto, dentro do prazo de cinco días, ao encargado do Rexistro Civil competente para a súa inscrición. Igualmente redactará nas dúas copias da acta ou resolución previa de capacidade matrimonial dilixencia expresiva da celebración do matrimonio, e entregaralle unha aos contraentes e conservará a outra como acta da celebración no arquivo do oficiante ou da entidade relixiosa á cal representa como ministro de culto.»

Tres. O artigo 59 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 59. *Inscripción do matrimonio.*

1. O matrimonio cuxos requisitos se constatasen e celebrasen segundo o procedemento previsto no artigo 58 inscribírase nos rexistros individuais dos contraentes.
2. O matrimonio celebrado ante autoridade estranxeira accederá ao Rexistro Civil español mediante a inscrición da certificación correspondente, sempre que teña eficacia consonte o previsto na presente lei.
3. O matrimonio celebrado en España en forma relixiosa accederá ao Rexistro Civil mediante a inscrición da certificación emitida polo ministro de culto, conforme o previsto no artigo 63 do Código civil.
4. Practicada a inscrición, o encargado do Rexistro Civil poñerá á disposición de cada un dos contraentes certificación da inscrición do matrimonio.
5. A inscrición fai fe do matrimonio e da data e do lugar en que se contrae e produce o pleno recoñecemento dos efectos civís deste fronte a terceiros de boa fe.»

Catro. Modifícase o artigo 60.

«Artigo 60. *Inscripción do réxime económico do matrimonio.*

1. Xunto coa inscrición de matrimonio inscribírase o réxime económico matrimonial legal ou pactado que rexa o matrimonio e os pactos, resolucións xudiciais ou demais feitos que o poidan afectar.
2. Cando non se presenten escrituras de capitulacións, inscribírase como réxime económico matrimonial legal o que sexa supletorio de conformidade coa lexislación aplicable. Para facer constar no Rexistro Civil expresamente o réxime económico legal aplicable a un matrimonio xa inscrito cando aquel non conste con anterioridade e non se acheguen escrituras de capitulacións, será necesaria a tramitación dunha acta de notoriedade.
Outorgada ante notario escritura de capitulacións matrimoniais, deberá este remitir, no mesmo día, copia autorizada electrónica da escritura pública ao encargado do Rexistro Civil correspondente para que conste na inscrición de matrimonio. Se o matrimonio non se celebre na data de recepción da escritura de capitulacións matrimoniais, o encargado do Rexistro procederá a anotalo no rexistro individual de cada contraente.
3. Nas inscricións que en calquera outro rexistro produzan as capitulacións e demais feitos que afecten o réxime económico matrimonial expresaranse os datos da súa inscrición no Rexistro Civil.
4. Sen prexuízo do previsto no artigo 1333 do Código civil, en ningún caso o terceiro de boa fe resultará prexudicado senón desde a data da inscrición do réxime económico matrimonial ou das súas modificacións.»

Cinco. O artigo 61 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 61. *Inscripción da separación, nulidade e divorcio.*

O secretario xudicial do xulgado ou tribunal que ditase a resolución xudicial firme de separación, nulidade ou divorcio deberá remitir testemuño desta no mesmo día ou o seguinte hábil e por medios electrónicos á Oficina Xeral do Rexistro Civil, a cal practicará de forma inmediata a correspondente inscrición. As resolucións xudiciais que resolvan sobre a nulidade, separación e divorcio poderán ser obxecto de anotación ata que adquiran firmeza.

A mesma obriga terá o notario que autorizase a escritura pública formalizando un convenio regulador de separación ou divorcio.

As resolucións xudiciais ou as escrituras públicas que modifiquen as inicialmente adoptadas ou convidas tamén deberán ser inscritas no Rexistro Civil.

As resolucións sobre disolución de matrimonio canónico, ditadas por autoridade eclesiástica recoñecida, inscribíranse se cumpren os requisitos que prevé o ordenamento xurídico.»

Seis. Artigo 67. Supostos especiais de inscrición da defunción.

«1. Cando o cadáver desaparecese ou se inhumase antes da inscrición, será necesaria resolución do secretario xudicial en que declare o falecemento ou orde da autoridade xudicial na cal se acredite legalmente o falecemento.»

Sete. O número 1 do artigo 74 queda redactado da seguinte maneira:

«1. Teñen acceso ao rexistro individual a representación do ausente e a designación de defensor xudicial no caso previsto no artigo 299 bis do Código civil.»

Oito. Engádese un novo número 3 ao artigo 78:

«3. Nas inscricións da declaración de ausencia e falecemento farase constar canto se prevén no artigo 198 do Código civil.»

Nove. O número 2 da disposición derradeira segunda queda redactado como segue:

«2. As referencias que se encontren en calquera norma ao xuíz, ao alcalde ou ao funcionario que faga as súas veces competentes para autorizar o matrimonio civil débense entender referidas ao secretario xudicial, ao notario, ao encargado do Rexistro Civil ou ao funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil para acreditar o cumprimento dos requisitos de capacidade e a inexistencia de impedimentos ou a súa dispensa; e ao xuíz de paz, ao alcalde ou ao concelleiro en quen este delegue, ao secretario xudicial, ao notario, ou ao funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil para a celebración ante eles do matrimonio en forma civil.»

Dez. A disposición derradeira quinta da Lei do Rexistro Civil queda redactada como segue:

«Disposición derradeira quinta. *Taxas municipais.*

Engádese un número 5 ao artigo 20 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, coa seguinte redacción:

5. Os concellos poderán establecer unha taxa para a celebración dos matrimonios en forma civil.»

Once. Engádese unha disposición derradeira quinta bis coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira quinta bis. *Aranceis notariais.*

O Goberno aprobará os aranceis correspondentes á intervención dos notarios na tramitación das actas matrimoniais previas e pola celebración de matrimonios en forma civil coa autorización das escrituras públicas correspondentes.»

Doce. A disposición derradeira décima queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira décima. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o 30 de xuño de 2017, excepto as disposicións adicionais sétima, oitava e as disposicións derradeiras terceira e sexta, que entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no "Boletín Oficial del Estado".

Ata a entrada en vigor da presente lei, o Goberno, a través do Ministerio de Xustiza, adoptará as medidas e os cambios normativos necesarios que afecten a

organización e o funcionamento dos rexistros civís dentro do proceso de modernización da xustiza.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación de Lei 24/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o acordo de cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España.*

Os números 2 e 5 do artigo 7 quedan redactados da forma seguinte:

«2. As persoas que desexen contraer matrimonio na forma prevista no parágrafo anterior promoverán acta ou expediente previo ao matrimonio ante o secretario xudicial, o notario, o encargado do Rexistro Civil ou o funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil correspondente conforme a Lei do Rexistro Civil.»

«5. Unha vez celebrado o matrimonio, o ministro de culto oficiante expedirá certificación expresiva da súa celebración, cos requisitos necesarios para a súa inscrición e as mencións de identidade das testemuñas e das circunstancias da acta ou expediente previo que necesariamente incluirán o nome e os apelidos do secretario xudicial, do notario, do encargado do Rexistro Civil ou do funcionario diplomático ou consular que a expedise, a data e o número de protocolo, se é o caso. Esta certificación remitirase por medios electrónicos, na forma que regulamentariamente se determine, xunto coa certificación acreditativa da condición de ministro de culto, dentro do prazo de cinco días, ao encargado do Rexistro Civil competente para a súa inscrición. Igualmente redactará nas dúas copias da acta ou resolución dilixencia expresiva da celebración do matrimonio, e entregaralles unha aos contraentes e conservará a outra como acta da celebración no arquivo do oficiante ou da entidade relixiosa á cal representa como ministro de culto.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 25/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Comunidades Israelitas de España.*

Un. Modifícase o título desta lei, que pasa a ser «Lei 25/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Comunidades Xudías de España».

Dous. Os números 2 e 5 do artigo 7 quedan redactados da forma seguinte:

«2. As persoas que desexen contraer matrimonio na forma prevista no parágrafo anterior promoverán a acta ou o expediente previo ao matrimonio ante o secretario xudicial, o notario, o encargado do Rexistro Civil ou o funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil correspondente conforme a Lei do Rexistro Civil.»

«5. Unha vez celebrado o matrimonio, o ministro de culto oficiante expedirá certificación expresiva da súa celebración, cos requisitos necesarios para a súa inscrición e as mencións de identidade das testemuñas e das circunstancias do expediente ou acta previa que necesariamente incluirán o nome e os apelidos do secretario xudicial, do notario, do encargado do Rexistro Civil ou do funcionario diplomático ou consular que a expedise, a data e o número de protocolo, se é o caso. Esta certificación remitirase por medios electrónicos na forma que regulamentariamente se determine, xunto coa certificación acreditativa da condición de ministro de culto, dentro do prazo de cinco días, ao encargado do Rexistro Civil competente para a súa inscrición. Igualmente redactará nas dúas copias da acta ou resolución previa de capacidade matrimonial dilixencia expresiva da celebración do matrimonio, e entregaralles unha aos contraentes e conservará outra como acta da celebración no arquivo do oficiante ou da entidade relixiosa que representa como ministro de culto.»

Tres. Engádese unha nova disposición adicional cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Denominación da Federación.*

Por acordo das partes, procédese a substituír o nome de Federación de Comunidades Israelitas de España polo de Federación de Comunidades Xudías de España, que será utilizado no sucesivo.

As referencias realizadas á Federación de Comunidades Israelitas de España no Acordo de Cooperación do Estado coa Federación de Comunidades Israelitas de España, así como as que figuren noutras normas, deberán entenderse feitas á Federación de Comunidades Xudías de España.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 26/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de Cooperación do Estado coa Comisión Islámica de España.*

Os números 2 e 3 do artigo 7 quedan redactados da forma seguinte:

«2. As persoas que desexen inscribir o matrimonio celebrado na forma prevista no número anterior deberán acreditar previamente a súa capacidade matrimonial, mediante copia da acta ou resolución previa expedida polo secretario xudicial, polo notario, polo encargado do Rexistro Civil ou polo funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil conforme a Lei do Rexistro Civil, que deberá conter, se for o caso, xuízo acreditativo da capacidade matrimonial. Non se poderá practicar a inscrición se se celebre o matrimonio transcorridos máis de seis meses desde a data da dita acta ou desde a data da resolución correspondente.

3. Unha vez celebrado o matrimonio, o representante da comunidade islámica en que se contraese aquel expedirá certificación expresiva da súa celebración, cos requisitos necesarios para a súa inscrición e as mencións das circunstancias do expediente ou da acta previa, que necesariamente incluírán o nome e apelidos do secretario xudicial, do notario, do encargado do Rexistro Civil ou do funcionario diplomático ou consular que a expedise, a data e o número de protocolo, se é o caso. Esta certificación remitirase por medios electrónicos na forma que regulamentariamente se determine, xunto coa certificación acreditativa da capacidade representante da comunidade islámica para celebrar matrimonios, de conformidade co previsto no número 1 do artigo 3, dentro do prazo de cinco días, ao encargado do Rexistro Civil competente para a súa inscrición. Igualmente redactará nas dúas copias da acta ou resolución previa de capacidade matrimonial dilixencia expresiva da celebración do matrimonio, e entregaralles unha aos contraentes e conservará a outra como acta da celebración no arquivo da comunidade.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.*

Un. O número 6 do artigo 20 queda redactado da forma seguinte:

«6. A sucesión lexítima da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas rexerese pola presente lei, polo Código civil e as súas normas complementarias ou polas normas de dereito foral ou especial que sexan aplicables.

Cando, na falta doutros herdeiros lexítimos segundo o dereito civil común ou foral, sexa chamada a Administración xeral do Estado ou as comunidades autónomas, corresponderá á Administración chamada a suceder en cada caso efectuar en vía administrativa a declaración da súa condición de herdeiro ab intestato, unha vez xustificado debidamente o falecemento da persoa de cuxa sucesión se trate, a procedencia da apertura da sucesión intestada e constatada a ausencia doutros herdeiros lexítimos.»

Dous. Engádese un novo artigo 20 bis:

«Artigo 20 bis. *Procedemento para a declaración da Administración do Estado como herdeira ab intestato.*

1. O procedemento para a declaración da Administración como herdeira ab intestato iniciárase de oficio, por acordo do órgano competente, adoptado por iniciativa propia ou como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos ou denuncia, ou en virtude das comunicacións a que se refiren o artigo 791.2 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, e o artigo 55.4 da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado.

No caso de que o chamamento corresponda á Administración xeral do Estado, o órgano competente para acordar a incoación será o director xeral do Patrimonio do Estado.

2. O expediente será instruído pola delegación de Economía e Facenda correspondente ao lugar do último domicilio coñecido do causante en territorio español. Se nunca tivo domicilio en España, será competente a correspondente ao lugar onde estea a maior parte dos seus bens.

En caso de que se considere que a tramitación do expediente non corresponde á Administración xeral do Estado, darase traslado á Administración autonómica competente para isto.

3. O acordo de incoación do procedemento publicarase gratuitamente no “Boletín Oficial del Estado” e, cando a tramitación a efectúe a Administración xeral do Estado, na páxina web do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sen prexuízo da posibilidade de utilizar outros medios adicionais de difusión. Unha copia do acordo será remitida para a súa publicación nos taboleiros de anuncios dos concellos correspondentes ao último domicilio do causante, ao do lugar do falecemento e onde radiquen a maior parte dos seus bens. Os edictos deberán estar expostos durante o prazo dun mes.

Calquera interesado poderá presentar alegacións ou achegar documentos ou outros elementos de xuízo con anterioridade á resolución do procedemento.

4. A Delegación de Economía e Facenda realizará os actos e as comprobacións que resulten necesarios para determinar a procedencia dos dereitos sucesorios da Administración xeral do Estado, e incluírá no expediente cantos datos poida obter sobre o causante e os seus bens e dereitos.

Para estes efectos, se a dita documentación non fose remitida polo órgano xudicial ou polo notario, solicitarase das autoridades e dos funcionarios públicos, dos rexistros e dos demais arquivos públicos, a información sobre o causante e os bens e dereitos da súa titularidade que se considere necesaria para a mellor instrución do expediente. Esta información, de acordo co establecido no artigo 64, será facilitada de forma gratuíta.

Así mesmo, poderase solicitar dos cidadáns a colaboración a que se refire o artigo 62.

5. A Avogacía do Estado da provincia deberá emitir informe sobre a adecuación e suficiencia das actuacións practicadas para declarar a Administración xeral do Estado herdeiro ab intestato.

6. A resolución do expediente e, se for o caso, a declaración de herdeiro ab intestato a favor do Estado, na cal se conterà a adxudicación administrativa dos bens e dereitos da herdanza, corresponde ao director xeral do Patrimonio do Estado, logo de informe da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

O prazo máximo para a resolución do procedemento será dun ano. Non obstante, se o inventario xudicial de bens do causante non se lle comunicase á Administración antes de transcorridos dez meses desde o inicio do procedemento, o prazo para resolver entenderase ampliado ata dous meses despois da súa recepción.

7. A resolución que se dite deberá publicarse nos mesmos sitios en que se anunciase o acordo de incoación do expediente e comunicarse, se for o caso, ao órgano xudicial que estivese coñecendo da intervención da masa hereditaria. A resolución que declare a improcedencia de declarar herdeira a Administración deberá, ademais, notificarse ás persoas con dereito a herdar.

8. Contra os actos administrativos ditados no procedemento previsto nesta sección só se poderá recorrer ante a xurisdición contencioso-administrativa por infracción das normas sobre competencia e procedemento, logo de esgotar a vía administrativa. Os que se consideren prexudicados en canto ao seu mellor dereito á herdanza ou outros de carácter civil pola declaración de herdeiro ab intestato ou a adxudicación de bens a favor da Administración poderán exercer as accións pertinentes ante os órganos da orde xurisdiccional civil, logo de reclamación en vía administrativa conforme as normas do título VIII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Tres. Engádesse un novo artigo 20 ter:

«Artigo 20 ter. *Efectos da declaración de herdeiro ab intestato.*

1. Realizada a declaración administrativa de herdeiro ab intestato, que supoñerá a aceptación da herdanza a beneficio de inventario, poderase proceder a tomar posesión dos bens e dereitos do causante e, se for o caso, a solicitar da autoridade xudicial a entrega dos que se encontren baixo a súa custodia.

2. Os bens e dereitos do causante non incluídos no inventario xudicial e que se identifiquen con posterioridade á declaración da Administración xeral do Estado como herdeira ab intestato e á adxudicación dos bens e dereitos hereditarios incorporaranse á masa hereditaria e adxudicaranse por resolución do director xeral do Patrimonio do Estado e mediante o procedemento de investigación regulado no artigo 47.

Non obstante, nos casos en que o dereito de propiedade do causante conste en rexistros públicos ou sistemas de anotacións en conta, ou derive da titularidade de contas bancarias, títulos valores, depósitos e, en xeral, en calquera suposto en que o seu dereito sexa indubitado por estar asentado nunha titularidade formal, a incorporación dos bens realizarase por acordo do delegado de Economía e Facenda.

3. Para efectos destas actuacións de investigación, as autoridades e os funcionarios, os rexistros e os demais arquivos públicos deberán subministrar gratuitamente a información de que dispoñan sobre os bens e dereitos de titularidade do causante. Igual obriga de colaborar e subministrar a información de que dispoñan terán os órganos da Administración tributaria.

4. Para os efectos previstos nos artigos 14 e 16 da Lei hipotecaria, a declaración administrativa de herdeiro ab intestato na cal se conteña a adxudicación dos bens hereditarios ou, se for o caso, as resolucións posteriores do director xeral do Patrimonio do Estado ou do delegado de Economía e Facenda en que se acorde a incorporación de bens e dereitos á masa hereditaria e a súa adxudicación serán título suficiente para inscribir a favor da Administración no Rexistro da Propiedade os inmobles ou dereitos reais que figurasen nelas a nome do causante. Se os inmobles ou dereitos reais non estivesen previamente inscritos, o dito título será bastante para proceder á súa inmatriculación.

5. Non derivarán responsabilidades para a Administración xeral do Estado por razón da titularidade dos bens e dereitos integrantes da masa hereditaria ata o momento en que estes lle sexan entregados polo órgano xudicial ou se tome posesión efectiva deles.»

Catro. Engádese un novo artigo 20 quáter:

«Artigo 20 quáter. *Liquidación da masa hereditaria.*

1. Unha vez que se encontre en posesión da herdanza, a Administración xeral do Estado procederá á liquidación dos seus bens e dereitos e a cantidade obtida distribuirase na forma prevista no artigo 956 do Código civil.

2. Non obstante, o Consello de Ministros, atendidas as características dos bens e dereitos incluídos na masa hereditaria, poderá excluír da liquidación e repartición todos ou algúns deles.

3. Así mesmo, o director xeral do Patrimonio do Estado poderá excluír da liquidación aqueles bens que conveña conservar no patrimonio da Administración xeral do Estado para a súa afectación ou adscrición a fins ou servizos propios dos seus órganos ou dos organismos públicos dependentes. Neste caso, de ser o valor deses bens superior ao do terzo que corresponda á Administración xeral do Estado, compensarase o exceso ao resto dos bens mediante a correspondente modificación orzamentaria.

4. Unha vez aprobada a conta de liquidación do ab intestato e realizado o ingreso das cantidades pertinentes no Tesouro, xerarase crédito por un importe equivalente ás dúas terceiras partes do valor da masa hereditaria na partida consignada nos orzamentos xerais do Estado para atender as transferencias para fins de interese social, que se dota coa asignación tributaria para esta finalidade derivada da cota íntegra do imposto sobre a renda das persoas físicas.»

Cinco. Engádese unha nova disposición adicional vixésimo terceira:

«Disposición adicional vixésimo terceira. *Sucesión ab intestato do Hospital de Nuestra Señora de Gracia de Zaragoza.*

A declaración como herdeiro ab intestato do Hospital de Nuestra Señora de Gracia de Zaragoza será realizada pola Deputación Xeral de Aragón.»

Seis. Engádese unha nova disposición adicional vixésimo cuarta.

«Disposición adicional vixésimo cuarta. *Sucesión ab intestato das deputacións forais dos territorios históricos do País Vasco.*

A declaración como herdeiras ab intestato das deputacións forais dos territorios históricos do País Vasco será realizada pola deputación foral correspondente.»

Sete. Modifícanse os números 1, 2 e 5 da disposición derradeira segunda:

«1. As seguintes disposicións desta lei dítanse ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación procesual do artigo 149.1.6.^a da Constitución, e son de aplicación xeral o artigo 20 bis, número 8; artigo 43 e artigo 110, número 3.

2. As seguintes disposicións desta lei dítanse ao abeiro do artigo 149.1.8.^a da Constitución, e son de aplicación xeral, sen prexuízo do disposto nos dereitos civís forais ou especiais, alí onde existan: artigo 4; artigo 5, números 1, 2 e 4; artigo 7, número 1; artigo 15; artigo 17; artigo 18; artigo 20, números 2, 3 e 6; artigo 22; artigo 23; artigo 30, números 1 e 2; artigo 37, números 1, 2 e 3; artigo 38, números 1 e 2; artigo 39; artigo 40; artigo 49; artigo 53; artigo 83, número 1; artigo 97; artigo 98; e artigo 99, número 1.»

«5. Teñen o carácter da lexislación básica, de acordo co preceptuado no artigo 149.1.18.^a da Constitución, as seguintes disposicións desta lei: artigo 1; artigo 2; artigo 3; artigo 6; artigo 8, número 1; números 1 a 6 do artigo 20 bis; artigo 20 ter, artigo 27; artigo 28; artigo 29, número 2; artigo 32, números 1 e 4; artigo 36, número 1; artigo 41; artigo 42; artigo 44; artigo 45; artigo 50; artigo 55;

artigo 58; artigo 61; artigo 62; artigo 84; artigo 91, número 4; artigo 92, números 1, 2, e 4; artigo 93, números 1, 2, 3 e 4; artigo 94; artigo 97; artigo 98; artigo 100; artigo 101, números 1, 3 e 4; artigo 102, números 2 e 3; artigo 103, números 1 e 3; artigo 106, número 1; artigo 107, número 1; artigo 109, número 3; artigo 121, número 4; artigo 183; artigo 184; artigo 189; artigo 190; artigo 190 bis; artigo 191; disposición transitoria primeira, número 1; disposición transitoria quinta; a disposición adicional vixésimo terceira e a vixésimo cuarta.»

Disposición derradeira novena. *Modificación da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.*

O sexto parágrafo do artigo 38 pasa a ter a seguinte redacción:

«Cando non haxa acordo entre os peritos, ambas as partes designarán un terceiro perito de conformidade. De non existir esta, poderase promover expediente na forma prevista na Lei da xurisdición voluntaria ou na lexislación notarial. Nestes casos, o ditame pericial emitirase no prazo sinalado polas partes ou, no seu defecto, no de trinta días a partir da aceptación do seu nomeamento polo perito terceiro.»

Disposición derradeira décima. *Modificación da Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade.*

Modifícase o número 2 do artigo 5, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. Nos demais casos, as regras de administración establecidas no documento público de constitución deberán prever a obrigatoriedade de autorización xudicial nos mesmos supostos en que o titor a require respecto dos bens do tutelado, conforme os artigos 271 e 272 do Código civil ou, se for o caso, conforme o disposto nas normas de dereito civil, foral ou especial, que sexan aplicables.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, a autorización non é necesaria cando o beneficiario teña capacidade de obrar suficiente.

En ningún caso será necesaria a poxa pública para o alleamento dos bens ou dereitos que integran o patrimonio protexido.

En todo caso, e en consonancia coa finalidade propia dos patrimonios protexidos de satisfacción das necesidades vitais dos seus titulares, cos mesmos bens e dereitos integrados nel, así como cos seus froitos, produtos e rendementos, non se considerarán actos de disposición o gasto de diñeiro e o consumo de bens funxibles integrados no patrimonio protexido cando se fagan para atender as necesidades vitais da persoa beneficiaria.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Modificación da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado.*

Un. Introdúcese un novo título VII, co seguinte contido:

«TÍTULO VII

Intervención dos notarios en expedientes e actas especiais

CAPÍTULO I

Regras xerais

Artigo 49.

Os notarios intervirán nos expedientes especiais autorizando actas ou escrituras públicas:

1.º Cando o expediente teña por obxecto a declaración de vontade de quen o inste ou a realización dun acto xurídico que implique prestación de consentimento, o notario autorizará unha escritura pública.

2.º Cando o expediente teña por obxecto a constatación ou verificación dun feito, a percepción deste, así como os seus xuízos ou cualificacións, o notario procederá a redactar e autorizar unha acta.

Artigo 50.

1. No mes de xaneiro de cada ano o decano de cada colexio notarial dos distintos colexios profesionais solicitará, de entidades análogas, así como das academias e institucións culturais e científicas que se ocupen do estudo das materias correspondentes ao obxecto da pericia o envío dunha lista de colexiados ou asociados dispostos a actuar como peritos, que estará á disposición dos notarios no colexio notarial. Igualmente poderán solicitar formar parte desa lista aqueles profesionais que acrediten coñecementos necesarios na materia correspondente, con independencia da súa pertenza ou non a un colexio profesional. A primeira designación de cada lista efectuarase por sorteo realizado en presenza do decano do colexio notarial, e a partir dela serán efectuadas polo colexio as seguintes designacións por orde correlativa conforme sexan solicitadas polos notarios que pertencen a el.

2. Cando se teña que designar perito a persoa sen título oficial, práctica ou entendida na materia, logo de citar as partes, realizarase a designación polo procedemento establecido no punto anterior, e para iso usarase unha lista de persoas que cada ano se solicitará de sindicatos, asociacións e entidades apropiadas, e que deberá estar integrada por polo menos cinco daquelas persoas. Se, por razón da singularidade da materia de ditame, unicamente se dispón do nome dunha persoa entendida ou práctica, solicitarase das partes o seu consentimento e só se todas o outorgan se designará perito esa persoa.

CAPÍTULO II

Das actas e escrituras públicas en materia matrimonial

Sección 1.ª Da acta matrimonial e da escritura pública de celebración do matrimonio

Artigo 51.

1. Os que vaian contraer matrimonio para o cal se precise acta en que se constate o cumprimento dos requisitos de capacidade de ambos os contraentes, a inexistencia de impedimentos ou a súa dispensa, ou calquera xénero de obstáculos para contraer matrimonio, deberán instar previamente a súa tramitación ante o notario que teña a súa residencia no lugar do domicilio de calquera deles.

2. A solicitude, tramitación e autorización da acta axustaranse ao disposto no artigo 58 da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, e, no non previsto, nesta lei.

Artigo 52.

1. Se a acta é favorable á celebración do matrimonio, este levarase a cabo, ante o notario que interviñese na tramitación daquela, mediante o outorgamento de escritura pública en que fará constar todas as circunstancias establecidas na Lei do Rexistro Civil e no seu regulamento.

2. Cando os contraentes, na solicitude inicial ou durante a tramitación da acta, solicitasen que a prestación do consentimento se realice ante xuíz de paz, alcalde ou concelleiro en quen este delegue ou outro notario, remitirase copia da acta ao oficiante elixido, o cal se limitará a celebrar o matrimonio e levantará a acta ou outorgará escritura pública, segundo proceda, con todos os requisitos legalmente exixidos.

3. Se o matrimonio se celebra en perigo de morte, o notario outorgará escritura pública onde se recolla a prestación do consentimento matrimonial, logo de ditame médico sobre a súa aptitude para prestar este e sobre a gravidade da situación cando o risco derive de enfermidade ou estado físico dalgún dos contraentes, salvo imposibilidade acreditada. Con posterioridade, o notario procederá á tramitación da acta de comprobación dos requisitos de validez do matrimonio.

Sección 2.^a Da acta de notoriedade para a constancia do réxime económico matrimonial legal

Artigo 53.

1. Os que desexen facer constar expresamente no Rexistro Civil o réxime económico matrimonial legal que corresponda ao seu matrimonio, cando este non conste con anterioridade, deberán solicitar a tramitación dunha acta de notoriedade ao notario con residencia en calquera dos domicilios conxugais que tivesen, ou no domicilio ou residencia habitual de calquera dos cónxuxes, ou onde estean a maior parte dos seus bens ou onde desenvolvan a súa actividade laboral ou empresarial, á elección do requirente. Tamén poderán elixir un notario dun distrito estremeiro cos anteriores.

2. A solicitude de inicio da acta deberá ir acompañada dos documentos acreditativos de identidade e domicilio do requirente. Deberase acreditar con información do Rexistro Civil a inexistencia dun réxime económico matrimonial inscrito.

Os solicitantes deberán aseverar a certeza dos feitos positivos e negativos en que se deba fundar a acta, presentarán a documentación que coiden conveniente para a determinación dos feitos e deberán xuntar os documentos acreditativos da súa veciñanza civil no momento de contraer matrimonio e, en caso de non poder facelo, deberán ofrecer información de, polo menos, dúas testemuñas que aseguren a realidade dos feitos dos cales derive a aplicación do réxime económico matrimonial legal.

3. Ultimadas as anteriores dilixencias, o notario fará constar o seu xuízo de conxunto sobre se quedan acreditados por notoriedade os feitos e, se considera suficientemente acreditado o réxime económico legal do matrimonio, remitirá, no mesmo día e por medios telemáticos, copia electrónica da acta ao Rexistro Civil correspondente. En caso contrario, o notario pechará igualmente a acta e os interesados non conformes poderán exercer o seu dereito no xuízo que corresponda.

Sección 3.^a Da escritura pública de separación matrimonial ou divorcio

Artigo 54.

1. Os cónxuxes, cando non teñan fillos menores non emancipados ou coa capacidade modificada xudicialmente que dependan deles, poderán acordar a súa separación matrimonial ou divorcio de mutuo acordo, mediante a formulación dun convenio regulador en escritura pública. Deberán prestar o seu consentimento ante o notario do último domicilio común ou o do domicilio ou residencia habitual de calquera dos solicitantes.

2. Os cónxuxes deberán estar asistidos no outorgamento da escritura pública de letrado en exercicio.

3. A solicitude, a tramitación e o outorgamento da escritura pública axustaranse ao disposto no Código civil e nesta lei.

CAPÍTULO III

Dos expedientes en materia de sucesións*Sección 1.ª Da declaración de herdeiros ab intestato*

Artigo 55.

1. Os que se consideren con dereito a suceder ab intestato unha persoa falecida e sexan os seus descendentes, ascendentes, cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade á conxugal, ou os seus parentes colaterais, poderán instar a declaración de herdeiros ab intestato. Esta tramitarase en acta de notoriedade autorizada por notario competente para actuar no lugar en que tivese o causante o seu último domicilio ou residencia habitual, ou onde estea a maior parte do seu patrimonio, ou no lugar en que falecese, sempre que estean en España, á elección do solicitante. Tamén poderá elixir un notario dun distrito estremeiro cos anteriores. En defecto de todos eles, será competente o notario do lugar do domicilio do requirente.

2. A acta iniciarase por requirimento de calquera persoa con interese lexítimo, ao xuízo do notario, e a súa tramitación efectuarase consonte o previsto na presente lei e na normativa notarial.

Artigo 56.

1. O requirimento para a iniciación da acta deberá conter a designación e os datos identificativos das persoas que o requirente considere chamadas á herdanza, e ir acompañado dos documentos acreditativos do parentesco co falecido das persoas designadas como herdeiros, así como da identidade e do domicilio do causante. En todo caso, deberase acreditar o falecemento do causante e que este ocorreu sen título sucesorio, mediante información do Rexistro Civil e do Rexistro Xeral de Actos de Derradeira Vontade ou, se for o caso, mediante documento auténtico do cal resulte ao xuízo do notario, indubitadamente, que a pesar da existencia de testamento ou contrato sucesorio procede a sucesión ab intestato, ou ben mediante sentenza firme que declare a invalidez do título sucesorio ou da institución de herdeiro. Os documentos presentados ou o testemuño destes quedarán incorporados á acta.

O requirente deberá aseverar a certeza dos feitos positivos e negativos en que se deba fundar a acta e deberá ofrecer información testifical relativa a que a persoa de cuxa sucesión se trate faleceu sen disposición de derradeira vontade e de que as persoas designadas son os seus únicos herdeiros.

Cando calquera dos interesados sexa menor ou persoa con capacidade modificada xudicialmente e careza de representante legal, o notario comunicará esta circunstancia ao Ministerio Fiscal para que inste a designación dun defensor xudicial.

2. Na acta deberá constar necesariamente, polo menos, a declaración de dúas testemuñas que aseveren que de ciencia propia ou por notoriedade lles constan os feitos positivos e negativos cuxa declaración de notoriedade se pretende. Estas testemuñas poderán ser, de ser o caso, parentes do falecido, sexa por consanguinidade ou afinidade, cando non teñan interese directo na sucesión.

O notario, co fin de procurar a audiencia de calquera interesado, practicará, ademais das probas propostas polo requirente, as que se consideren oportunas e, en especial, aquelas dirixidas a acreditar a súa identidade, o domicilio, a nacionalidade e a veciñanza civil e, se for o caso, a lei estranxeira aplicable.

Se se ignora a identidade ou o domicilio dalgún dos interesados, o notario solicitará, mediante oficio, o auxilio dos órganos, dos rexistros, das autoridades públicas e consulares que, por razón da súa competencia, teñan arquivos ou

registros relativos á identidade das persoas ou dos seus domicilios, co fin de que lle sexa librada a información que solicite, se isto é posible.

Se non logra esclarecer a identidade ou o domicilio dalgún dos interesados, o notario deberá dar publicidade á tramitación da acta mediante anuncio publicado no “Boletín Oficial del Estado” e poderá, se o considera conveniente, utilizar outros medios adicionais de comunicación. Tamén deberá expoñer o anuncio da acta nos taboleiros de anuncios dos concellos correspondentes ao último domicilio do causante, ao do lugar do falecemento, se é distinto, ou ao do lugar onde radiquen a maior parte dos seus bens inmoebles.

Calquera interesado poderá opoñerse á pretensión, presentar alegacións ou achegar documentos ou outros elementos de xuízo dentro do prazo dun mes contado desde o día da publicación ou, se é o caso, da última exposición do anuncio.

3. Ultimadas as anteriores dilixencias e transcorrido o prazo de vinte días hábiles, contado desde o requirimento inicial ou desde a terminación do prazo do mes outorgado para facer alegacións en caso de se ter publicado anuncio, o notario fará constar o seu xuízo de conxunto sobre a acreditación por notoriedade dos feitos e presuncións en que se funda a declaración de herdeiros. Calquera que sexa o xuízo do notario, rematará a acta e procederase á súa protocolización.

En caso afirmativo, declarará qué parentes do causante son os herdeiros ab intestato, expresando as súas circunstancias de identidade e os dereitos que por lei lles corresponden na herdanza.

Farase constar na acta a reserva do dereito a exercer a súa pretensión ante os tribunais dos que non acreditasen ao xuízo do notario o seu dereito á herdanza e dos que non puidesen ser localizados. Tamén os que se consideren prexudicados no seu dereito poderán acudir ao proceso declarativo que corresponda.

Realizada a declaración de herdeiro ab intestato, poderase, se é o caso, solicitar da autoridade xudicial a entrega dos bens que se encontren baixo a súa custodia, a non ser que algún dos herdeiros pida a división xudicial da herdanza.

4. Transcorrido o prazo de dous meses desde que se citaron os interesados sen que ninguén se presentase ou se fosen declarados sen dereito os que acudisen reclamando a herdanza e se ao xuízo do notario non hai persoa con dereito a ser chamada, remitirase copia do actuado á delegación de Economía e Facenda correspondente por se resulta procedente a declaración administrativa de herdeiro. En caso de que a dita declaración non corresponda á Administración xeral do Estado, a citada delegación dará traslado da dita notificación á Administración autonómica competente para isto.

Sección 2.^a Da presentación, adveración, apertura e protocolización dos testamentos pechados

Artigo 57.

1. A presentación, adveración, apertura e protocolización dos testamentos pechados efectuarase ante notario competente para actuar no lugar en que o causante tivese o seu último domicilio ou residencia habitual, ou onde estea a maior parte do seu patrimonio, con independencia da súa natureza de conformidade coa lei aplicable, ou no lugar en que falecese, sempre que estean en España, á elección do solicitante. Tamén poderá elixir un notario dun distrito estremeiro aos anteriores. En defecto de todos eles, será competente o notario do lugar do domicilio do requirente.

2. Se, transcorridos dez días desde o falecemento do outorgante, o testamento non é presentado conforme o previsto no Código civil, calquera interesado poderalle solicitar ao notario que requira a persoa que teña no seu poder un testamento pechado para que o presente ante el. Deberanse acreditar os datos identificativos do causante e, mediante información do Rexistro Civil e do Rexistro Xeral de Actos de Derradeira Vontade, o falecemento do outorgante e se outorgou outras

disposicións testamentarias. Se é estraño á familia do falecido, ademais, deberá expresar e acreditar na solicitude a razón pola cal crea ter interese na presentación do testamento.

3. Cando compareza ante notario quen teña no seu poder un testamento pechado en cumprimento do deber establecido no artigo 712 do Código civil e manifeste non ter interese na adveración e protocolización do testamento, o notario requirirá aqueles que poidan ter interese na herdanza, de acordo co manifestado polo comparecente, e, en todo caso, se lle son coñecidos, o cónxuxe sobrevivente, os descendentes e os ascendentes do testador e, en defecto destes, os parentes colaterais ata o cuarto grao para que promovan o expediente ante notario competente, se lles interesa.

Cando calquera dos interesados sexa menor ou persoa con capacidade modificada xudicialmente e careza de representante legal, o notario comunicará esta circunstancia ao Ministerio Fiscal para que inste a designación dun defensor xudicial.

4. Se se ignora a identidade ou o domicilio destas persoas, o notario dará publicidade do expediente nos taboleiros de anuncios dos concellos correspondentes ao último domicilio ou residencia habitual do causante, ao do lugar do falecemento se é distinto e onde radiquen a maior parte dos seus bens, sen prexuízo da posibilidade de utilizar outros medios adicionais de comunicación. Os anuncios deberán estar expostos durante o prazo dun mes.

5. Transcorridos tres meses desde que se realizaron os requirimentos ou desde a finalización do prazo da última exposición do anuncio sen que se presentase o testamento, a pesar do requirimento, ou sen que ningún interesado promovese o expediente, archivarase este, sen prexuízo de reinicialo por solicitude de calquera interesado.

Artigo 58.

1. Quen presente o testamento ou outro interesado poderá solicitar do notario que, unha vez acreditado o falecemento do testador, cite para a data máis próxima posible o notario autorizante do testamento, se é distinto, e, de ser o caso, as testemuñas instrumentais que interviñesen no outorgamento.

2. As testemuñas citadas, que comparecesen no día sinalado, serán examinadas e poñeráselles de manifesto o prego pechado para que o examinen e declaren baixo xuramento ou promesa se recoñecen como lexítimas a sinatura e rúbrica que co seu nome aparecen nel e se o encontran no mesmo estado que tiña cando puxeron a súa sinatura.

3. Cando non compareza algún ou algúns dos citados, preguntaráselles aos demais se viron que estes puxeron a súa sinatura e rúbrica. O notario poderá acordar, se o considera necesario, o cotexo de letras e outras dilixencias conducentes á pescuda da autenticidade das sinaturas dos non comparecidos e do falecido.

Artigo 59.

1. Practicadas as dilixencias a que se refire o artigo anterior, e resultando delas que no outorgamento do testamento se gardaron as solemnidades prescritas pola lei, o notario abrirá o prego e lerá en voz alta a disposición testamentaria, a non ser que conteña disposición do testador en que ordene que algunha ou algunhas cláusulas queden reservadas e secretas ata certa época, caso en que a lectura se limitará ás demais cláusulas da disposición testamentaria.

2. Os parentes do testador ou outras persoas nas cales se poida presumir algún interese poderán presenciar a apertura do prego e lectura do testamento, se o teñen por conveniente, sen permitirles que se opoñan á práctica da dilixencia por ningún motivo, aínda que presenten outro testamento posterior.

Artigo 60.

1. Cumpridos os anteriores trámites, o notario redactará a acta de protocolización, de acordo coa presente lei e co seu regulamento de execución.

2. Cando o notario conclúa que o testamento non reúne as solemnidades prescritas pola lei ou que, ao seu xuízo, non quedou acreditada a autenticidade do prego, farao constar así, pechará a acta e non autorizará a protocolización do testamento.

Autorizada ou non a protocolización, os interesados non conformes poderán exercer o seu dereito no xuízo que corresponda.

Sección 3.^a Da presentación, adveración, apertura e protocolización dos testamentos hológrafos

Artigo 61.

1. A presentación, adveración, apertura e protocolización dos testamentos hológrafos efectuarase ante notario competente para actuar no lugar en que tivese o causante o seu último domicilio ou residencia habitual, ou onde estea a maior parte do seu patrimonio, con independencia da súa natureza de conformidade coa lei aplicable, ou no lugar en que falecese, sempre que estean en España, á elección do solicitante. Tamén poderá elixir un notario dun distrito estremeiro cos anteriores. En defecto de todos eles, será competente o notario do lugar do domicilio do requirente.

2. Se, transcorridos dez días desde o falecemento do outorgante, o testamento non é presentado conforme o previsto no Código civil, calquera interesado poderá solicitar ao notario que requira a persoa que teña no seu poder un testamento hológrafo para que o presente ante el. Deberanse acreditar os datos identificativos do causante e, mediante información do Rexistro Civil e do Rexistro Xeral de Actos de Derradeira Vontade, o falecemento do outorgante e se outorgou outras disposicións testamentarias. Se é estraño á familia do falecido, ademais, deberá expresar na solicitude a razón pola cal crea ter interese na presentación do testamento.

3. Cando compareza ante notario quen teña no seu poder un testamento hológrafo en cumprimento do deber establecido no artigo 690 do Código civil e manifeste non ter interese na adveración e protocolización do testamento, o notario procederá conforme o establecido no número 3 do artigo 57.

4. Non se admitirán as solicitudes que se presenten despois de transcorridos cinco anos desde o falecemento do testador.

Artigo 62.

1. Unha vez presentado o testamento hológrafo, por solicitude de quen o presente ou doutro interesado, o notario deberá requirir para que comparezan ante el, no día e na hora que sinale, o cónxuxe sobrevivente, de habelo, os descendentes e ascendentes do testador e, en defecto duns e doutros, os parentes colaterais ata o cuarto grao.

2. Se se ignora a súa identidade ou domicilio, o notario dará publicidade do expediente nos taboleiros de anuncios dos concellos correspondentes ao último domicilio ou residencia do causante, ao do lugar do falecemento se é distinto e onde radiquen a maior parte dos seus bens, sen prexuízo da posibilidade de utilizar outros medios adicionais de comunicación. Os anuncios deberán estar expostos durante o prazo dun mes.

3. Cando calquera das referidas persoas sexa menor ou persoa con capacidade modificada xudicialmente e careza de representante legal, o notario comunicará esta circunstancia ao Ministerio Fiscal para que inste a designación dun defensor xudicial.

4. Se o solicitante lle pedise ao notario a comparecencia de testemuñas para declarar sobre a autenticidade do testamento, o notario citaraos para que comparezan ante el no día e na hora que sinala.

5. No día sinalado, o notario abrirá o testamento hológrafo cando estea en prego pechado, rubricarao en todas as súas follas e serán examinadas as testemuñas. Cando polo menos tres testemuñas, que coñecesen a letra e a sinatura do testador, declaren que non abrigan dúbida racional de que foi manuscrito e asinado por el, poderá prescindirse das declaracións testificais que falten.

Na falta de testemuñas idóneas ou se dubidan as examinadas, o notario poderá acordar, se o xulga conveniente, que se practique unha proba pericial caligráfica.

6. Os interesados poderán presenciar a práctica das dilixencias e facer no acto as observacións que consideren oportunas sobre a autenticidade do testamento que, se é o caso, serán reflectidas polo notario na acta.

Artigo 63.

Se o notario considera xustificada a autenticidade do testamento, autorizará a acta de protocolización e expedirá copia desta aos interesados que a soliciten.

En caso contrario, farao constar así, pechará a acta e non autorizará a protocolización do testamento.

Autorizada ou non a protocolización do testamento, os interesados non conformes poderán exercer o seu dereito no xuízo que corresponda.

Sección 4.^a Da presentación, adveración, apertura e protocolización dos testamentos outorgados en forma oral

Artigo 64.

1. A presentación, adveración, apertura e protocolización dos testamentos outorgados en forma oral efectuarase ante notario competente para actuar no lugar en que tivese o causante o seu último domicilio ou residencia habitual ou onde estea a maior parte do seu patrimonio, con independencia da súa natureza de conformidade coa lei aplicable, ou no lugar en que falecese, sempre que estean en España, á elección do solicitante. Tamén poderá elixir un notario dun distrito estremeiro cos anteriores. En defecto de todos eles, será competente o notario do lugar do domicilio do requirente.

2. Calquera interesado poderá solicitar ao notario que outorgue a correspondente acta de protocolización do testamento outorgado en forma oral.

3. Deberanse acreditar os datos identificativos do causante e, mediante información do Rexistro Civil e do Rexistro Xeral de Actos de Derradeira Vontade, o falecemento do outorgante e se outorgou outras disposicións testamentarias. Se é estraño á familia do falecido, ademais, deberá expresar na solicitude a razón pola que crea ter interese na presentación do testamento.

Á solicitude xuntaranse a nota, a memoria ou o soporte en que se encontre gravada a voz ou o audio e o vídeo coas derradeiras disposicións do testador, sempre que permita a súa reprodución e se tomasen ao outorgarse o testamento.

Expresaranse igualmente os nomes das testemuñas que deban ser citadas polo notario para que comparezan ante el para os efectos do seu outorgamento.

Artigo 65.

1. O notario, tras aceptar a solicitude, citará as testemuñas que indicase o solicitante, para que comparezan ante el no día e na hora que se sinalen. Se o citado como testemuña non comparece e non alega causa que xustifique a súa ausencia, o notario volverá practicar a citación indicando o día e a hora da nova comparecencia.

Cando a vontade do testador se consignase nalgunha nota, memoria ou soporte magnético ou dixital duradeiro, poñerase de manifesto ás testemuñas para que digan se é o mesmo que se lles leu ou gravou e se recoñecen por lexítimas as súas respectivas sinaturas e rúbricas, no caso de telas posto.

2. Son de aplicación as disposicións establecidas nos artigos anteriores en canto á citación e presenza daquelas persoas que teñan interese na práctica das ditas actuacións.

3. O notario reflectirá todas as actuacións na acta e autorizará a protocolización do testamento, coa calidade de sen prexuízo de terceiro, cando das declaracións das testemuñas resulten clara e terminantemente acreditadas as circunstancias seguintes:

1.º Que concorreu causa legal para o outorgamento do testamento en forma oral.

2.º Que o testador tivo o propósito serio e deliberado de outorgar a súa derradeira disposición.

3.º Que as testemuñas oíron simultaneamente de boca do testador todas as disposicións que quería que se tivesen como a súa derradeira vontade, quer o manifestase de palabra, quer lendo ou dando a ler algunha nota ou memoria en que se contivese.

4.º Que as testemuñas foron no número que exige a lei, segundo as circunstancias do lugar e tempo en que se outorgou, e que reúnen as calidades que se requiren para ser testemuña nos testamentos.

4. Cando resulte algunha diverxencia nas declaracións das testemuñas, farase constar así na acta e tan só se protocolizarán como testamentarias aquelas manifestacións en que todos estean conformes. Se non o están en ningunha das manifestacións, arquivarase o expediente sen protocolización.

5. Se a derradeira vontade se consignase en nota, memoria ou soporte magnético ou dixital duradeiro, no acto do outorgamento, terase como testamento o que resulte dela sempre que todas as testemuñas estean conformes na súa autenticidade, mesmo cando algunha delas non recorde algunha das súas disposicións, e así se reflectirá na acta de protocolización á cal quedará unida a nota, memoria ou soporte magnético ou dixital duradeiro.

6. Se o notario non considera xustificada a autenticidade do testamento, farao constar así, pechará a acta e non autorizará a protocolización do testamento.

Autorizada ou non a protocolización do testamento, os interesados non conformes poderán exercer o seu dereito no xuízo que corresponda.

Sección 5.ª Da testamentaría e dos contadores partidores dativos

Artigo 66.

1. O notario autorizará escritura pública:

a) Nos casos de renuncia do testamenteiro ao seu cargo ou de prórroga do prazo da testamentaría por concorrer xusta causa.

b) Para o nomeamento de contador partidor dativo nos casos previstos no artigo 1057 do Código civil. O nomeamento realizarase de conformidade co previsto no artigo 50.

c) Nos casos de renuncia do contador partidor nomeado ou de prórroga do prazo fixado para a realización do seu encargo.

d) Para a aprobación da partición realizada polo contador partidor cando resulte necesario por non haber confirmación expresa de todos os herdeiros e legatarios.

2. Será competente o notario que teña a súa residencia no lugar en que o causante tivese o seu último domicilio ou residencia habitual, ou onde estea a maior parte do seu patrimonio, con independencia da súa natureza de conformidade coa lei aplicable, ou no lugar en que falecese, sempre que estean en España, á elección do solicitante. Tamén poderá elixir un notario dun distrito estremeiro cos anteriores. En defecto de todos eles, será competente o notario do lugar do domicilio do requirente.

3. O notario poderá tamén autorizar escritura pública, se é requirido para isto, de escusa ou aceptación do cargo de testamenteiro.

Sección 6.^a Da formación de inventario

Artigo 67.

1. Será competente para a formación de inventario dos bens e dereitos do causante para os efectos de aceptar ou repudiar a herdanza polos chamados a ela o notario con residencia no lugar en que tivese o causante o seu último domicilio ou residencia habitual, ou onde estea a maior parte do seu patrimonio, con independencia da súa natureza de conformidade coa lei aplicable, ou no lugar en que falecese, sempre que estean en España, á elección do solicitante. Tamén poderá elixir un notario dun distrito estremeiro cos anteriores. En defecto de todos eles, será competente o notario do lugar do domicilio do requirente.

2. O herdeiro que solicite a formación de inventario deberá presentar o seu título de sucesión hereditaria e deberá acreditar o notario ou ben comprobar este mediante información do Rexistro Civil e do Rexistro Xeral de Actos de Derradeira Vontade, o falecemento do outorgante e a existencia de disposicións testamentarias.

3. Aceptado o requirimento, o notario deberá citar os acredores e legatarios para que acudan, se lles convén, a presenciar o inventario. Se se ignora a súa identidade ou domicilio, o notario dará publicidade do expediente nos taboleiros de anuncios dos concellos correspondentes ao último domicilio ou residencia habitual do causante, ao do lugar do falecemento se é distinto e onde radiquen a maior parte dos seus bens, sen prexuízo da posibilidade de utilizar outros medios adicionais de comunicación. Os anuncios deberán estar expostos durante o prazo dun mes.

Artigo 68.

1. O inventario comezará dentro dos trinta días da citación dos acredores e legatarios.

2. O inventario conterá relación dos bens do causante, así como as escrituras, documentos e papeis de importancia que se encontren, referidos a bens mobles e inmobles. Dos bens inmobles inscritos no Rexistro da Propiedade, achegará ou obterá o notario certificacións de dominio e cargas. Do metálico e valores mobiliarios depositados en entidades financeiras achegarase certificación ou documento expedido pola entidade depositaria e, se estes valores están sometidos a cotización oficial, incluírase a súa valoración con data determinada. Se pola natureza dos bens os interesados consideran necesaria a intervención de peritos para a súa valoración, designaralos o notario consonte o disposto nesta lei.

3. O pasivo incluírá relación circunstanciada das débedas e obrigas e dos prazos para o seu cumprimento, e solicitarase dos acredores indicación actualizada da súa contía, así como da circunstancia de estar algunha vencida e non satisfeita. Se non se recibe resposta dos acredores, incluírase por enteiro a contía da débeda ou obriga.

4. O inventario deberá concluír dentro dos sesenta días contados desde o seu comezo. Se por xusta causa se considera insuficiente o prazo de sesenta días, o notario poderá prorrogalo ata o máximo dun ano. Rematado o inventario, pecharase e protocolizarase a acta. Quedarán a salvo, en todo caso, os dereitos de terceiros.

CAPÍTULO IV

Dos expedientes en materia de obrigas*Sección 1.^a Do ofrecemento de pagamento e da consignación*

Artigo 69.

1. O ofrecemento de pagamento e a consignación dos bens de que se trate poderanse efectuar ante notario.

2. O que promova expediente expresará os datos e as circunstancias de identificación dos interesados na obriga a que se refira o ofrecemento de pagamento ou a consignación, o domicilio en que poidan ser achados así como as razóns da actuación, todo o relativo ao obxecto do pagamento ou a consignación e a súa posta á disposición do notario.

3. Cando os bens consignados consistan en diñeiro, valores e instrumentos financeiros, en sentido amplo, serán depositados polo notario necesariamente na entidade financeira colaboradora da Administración de xustiza.

Se son de distinta natureza aos indicados no punto anterior, o notario dispoñerá o seu depósito ou encargará a súa custodia a establecemento adecuado para tal fin, asegurándose de que se adoptan as medidas necesarias para a súa conservación, que quedará adecuadamente xustificado por dilixencia na acta.

4. O notario notificaralles aos interesados a existencia do ofrecemento de pagamento ou da consignación para os efectos de que no prazo de dez días hábiles acepten o pagamento, retiren a cousa debida ou realicen as alegacións que consideren oportunas.

Se o acredor contesta o requirimento aceptando o pagamento ou o consignado en prazo, o notario faralle entrega do ben e fará constar en acta tal circunstancia, dando por finalizado o expediente.

Se, transcorrido o dito prazo, non procede a retirada, non realiza ningunha alegación ou se nega a recibila, procederá á devolución do consignado sen máis trámites e arquivarase o expediente.

Sección 2.^a Reclamación de débedas pecuniarias non contraditas

Artigo 70.

1. O acredor que pretenda o pagamento dunha débeda pecuniaria de natureza civil ou mercantil, calquera que sexa a súa contía e orixe, líquida, determinada, vencida e exixible, poderá solicitar de notario con residencia no domicilio do debedor consignado no documento que acredite a débeda ou o documentalmente demostrado, ou na residencia habitual do debedor ou no lugar en que o debedor poida ser achado, que requira este de pagamento, cando a débeda se acredite na forma documental que, ao xuízo do notario, sexa indubitada. A débeda deberá desagregar necesariamente principal, xuros remuneratorios e de demora aplicados.

Non se poderán reclamar mediante este expediente:

a) As débedas que se funden nun contrato entre un empresario ou profesional e un consumidor ou usuario.

b) As baseadas no artigo 21 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.

c) As débedas de alimentos en que estean interesados menores ou persoas coa capacidade modificada xudicialmente, nin as que recaian sobre materias indispoñibles ou operacións suxeitas a autorización xudicial.

d) As reclamacións en que estea concernida unha Administración pública.

2. Para tal efecto, autorizarase acta notarial que recollerá as seguintes circunstancias: a identidade de acredor e debedor; o domicilio de ambos, segundo

foron consignados no documento que orixina a reclamación, salvo que documentalmente se acredite a súa modificación, caso en que deberán ser consignados ambos e a orixe, natureza e contía da débeda. Tamén se xuntará a acta ou o documento ou documentos que constitúan o título da reclamación.

O notario non aceptará a solicitude se se trata dalgunha das reclamacións excluídas, falta algún dos datos ou documentos anteriores ou non é competente.

3. Unha vez aceptada a solicitude do acreedor e comprobada a concorrencia dos requisitos previstos nos puntos anteriores, o notario requirirá o debedor para que, no prazo de vinte días hábiles, lle pague ao petionario.

Se o debedor non pode ser localizado nalgún dos domicilios posibles acreditados na acta ou non se pode facer entrega do requirimento, o notario dará por rematada a súa actuación, facendo constar tal circunstancia e quedando a salvo o exercicio do dereito do acreedor por vía xudicial.

5. Terase por realizado validamente o requirimento ao debedor se é localizado e efectivamente requirido polo notario, aínda que rexeite facerse cargo da documentación que o acompaña, que quedará á súa disposición na notaría. Tamén será válido o requirimento realizado a calquera empregado, familiar ou persoa coa cal conviva o debedor, sempre que sexa maior de idade, cando se encontre no seu domicilio; o notario deberalle advertir ao receptor que está obrigado a entregar o requirimento ao seu destinatario ou a darlle aviso se sabe o seu paradiro. Se o requirimento se fai no lugar de traballo non ocasional do destinatario en ausencia deste, efectuaráselle á persoa que estea a cargo da dependencia destinada a recibir documentos ou obxectos.

En caso de que o destinatario sexa unha persoa xurídica, o notario entenderá a dilixencia coa persoa maior de idade que se encontre no domicilio sinalado no documento anteriormente expresado e que forme parte do órgano de administración, que acredite ser representante con facultades suficientes ou que ao xuízo do notario actúe notoriamente como persoa encargada pola persoa xurídica de recibir requirimentos ou notificacións fidedignas no seu interese.

Artigo 71.

1. Unha vez practicado o requirimento, se o debedor comparece ante o notario requirente e paga integramente a débeda dentro do prazo de vinte días hábiles seguintes, farase constar así por dilixencia na acta, que terá o carácter de carta de pagamento. En tal caso, o notario procederá sen demora a facer entrega da cantidade aboada ao acreedor na forma que este solicitase.

Se o debedor paga directamente ao acreedor e, no prazo establecido, acredita esta circunstancia, con confirmación expresa polo acreedor, o notario pechará a acta e dará por rematada a actuación.

Se non hai confirmación expresa por parte do acreedor no prazo previsto para o pagamento, o notario pechará, así mesmo, a acta e quedará aberta a vía xudicial.

2. Se o debedor comparece ante o notario para formular oposición, recolleranse os motivos en que fundamenta esta facéndoo constar por dilixencia. Unha vez comunicada tal circunstancia ao acreedor, poñerase fin á actuación notarial e quedarán a salvo os dereitos daquel para a reclamación da débeda na vía xudicial.

Cando se requiran varios debedores por unha única débeda, a oposición dun poderá dar lugar á fin da actuación notarial respecto de todos, se a causa é concorrente, facendo constar os pagamentos que puidese realizar algún deles.

3. Se no prazo establecido o debedor non comparece ou non alega motivos de oposición, o notario deixará constancia da dita circunstancia.

Neste caso, a acta será documento que comportará execución para os efectos do ordinal 9.º do número 2 do artigo 517 da Lei de axuizamento civil. Esta execución tramitarase conforme o establecido para os títulos executivos extraxudiciais.

CAPÍTULO V

Do expediente de poxa notarial

Artigo 72.

1. As poxas que se fagan ante notario en cumprimento dunha disposición legal rexeranse polas normas que respectivamente as establezan e, no seu defecto, polas do presente capítulo.

As poxas que se fagan ante notario en cumprimento dunha resolución xudicial ou administrativa, ou de cláusula contractual ou testamentaria, ou en execución dun laudo arbitral ou acordo de mediación ou ben por pacto especial en instrumento público, ou as voluntarias rexeranse, así mesmo, polas normas do presente capítulo.

2. En todo caso, aplicaranse con carácter supletorio as normas que para as poxas electrónicas se establecen na lexislación procesual sempre que sexan compatibles.

3. Se non hai nada disposto e a poxa se celebra en cumprimento dunha resolución xudicial ou administrativa, será competente, en defecto de designación por acordo de todos os interesados entre os notarios con residencia no ámbito de competencia da autoridade xudicial ou administrativa, o que designe o titular do ben ou dereito poxado ou da maior parte deste, se son varios, de entre os competentes. Se os diversos titulares son propietarios por partes iguais, a elección do notario corresponderá a aquel que o sexa con anterioridade. Se non se pode determinar a quen lle corresponde a designación do notario, ou se non é comunicado á autoridade xudicial ou administrativa por quen corresponda no prazo de cinco días desde o requirimento para efectual, procederase a designar conforme o establecido regulamentariamente entre os que resulten competentes.

Nos restantes casos, será notario competente o libremente designado por todos os interesados. No seu defecto e na falta de previsión ao respecto, será competente o libremente designado polo requirente, se é un titular do ben ou dereito poxado. Se non o é, será competente o notario hábil no domicilio ou residencia habitual do titular ou de calquera dos titulares, se son varios, ou o da situación do ben ou da maior parte dos bens, á elección do requirente. Tamén poderá elixir un notario dun distrito estremeiro cos anteriores.

Artigo 73.

1. O notario, por requirimento de persoa lexitimada para instar a venda dun ben, moble ou inmobile, ou dereito determinado, procederá a convocar a poxa, logo de examinar a solicitude, dando fe da identidade e capacidade do seu promotor e da lexitimidade para instala.

A poxa será electrónica e levarase a cabo no portal de poxas da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado. En todo caso, corresponderalle ao notario a autorización da acta que reflecta as circunstancias esenciais e o resultado da poxa e, de ser o caso, a autorización da correspondente escritura pública de venda.

2. O solicitante acreditará ao notario a propiedade do ben ou dereito que se vai poxar ou a súa lexitimación para dispoñer del, a liberdade ou o estado de cargas do ben ou dereito, a situación arrendaticia e posesoria, o estado físico en que se encontre, obrigas pendentes, valoración para a poxa e cantas circunstancias teñan influencia no seu valor, así como, se for o caso, a representación con que actúe.

3. O notario, tras comprobar o cumprimento dos datos anteriores e logo de consulta ao Rexistro Público Concursal para os efectos previstos na lexislación especial, aceptará, se for o caso, o requirimento. Se acorda a súa procedencia, o notario poñerá en coñecemento do Rexistro Público Concursal a existencia do expediente con expresa especificación do número de identificación fiscal do titular persoa física ou xurídica cuxo ben vaia ser obxecto da poxa. O Rexistro Público Concursal notificaralle ao notario que este coñecendo do expediente a práctica de

calquera asento que se leve a cabo asociado ao número de identificación fiscal notificado para os efectos previstos na lexislación concursal.

O notario poñerá en coñecemento do Rexistro Público Concursal a finalización do expediente cando esta se produza.

4. Acordada a súa celebración, se se trata dun inmovible ou dereito real inscrito no Rexistro da Propiedade ou bens mobles suxeitos a un réxime de publicidade rexistral similar ao daqueles, o notario solicitará por procedementos electrónicos certificación rexistral de dominio e cargas. O rexistrador expedirá a certificación con información continuada por igual medio e fará constar esta circunstancia por nota na marxe do predio ou dereito. Esta nota producirá o efecto de indicar a situación de venda en poxa do ben ou dereito e caducará aos seis meses da súa data salvo que con anterioridade o notario lle notifique ao rexistrador o peche do expediente ou a súa suspensión, caso en que o prazo se computará desde que o notario notifique o seu reinicio.

O rexistrador notificará, inmediatamente e de forma telemática, ao notario e ao portal de poxas da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado o feito de se ter presentado outro ou outros títulos que afecten ou modifiquen a información inicial.

O portal de poxas recollerá a información proporcionada polo Rexistro de modo inmediato para o seu traslado aos que consulten o seu contido.

Artigo 74.

1. O anuncio da convocatoria da poxa publicarase, ademais de nos lugares designados polo promotor do expediente, no “Boletín Oficial del Estado”.

A convocatoria da poxa deberá anunciarse cunha antelación de, polo menos, 24 horas respecto ao momento en que se deba abrir o prazo de presentación de licitacións.

O anuncio conterá unicamente a súa data, o nome e os apelidos do notario encargado da poxa, o lugar de residencia e o número de protocolo asignado á apertura da acta, e o enderezo electrónico que corresponda á poxa no portal de poxas. Neste indicaranse as condicións xerais e particulares da poxa e dos bens que se van poxar, así como cantos datos e circunstancias sexan relevantes e a cantidade mínima admisible para a licitación, se é o caso. A certificación rexistral, tratándose de bens suxeitos a publicidade rexistral, poderase consultar a través do portal de poxas, que informará de calquera alteración na súa titularidade ou estado de cargas. Tamén se indicará, se é o caso, a posibilidade de visitar o inmovible obxecto de poxa ou de examinar coas necesarias garantías o ben moble ou os títulos acreditativos do crédito, se procede.

2. O notario notificaralle ao titular do ben ou dereito, salvo que sexa o propio solicitante, a iniciación do expediente, así como todo o contido do seu anuncio e o procedemento seguido para a fixación do tipo de poxa. Tamén o requirirá para que compareza na acta en defensa dos seus intereses.

A dilixencia practicarase ben persoalmente, ben mediante envío de carta certificada con xustificante de recepción ao domicilio fixado rexistralmente ou, no seu defecto, en documento público, ou, tratándose de bens non rexistrados, remitirase ao domicilio habitual acreditado. Se o domicilio non é coñecido, a notificación realizarase mediante edictos.

A dilixencia practicarase ben persoalmente, ben mediante envío de carta certificada con xustificante de recepción ou en calquera das formas previstas pola lexislación notarial ao domicilio fixado rexistralmente. Se se trata de bens non rexistrados, dirixirase ao domicilio habitual acreditado. Se o domicilio non é coñecido, a notificación realizarase mediante edictos.

O notario comunicaralles polos mesmos medios, se é o caso, a celebración da poxa aos titulares de dereitos e das cargas que figuren na certificación de dominio, así como aos arrendatarios ou ocupantes que consten identificados na solicitude.

Se non os pode localizar, daralle a mesma publicidade que a que se prevé para a poxa.

3. Se a valoración non está contractualmente establecida ou non foi subministrada polo solicitante cando este o puido facer por si mesmo, será fixada por perito designado polo notario conforme o disposto nesta lei. O perito comparecerá ante o notario para entregar o seu ditame e ratificarse sobre el. A dita valoración constituirá o tipo da licitación. Non se admitirán licitacións por debaixo do tipo.

4. Se o titular do ben ou un terceiro que se considere con dereito a isto, comparece opoñéndose á celebración da poxa, o notario fará constar a súa oposición e as razóns e os documentos que para iso aduzan, con reserva das accións que sexan procedentes. O notario suspenderá o expediente cando se xustifique a interposición da correspondente demanda e procederá ao seu reinicio se non se admite esta.

Artigo 75.

1. A poxa electrónica realizarase con suxeición ás seguintes regras:

1.^a A poxa terá lugar no portal de poxas da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado, a cuxo sistema de xestión estarán conectados os notarios a través dos sistemas informáticos do Consello Xeral do Notariado. Todos os intercambios de información que se deban realizar entre os notarios e o portal de poxas se realizarán de maneira telemática.

2.a A poxa abrirase transcorridas, polo menos, 24 horas desde a data de publicación do anuncio no “Boletín Oficial del Estado”, unha vez que sexa remitida ao portal de poxas a información necesaria para o seu comezo.

3.a Unha vez aberta a poxa, soamente se poderán realizar poxas electrónicas durante, polo menos, un prazo de vinte días naturais desde a súa apertura. O seu desenvolvemento axustarase, en todo aquilo que non se opoña ao presente capítulo, ás normas establecidas na Lei de axuizamento civil que lle sexan aplicables. En todo caso, o portal de poxas informará durante a súa celebración da existencia e contía das poxas.

4.a Para poder participar na poxa será necesario estar en posesión da correspondente acreditación para intervir nela, tras ter consignado en forma electrónica o 5 por 100 do valor dos bens ou dereitos.

Se o solicitante quere participar na poxa, non se lle exixirá a constitución desa consignación. Tampouco se lles exixirá aos copropietarios ou cotitulares do ben ou dereito que se vai poxar.

2. Na data de peche da poxa e a continuación del, o portal de poxas remitirá ao notario información certificada da licitación telemática que resulte vencedora, así como, por orde decrecente de importe e cronolóxica no caso de ser este idéntico, de todas as demais que optasen pola reserva de licitación.

O notario redactará a correspondente dilixencia en que fará constar os aspectos de transcendencia xurídica; as reclamacións que se presentasen e a reserva dos dereitos correspondentes ante os tribunais de xustiza; a identidade do mellor licitador e o prezo ofrecido por el; as licitacións que seguen á mellor e a identidade dos licitadores; o xuízo do notario de que na poxa se observaron as normas legais que a regulan, así como a adxudicación do ben ou dereito poxado polo solicitante. O notario pechará a acta e fará constar nela que a poxa quedou concluída e que o ben ou dereito quedou adxudicado, e procederá á súa protocolización.

Se non concorre ningún licitador, o notario así o fará constar, declarará deserta a poxa e acordará o peche do expediente.

3. En dilixencias sucesivas faranse constar, se é o caso, o pagamento do resto do prezo por parte do adxudicatario no prazo de dez días hábiles na entidade adherida ao portal de poxas á disposición do notario; a entrega polo notario ao

solicitante ou o seu depósito á disposición xudicial ou a favor dos interesados das cantidades que percíbise do adxudicatario, e a devolución das consignacións electrónicas feitas por persoas que non resulten adxudicatarias para tomar parte na poxa.

A devolución das consignacións feitas por persoas que non resulten adxudicatarias para tomar parte na poxa non se efectuará ata que non se aboase o total do prezo da adxudicación se así o solicitaron os licitadores.

Se o adxudicatario incumpre a súa obriga de entrega da diferenza do prezo entre o consignado e o efectivamente rematado, a adxudicación realizarase ao segundo ou sucesivo mellor licitador que solicitase a reserva da súa consignación; os incumpridores perderán as consignacións e daráselles a estas o destino establecido na Lei de axuizamento civil.

Non obstante, procederáse á suspensión provisional do remate ou adxudicación ata que transcorra o prazo establecido para o exercicio, se é o caso, do dereito de adquisición preferente dos socios ou, de ser o caso, da sociedade.

4. En todos os supostos en que a lei exige documento público como requisito de validez ou eficacia da transmisión, unha vez poxado o ben ou dereito, o titular ou o seu representante outorgará ante o notario escritura pública de venda a favor do adxudicatario ao tempo de completar este o pagamento do prezo. Se o titular ou o seu representante se nega a outorgar escritura de venda, a acta de poxa será título suficiente para solicitar do tribunal competente que dite o correspondente auto en que se teña por emitida a declaración de vontade, nos termos previstos no artigo 708 da Lei de axuizamento civil.

Nos demais supostos, a copia autorizada da acta servirlle de título ao rematante.

Artigo 76.

1. A poxa notarial que cause unha venda forzosa só se poderá suspender e, se é o caso, pechar o expediente, con base nas seguintes causas:

a) Cando se presente ao notario resolución xudicial, aínda que non sexa firme, xustificativa da inexistencia ou extinción da obriga garantida e no caso de bens ou créditos rexistrables, certificación do rexistro correspondente acreditativa de estar cancelada a carga ou presentada escritura pública de carta de pagamento ou da alteración na situación de titularidade ou cargas do predio.

O executante deberá consentir expresamente na súa continuación malia a modificación rexistral do estado de cargas.

Se se trata de accións, participacións sociais ou partes sociais en xeral, certificación, con sinatura lexitimada notarialmente do administrador ou secretario non conselleiro da sociedade, acreditativa do asento de cancelación do dereito real ou embargo sobre os dereitos do socio.

b) Cando se acredite documentalmente a existencia de causa criminal que poida determinar a falsidade do título en virtude do cal se proceda, a invalidez ou ilicitude do procedemento de venda. A suspensión subsistirá ata o fin do proceso.

c) Se se lle xustifica ao notario a declaración de concurso do debedor ou a paralización das accións de execución, nos supostos previstos na lexislación concursal aínda que xa estean publicados os anuncios da poxa do ben. Neste caso, só se alzará a suspensión cando se acredite, mediante testemuño da resolución do xuíz do concurso, que os bens ou dereitos non están afectos, ou non son necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor. Tamén se alzará, se é o caso, cando se presente a resolución xudicial que homologue o acordo alcanzado ou a escritura pública ou a certificación que peche o expediente xunto coa súa comunicación ao xuíz competente e ao Rexistro Público Concursal.

d) Se se interpón demanda de terzaría de dominio, xuntando inescusablemente con ela título de propiedade anterior á data do título en que basee a poxa. A suspensión subsistirá ata a resolución da terzaría.

e) Se se acredita que se iniciou un procedemento de poxa sobre os mesmos bens ou dereitos. Ao ser notarial, esta acreditación realizarase mediante copia autorizada ou notificación dos sistemas informáticos do Consello Xeral do Notariado. Estes feitos poderanse poñer en coñecemento do xulgado correspondente, ao xuízo do notario.

2. Nos casos precedentes, se a causa da suspensión afecta só parte dos bens ou dereitos comprendidos na venda extraxudicial, poderá seguir o procedemento respecto dos demais se así o solicita o acreedor ou promotor do procedemento.

3. Para o caso de préstamos ou créditos persoais, ou calquera outro instrumento de financiamento hipotecario ou non hipotecario, sen prexuízo do previsto na súa normativa especial, suspenderase a venda extraxudicial cando se acredite que se expuxo ante o xuíz competente o carácter abusivo ou non transparente dalgunha das cláusulas que constituía o fundamento da venda extraxudicial ou que determinase a cantidade exixible. Unha vez substanciada a cuestión e sempre que, de acordo coa resolución xudicial correspondente, non se trate dunha cláusula abusiva ou non transparente que constituía o fundamento da execución ou determinase a cantidade exixible, o notario poderá proseguir a venda extraxudicial por requirimento do acreedor ou promotor deste.

4. A suspensión da poxa por un período superior a 15 días comportará a liberación das consignacións ou a devolución dos avais prestados, retrotraendo a situación ao momento inmediatamente anterior á publicación do anuncio. O reinicio da poxa realizarase mediante unha nova publicación do anuncio e unha nova petición de información rexistral como se dunha nova poxa se tratase.

5. Se se trata de bens rexistrables, se a reclamación do acreedor e a iniciación da venda extraxudicial teñen a súa base nalgunha causa que non sexa o vencemento do prazo ou a falta de pagamento de xuros ou de calquera outra prestación a que estea obrigado o debedor, suspenderase o dito procedemento sempre que con anterioridade á poxa se faga constar no Rexistro da Propiedade ou de bens mobles a oposición a este, formulada en xuízo declarativo. Para este efecto, o xuíz, ao mesmo tempo que ordene a anotación preventiva da demanda, acordará que se lle notifique ao notario a resolución ditada.

Artigo 77.

As poxas voluntarias poderanse convocar baixo condicións particulares incluídas no prego de condicións e estas deberanse consignar no portal de poxas. Por iso, o solicitante, no prego de condicións particulares, poderá aumentar, diminuír ou suprimir a consignación electrónica previa e tomar calquera outra determinación análoga á expresada.

En todo o demais aplicaranse ás poxas voluntarias as regras xerais contidas no presente capítulo, sen suxeición ao disposto no número 3 do artigo 74.

CAPÍTULO VI

Dos expedientes en materia mercantil

Sección 1.^a Do roubo, furto, extravío ou destrución de título valor

Artigo 78.

1. Estarán lexitimados para solicitar do notario a adopción das medidas previstas na lexislación mercantil nos casos de roubo, furto, extravío ou destrución de títulos valores ou representación de partes de socio os posuidores lexitimos

destes títulos que fosen desposuídos deles ou que sufrisen a súa destrución ou extravío.

2. Será competente para coñecer destes expedientes o notario do lugar de pagamento cando se trate dun título de crédito; do lugar de depósito no caso de títulos de depósito, ou o do lugar do domicilio da entidade emisora cando os títulos sexan valores mobiliarios, segundo proceda.

3. O notario, tras aceptar a solicitude do lexitimado e logo do seu exame, dando fe da identidade e apreciando a capacidade do promotor e a lexitimidade para instala, comunicarllo, mediante requirimento, ao emisor dos títulos e, se se trata dun título cotizable, á sociedade reitora da bolsa correspondente, e solicitará a publicación na sección correspondente do “Boletín Oficial del Estado” e nun xornal de gran circulación na súa provincia. Tanto no requirimento como nos anuncios será citado quen poida estar interesado no procedemento para que compareza na notaría no día e na hora que se sinalen.

4. Se comparece, o notario levantará a acta da celebración da comparecencia e, de conformidade co solicitado, instará o promotor do expediente e o emisor dos títulos a que non procedan á súa negociación ou transmisión, así como á suspensión do cumprimento da obriga de pagamento documentada no título ou do pagamento do capital, xuros ou dividendos, ou ben ao depósito das mercadorías, segundo proceda en atención ao título de que se trate.

5. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, cando se trate dun título de tradición, non procederá o depósito das mercadorías se son de imposible, difícil ou moi custosa conservación ou corren o perigo de sufrir grave deterioración ou de diminuír considerablemente de valor. Nese caso, o notario instará o portador ou o depositario, logo de audiencia do tedor do título, a que lle entregue as mercadorías ao solicitante se este prestase caución suficiente polo valor das mercadorías depositadas máis a eventual indemnización dos danos e perdas ao tedor do título se se acredita posteriormente que o solicitante non tiña dereito á entrega.

6. Por pedimento do solicitante, o notario poderá nomear un administrador para o exercicio dos dereitos de asistencia e de voto ás xuntas xerais e especiais de accionistas correspondentes aos títulos que sexan valores mobiliarios, así como para a impugnación dos acordos sociais. A retribución do nomeado será por conta do solicitante.

7. Transcorrido o prazo de seis meses sen que se suscitase controversia, o notario autorizará o que promoveu o expediente para cobrar os rendementos que produza o título, e requirirá, pola súa instancia, o emisor para que proceda ao seu pagamento.

8. Transcorrido o prazo dun ano sen mediar oposición, o notario requirirá o emisor para que expida os novos títulos, que se entregarán ao solicitante.

9. En ningún caso procederá a anulación do título ou títulos se o tedor actual que formule oposición os adquirise de boa fe conforme a Lei de circulación do propio título.

10. En caso de que non sexa procedente a anulación do título ou títulos, quen fose tedor lexítimo no momento da perda da posesión terá as accións civís ou penais que correspondan contra aquela persoa que adquirise de mala fe a posesión do documento.

Sección 2.^a Dos depósitos en materia mercantil e da venda dos bens depositados

Artigo 79.

1. En todos aqueles casos en que, por disposición legal ou pacto, proceda o depósito de bens mobles, valores ou efectos mercantís, poderase realizar ante notario mediante acta de depósito, de conformidade co disposto na presente lei e no seu regulamento de execución.

2. Se o depósito consiste en letras de cambio ou outros efectos que se poidan prexudicar pola súa non presentación en certas datas á aceptación ou ao pagamento, o notario, por instancias do depositante, poderá proceder a realizar a dita presentación. En caso de serlle satisfeito o importe, quedará substituído o depósito dos efectos polo seu importe en diñeiro.

3. En todos os casos en que, pola lexislación mercantil, se permita a venda dos bens ou efectos depositados, o notario, por instancia do depositante ou do propio depositario, poderá convocar e proceder á venda dos bens. Para ese efecto, procederase segundo o previsto nesta lei para as actas notariais de poxa e daráselle ao importe obtido o destino establecido na lexislación mercantil.

Sección 3.^a Do nomeamento de peritos nos contratos de seguros

Artigo 80.

1. Aplicarase o procedemento regulado neste artigo cando no contrato de seguro, conforme a súa lexislación específica, non haxa acordo entre os peritos nomeados polo asegurador e polo asegurado para determinaren os danos producidos e aqueles non estean conformes coa designación dun terceiro.

2. A competencia para proceder ao nomeamento corresponderá ao notario ao cal acudan de mutuo acordo o asegurado e a aseguradora. En defecto de acordo, calquera entre os que teñan a súa residencia no lugar do domicilio ou residencia habitual do asegurado ou onde se encontre o obxecto da valoración, á elección do requirente. Tamén poderá elixir un notario dun distrito estremeiro cos anteriores.

3. Poderá promover este expediente calquera das partes do contrato de seguro ou ambas conxuntamente.

4. Iniciarase o expediente mediante escrito presentado por calquera dos interesados, en que se fará constar o feito da discordia dos peritos designados para valoraren os danos sufridos, e solicitarase o nomeamento dun terceiro perito. Ao escrito xuntarase a póliza de seguro e os ditames dos peritos.

5. Admitida a trámite a solicitude polo notario, este convocará a unha comparecencia co fin de que os interesados se poñan de acordo no nomeamento doutro perito; se non hai acordo, procederase a nomealo consonte o disposto no artigo 50.

6. Verificado o nomeamento, faráselle saber ao designado para que manifieste se o acepta ou non, o que poderá realizar alegando xusta causa. Unha vez aceptado, proverase o conseguinte nomeamento e requiriranse as partes para que en tres días fagan a provisión de fondos que se considere necesaria. O perito deberá emitir o ditame no prazo previsto polas partes e, no seu defecto, no prazo de trinta días a partir da aceptación do nomeamento. Emitido o ditame, incorporarase á acta e darase por finalizada.

CAPÍTULO VII

Dos expedientes de conciliación

Artigo 81.

1. Poderase realizar ante notario a conciliación dos distintos intereses dos outorgantes coa finalidade de alcanzar un acordo extraxudicial.

2. A conciliación poderase realizar sobre calquera controversia contractual, mercantil, sucesoria ou familiar sempre que non recaia sobre materia indispoñible.

As cuestións previstas na Lei concursal non se poderán conciliar seguindo este trámite.

Son indispoñibles:

a) As cuestións en que se encontren interesados os menores e as persoas con capacidade modificada xudicialmente para a libre administración dos seus bens.

b) As cuestións en que estean interesados o Estado, as comunidades autónomas e as demais administracións públicas, corporacións ou institucións de igual natureza.

c) Os xuízos sobre responsabilidade civil contra xuíces e maxistrados.

d) En xeral, os acordos que se pretendan sobre materias non susceptibles de transacción nin compromiso.

Artigo 82.

1. A escritura pública que formalice a avinza entre os interesados ou, se for o caso, que se intentou sen efecto ou avinza someterase aos requisitos de autorización establecidos na lexislación notarial.

2. Se hai conformidade entre os interesados en todo ou en parte do obxecto da conciliación, farase constar detalladamente na escritura pública todo canto acorden e que o acto rematou con avinza, así como os seus termos. Se non se pode conseguir ningún acordo, farase constar que o acto rematou sen avinza.

3. A modificación do contido pactado deberá constar, así mesmo, en escritura pública notarial sempre que non se iniciase a execución xudicial.

Artigo 83.

1. A escritura pública notarial que formalice a conciliación gozará, en xeral, da eficacia dun instrumento público e, en especial, estará dotada de eficacia executiva nos termos do ordinal 9.º do número 2 do artigo 517 da Lei de axuizamento civil. A execución verificarase conforme o previsto para os títulos executivos extraxudiciais.

2. Calquera das partes poderá solicitar do notario copia autorizada dotada de carácter executivo mentres non conste na matriz nota relativa á modificación do seu contido ou á súa execución.»

Dous. Introdúcese unha disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional primeira. *Referencias ao Código civil.*

As referencias realizadas nesta lei ao Código civil deberanse entender realizadas tamén ás leis civís forais ou especiais alí onde existan.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Modificación da Lei hipotecaria.*

Un. O parágrafo primeiro do artigo 14 queda redactado como segue:

«O título da sucesión hereditaria, para os efectos do Rexistro, é o testamento, o contrato sucesorio, a acta de notoriedade para a declaración de herdeiros ab intestato, a declaración administrativa de herdeiro ab intestato a favor do Estado e, se é o caso, o certificado sucesorio europeo.»

Dous. Inclúese un novo título IV bis que queda redactado como segue:

«TÍTULO IV BIS

Da conciliación

Artigo 103 bis.

1. Os rexistradores serán competentes para coñecer dos actos de conciliación sobre calquera controversia inmobiliaria, urbanística e mercantil ou que verse sobre feitos ou actos inscribibles no Rexistro da Propiedade, Mercantil ou noutro rexistro público que sexa da súa competencia, sempre que non recaia sobre materia indispoñible, coa finalidade de acadar un acordo extraxudicial. A conciliación por estas controversias tamén se pode celebrar, á elección dos interesados, ante notario ou secretario xudicial.

As cuestións previstas na Lei concursal non se poderán conciliar seguindo este trámite.

2. Celebrado o acto de conciliación, o rexistrador certificará a avinza entre os interesados ou, se for o caso, que se intentou sen efecto ou avinza.»

Disposición derradeira décimo terceira. *Modificación da Lei do 16 de decembro de 1954, de hipoteca mobiliaria e peñor sen desprazamento da posesión.*

Un. A sección segunda do capítulo I do título V pasa a ter a seguinte denominación:

«Sección segunda. *Venda extraxudicial*»

Dous. O artigo 86 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 86.

Para que sexa aplicable o procedemento de venda extraxudicial será necesario:

1.º Que na escritura de constitución da hipoteca, o debedor ou o hipotecante non debedor, se é o caso, designe un mandatario que o represente, no seu día, na venda dos bens hipotecarios. Este mandatario poderá ser o propio acredor.

2.º Que, así mesmo, se faga constar o prezo en que os interesados taxan os bens. O tipo de poxa pactado non poderá ser distinto do que se fixe, se for o caso, para o procedemento xudicial.

3.º Que o debedor ou o hipotecante non debedor se é o caso, fixe un domicilio para requirimentos e notificacións. Tamén se poderá designar un enderezo electrónico, caso en que os requirimentos e as notificacións se farán, ademais, nesa forma.

En todo o non especialmente regulado nesta lei aplicaranse supletoriamente á venda forzosa extraxudicial derivada da hipoteca mobiliaria e peñor sen desprazamento as normas sobre poxa electrónica contidas na lexislación procesual.»

Tres. O artigo 87 queda redactado na seguinte forma:

«Artigo 87.

O procedemento extraxudicial axustarase necesariamente ás seguintes regras:

1.ª Só poderá ser seguido ante notario competente para actuar no lugar onde radiquen os bens hipotecados ou dun distrito estremeiro con el.

2.ª Iniciarase por un requirimento dirixido polo acredor ao notario que, logo do cumprimento dos requisitos deste artigo, proceda á venda dos bens en poxa pública.

No requirimento o acredor fará constar a cantidade exacta que sexa obxecto da reclamación, por principal e xuros, e a causa do vencemento, e entregaralle ao notario o título ou títulos do seu crédito revestidos de todos os requisitos exixidos pola Lei de axuizamento civil para que teñan carácter executivo.

Este requirimento farase constar na acta.

3.ª Por solicitude do acredor, o notario requirirá de pagamento o debedor e, se é o caso, o hipotecante non debedor ou o terceiro posuidor, con expresión da causa do vencemento e da cantidade total reclamada, e farase constar que se non se fai o pagamento se procederá á poxa dos bens hipotecados sen necesidade de novas notificacións nin requirimentos.

Os requiridos, dentro dos cinco días seguintes ao do requirimento, deberán pagar ou entregar a posesión material dos bens hipotecados ao acredor ou mandatario designado na escritura de constitución da hipoteca.

Cando o debedor incumpra a obriga de entregar a posesión dos bens, o notario non seguirá adiante co procedemento de venda se así o solicita o acredor, quen

poderá tamén, para facer efectivo o seu crédito, acudir a calquera dos procedementos xudiciais, sen prexuízo de exercer as accións civís e criminais que lle correspondan.

4.^a Por instancia do acredor, á cal se xuntará o requirimento de pagamento, o rexistrador expedirá certificación literal do asento da hipoteca, na cal se expresará que está subsistente e sen cancelar ou, se é o caso, a cancelación ou modificacións que consten no Rexistro, e se relacionarán os asentos posteriores.

O rexistrador fará constar, na marxe da inscrición de hipoteca, que expediu a certificación e expresará a súa data, a iniciación do procedemento e o notario ante quen se segue.

Cando da certificación do Rexistro apareza algún asento con posterioridade á inscrición da hipoteca, notificaráselles ao debedor e ao seu titular a existencia do procedemento para que poidan, se lles convén, intervir na poxa ou satisfacer antes do remate o importe do crédito, xuros e custas. Neste último caso, os acredores quedarán subrogados nos dereitos do demandante e farase constar o pagamento e a subrogación na marxe da inscrición da hipoteca en que os ditos acredores se subroguen e dos respectivos asentos, mediante presentación no Rexistro da acta notarial de entrega das cantidades debidas ou do mandamento xudicial, se é o caso.

5.^a Transcorridos cinco días desde a práctica do requirimento, procederase á poxa, cuxa convocatoria se anunciará no “Boletín Oficial del Estado”. A poxa celebrarase de forma electrónica no portal de poxas da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado. A poxa admitirá ofertas durante un prazo mínimo de vinte días naturais desde a súa apertura e non se pechará ata transcorrida unha hora desde a realización da última oferta, aínda que isto comporte a ampliación do prazo inicial de vinte días a que se refire este artigo por un máximo de 24 horas.

6.^a A realización do valor do ben levarase a cabo a través dunha única poxa para a cal servirá de tipo o valor de taxación establecido na escritura de constitución de hipoteca. Non obstante, de se presentaren ofertas por un importe igual ou superior ao 70 por cento do valor polo que o ben saíse a poxa, entenderase adjudicado o predio a quen presente a mellor oferta.

Cando a mellor oferta presentada sexa inferior ao 70 por cento do tipo sinalado para a poxa, poderá o debedor presentar, nun prazo de dez días, terceiro que mellore a oferta, ofrecendo cantidade igual ou superior ao 70 por cento do valor de taxación ou que, aínda inferior ao dito importe, resulte suficiente para lograr a completa satisfacción do dereito do acredor.

Transcorrido o expresado prazo sen que o debedor ou o titular rexistral do dominio dos bens realice o previsto no parágrafo anterior, o acredor poderá pedir, dentro do prazo de cinco días, a adjudicación do ben ou bens polo 70 por cento do valor en que saíse a poxa, ou pola cantidade que se lle deba por todos os conceptos, sempre que a dita cantidade sexa superior ao 60 por cento do valor de taxación e á mellor oferta.

Se o acredor non fai uso da mencionada facultade, entenderase rematado o ben por quen presente a mellor oferta, sempre que a cantidade que ofrezca supere o 50 por cento do valor de taxación ou, sendo inferior, cubra, polo menos, a cantidade reclamada por todos os conceptos.

Se na poxa non hai ningún licitador poderá o acredor, no prazo de dez días, pedir a adjudicación por unha cantidade igual ou superior ao 50 por cento do seu valor de taxación ou pola cantidade que se lle deba por todos os conceptos.

7.^a O acredor executante poderá concorrer á poxa como licitador, sempre que existan outros licitadores, sen necesidade de consignar ningunha cantidade. Todos os demais licitadores deberán depositar, para tomar parte na poxa, o 5 por 100 do valor de taxación. A consignación poderase realizar consentindo a súa reserva para os efectos da regra seguinte.

8.^a Rematada a poxa con adjudicación ao mellor licitador, depositará este en poder do notario, dentro do segundo día, a diferenza entre o depósito previo e o

prezo de adxudicación, e devolveráselles aos demais licitadores o depósito que constituísen. Se o adxudicatario non consigna aquela cantidade, será adxudicado o ben ao licitador que siga o primeiro na orde das súas ofertas e que consinta a reserva da súa consignación. As consignacións daqueles licitadores que non acudan a satisfacer a diferenza destinaranse ao pagamento dos gastos do procedemento, e o exceso, de habelo, ao pagamento do crédito e xuros.

Cando o adxudicatario sexa o propio acreedor, deberá consignar a diferenza entre a cantidade reclamada e o prezo da adxudicación, e se non o fai será responsable dos gastos da poxa celebrada e das posteriores que sexan necesarias.

9.^a A cantidade obtida na poxa destinarase, unha vez satisfeitos todos os gastos do procedemento, ao pagamento do crédito por principal e xuros.

O exceso entregárase ao notario ao hipotecante ou ao terceiro posuidor de non existiren outras persoas que traben embargo sobre eles ou interpoñan reclamación xudicial e, de habelas, depositarase á súa disposición nun establecemento público destinado para o efecto.

10.^a A adxudicación dos bens farase constar en escritura pública outorgada polo adxudicatario e o debedor, ou o hipotecante non debedor ou terceiro posuidor, segundo proceda, ou o seu respectivo habente causa, e, se estes últimos non comparecen, outorgárase no seu nome o mandatario designado para o efecto.

Nesta escritura pública faranse constar os trámites observados, o prezo da adxudicación, o seu pagamento polo adxudicatario, o pagamento feito ao acreedor e o destino dado ao exceso, de habelo.

Se o adxudicatario é o mesmo acreedor e foi ademais nomeado mandatario, poderá outorgar a escritura pública neste dobre concepto, facéndose constar o antes dito.

A escritura pública de adxudicación será título bastante para acreditar a propiedade dos bens e para practicar a cancelación da hipoteca e dos asentos posteriores se nela consta o pagamento feito ao acreedor e o destino dado ao exceso, de habelo.

Se o rematante é copropietario ou terceiro posuidor dos bens poxados, unha vez consignado o importe do remate, o notario limitará a adxudicación ás demais participacións indivisas que se executen ou, sen verificala, declarará terminado o procedemento, segundo os casos. Unha copia da acta da poxa, cando non exista adxudicación, será igualmente título bastante para practicar a cancelación da hipoteca e dos asentos posteriores se nela consta o pagamento feito ao acreedor e o destino dado ao exceso, de habelo.

11.^a Se a poxa queda deserta e o acreedor non pide a adxudicación, darase por terminado o procedemento sen efecto e quedará expedito o dereito daquel para exercelo en procedemento xudicial correspondente.

Se o prezo dos bens rematados é insuficiente para pagar o crédito total do acreedor, conservará este o seu dereito pola diferenza.

12.^a Os trámites do procedemento, excepción feita da escritura de adxudicación dos bens, faranse constar por dilixencias a continuación da acta de iniciación a que se refire a regra segunda.

Esta acta incorporárase ao protocolo na data que corresponda á última dilixencia practicada. Outorgada a escritura pública de adxudicación, farase constar por nota na dita acta.

13.^a O adxudicatario dos bens será posto en posesión destes pola persoa que a teña, conforme a regra terceira. Se non lle son entregados, poderá pedir a súa posesión xudicial conforme a Lei de axuizamento civil, sen prexuízo das sancións civís ou penais que poida exercer contra quen se negue inxustamente á entrega.»

Catro. O artigo 88 queda redactado na seguinte forma:

«Artigo 88.

O procedemento de venda extraxudicial só se poderá suspender por algunha das causas seguintes:

Primeira. Que se presente certificación do Rexistro acreditativa de estar cancelada a hipoteca ou presentada escritura pública de carta de pagamento ou cancelación daquela.

Segunda. Cando se acredite documentalmente a existencia de causa criminal sobre calquera feito de aparencia delituosa que determine a falsidade do título en virtude do cal se proceda, a invalidez ou ilicitude do procedemento de venda.

Terceira. Se lle consta ao notario a declaración de concurso do debedor, aínda que xa estean publicados os anuncios da poxa do ben. Neste caso só se alzará a suspensión cando se acredite, mediante testemuño da resolución do xuíz do concurso, que os bens ou dereitos non están afectos, ou non son necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor.

Cuarta. Se se interpón demanda de terzaría de dominio, acompañando inescusablemente con ela título de propiedade anterior á data da escritura de hipoteca. Se se trata de bens susceptibles de inscrición nalgún rexistro, o dito título deberá estar inscrito tamén con data anterior á hipoteca. A suspensión subsistirá ata o remate de xuízo de terzaría.

Quinta. Se se acredita, con certificación do rexistro correspondente, que os mesmos bens están suxeitos a outra hipoteca mobiliaria ou afectos a hipoteca inmobiliaria, en virtude do artigo 111 da Lei hipotecaria, vixentes ou inscritas antes da que motive o procedemento. Estes feitos poñeranse en coñecemento do xulgado correspondente para os efectos previstos no artigo 1862 do Código civil.

Nos dous casos precedentes, se a causa da suspensión afecta só a parte dos bens comprendidos na hipoteca mobiliaria poderá seguir o procedemento respecto dos demais, se así o solicita o acredor.

Tamén se suspenderá a venda extraxudicial cando calquera das partes acredite que expuxo ante o xuíz que sexa competente o carácter abusivo dalgunha das cláusulas contractuais do préstamo hipotecario que constituía o fundamento da venda extraxudicial ou que determinase a cantidade exixible. Unha vez substanciada a cuestión, e sempre que, de acordo coa resolución xudicial correspondente, non se trate dunha cláusula abusiva que constituía o fundamento da execución ou determine a cantidade exixible, o notario poderá proseguir a venda extraxudicial por requirimento do acredor.

Verificada algunha das circunstancias previstas nos números 1 e 2, o notario acordará a suspensión do procedemento ata que, respectivamente, terminen o procedemento criminal ou o procedemento rexistral se non se declara a falsidade ou non se inscribe a cancelación da hipoteca.

A suspensión da poxa por un período superior a 15 días comportará a liberación das consignacións ou devolución dos avais prestados, retrotraendo a situación ao momento inmediatamente anterior á publicación do anuncio. O reinicio da poxa realizarase mediante unha nova publicación do anuncio e unha nova petición de información rexistral como se dunha nova poxa se tratase.

Se a reclamación do acredor e a iniciación da venda extraxudicial teñen a súa base nalgunha causa que non sexa o vencemento do prazo ou a falta de pagamento de xuros ou de calquera outra prestación a que estea obrigado o debedor, suspenderase o dito procedemento sempre que con anterioridade á poxa se faga feito constar no Rexistro a oposición a el, formulada en xuízo declarativo. Para este efecto, o xuíz, ao mesmo tempo que ordene a anotación preventiva da demanda, acordará que se lle notifique ao notario a resolución ditada.»

Cinco. O parágrafo primeiro do artigo 89 queda redactado na seguinte forma:

«Na hipoteca de establecementos mercantís observaranse, ademais das regras establecidas anteriormente, as seguintes:»

Disposición derradeira décimo cuarta. *Modificación do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.*

Un. Os números 3 e 4 do artigo 139 e o número 2 do artigo 141 quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 139.

3. No caso de que a sociedade non reducise o capital social dentro dos dous meses seguintes á data de finalización do prazo para o alleamento, calquera interesado poderá solicitar a redución do capital ao secretario xudicial ou rexistrador mercantil do lugar do domicilio social. Os administradores están obrigados a solicitar a redución xudicial ou rexistral do capital social cando o acordo da xunta sexa contrario a esa redución ou non poida ser logrado.

O expediente ante o secretario xudicial tramitarase conforme o establecido na Lei de xurisdición voluntaria. A solicitude dirixida ao rexistrador mercantil tramitarase de acordo co previsto no Regulamento do Rexistro Mercantil.

Contra a decisión favorable ou desfavorable poderase recorrer ante o xuíz do mercantil.

4. As participacións sociais ou accións da sociedade dominante serán alleadas por instancia de parte interesada polo secretario xudicial ou rexistrador mercantil de conformidade co procedemento previsto para aqueles na Lei de xurisdición voluntaria e no Regulamento do Rexistro Mercantil para estes.»

«Artigo 141.

2. Se as participacións non son alleadas no prazo sinalado, a sociedade deberá acordar inmediatamente a súa amortización e a redución do capital. Se a sociedade omite estas medidas, calquera interesado poderá solicitar a súa adopción por parte do secretario xudicial ou do rexistrador mercantil do domicilio social. Os administradores da sociedade adquirente están obrigados a solicitar a adopción destas medidas cando, polas circunstancias que sexan, non se poida lograr o correspondente acordo de amortización e de redución do capital.

O expediente ante o secretario xudicial acomodarse aos trámites de xurisdición voluntaria. A solicitude dirixida ao rexistrador mercantil tramitarase de acordo co previsto no Regulamento do Rexistro Mercantil.

Contra a decisión favorable ou desfavorable poderase recorrer ante o xuíz do mercantil.»

Dous. Os artigos 169, 170 e 171 quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 169. *Competencia para a convocatoria.*

1. Se a xunta xeral ordinaria ou as xuntas xerais previstas nos estatutos non son convocadas dentro do correspondente prazo legal ou estatutariamente establecido, poderá selo, por solicitude de calquera socio, logo de audiencia dos administradores, polo secretario xudicial ou rexistrador mercantil do domicilio social.

2. Se os administradores non atenden oportunamente a solicitude de convocatoria da xunta xeral efectuada pola minoría, poderá ser realizada a convocatoria, logo de audiencia dos administradores, polo secretario xudicial ou polo rexistrador mercantil do domicilio social.

Artigo 170. *Réxime da convocatoria.*

1. O secretario xudicial procederá a convocar a xunta xeral de conformidade co establecido na lexislación de xurisdición voluntaria.
2. O rexistrador mercantil procederá a convocar a xunta xeral no prazo dun mes desde que fose formulada a solicitude, indicará o lugar, o día e a hora para a celebración así como a orde do día e designará o presidente e o secretario da xunta.
3. Contra a resolución pola cal se acorde a convocatoria da xunta xeral non caberá ningún recurso.
4. Os gastos da convocatoria rexistral serán por conta da sociedade.

Artigo 171. *Convocatoria en casos especiais.*

En caso de morte ou de cesamento do administrador único, de todos os administradores solidarios, dalgún dos administradores mancomunados ou da maioría dos membros do consello de administración, sen que existan suplentes, calquera socio poderá solicitar do secretario xudicial e do rexistrador mercantil do domicilio social a convocatoria de xunta xeral para o nomeamento dos administradores.

Ademais, calquera dos administradores que perneze no exercicio do cargo poderá convocar a xunta xeral con ese único obxecto.»

Tres. Os artigos 265 e 266 quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 265. *Competencia para o nomeamento de auditor.*

1. Cando a xunta xeral non nomee o auditor antes de que finalice o exercicio que se vai auditar, debendo facelo, ou a persoa nomeada non acepte o cargo ou non poida cumprir as súas funcións, os administradores e calquera socio poderán solicitar do secretario xudicial ou rexistrador mercantil do domicilio social a designación da persoa ou persoas que deban realizar a auditoría.

Nas sociedades anónimas, a solicitude poderá ser realizada tamén polo comisario do sindicato de obrigacionistas.

2. Nas sociedades que non estean obrigadas a someter as contas anuais a verificación por un auditor, os socios que representen, polo menos, o cinco por cento do capital social poderán solicitar do secretario xudicial ou do rexistrador mercantil do domicilio social que, con cargo á sociedade, nomee un auditor de contas para que efectúe a revisión das contas anuais dun determinado exercicio sempre que non transcorran tres meses contados desde a data de peche do dito exercicio.

3. A solicitude dirixida ao rexistrador mercantil tramitarase de acordo co disposto no Regulamento do Rexistro Mercantil.

Se o nomeamento se insta ante o secretario xudicial, seguiranse os trámites establecidos na lexislación de xurisdición voluntaria.

4. A resolución do rexistrador mercantil pola cal se acorde ou rexeite o nomeamento será impugnabile de conformidade coas previsións do Regulamento do Rexistro Mercantil. A resolución do secretario xudicial será impugnabile ante o xuíz do mercantil.

Artigo 266. *Revogación do auditor.*

1. Cando concorra xusta causa, os administradores da sociedade e as persoas lexitimadas para solicitaren o nomeamento de auditor poderán pedir ao secretario xudicial ou ao rexistrador mercantil a revogación do que nomeasen eles ou do designado pola xunta xeral e o nomeamento doutro.

2. A solicitude dirixida ao rexistrador mercantil tramitarase de acordo co disposto no Regulamento do Rexistro Mercantil.

Se a revogación se insta ante o secretario xudicial, seguiranse os trámites establecidos na lexislación de xurisdición voluntaria.

3. A resolución que se dite sobre a revogación do auditor será impugnabile ante o xuíz do mercantil.»

Catro. Os artigos 377 e 380 quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 377. *Cobertura de vacantes.*

1. En caso de falecemento ou de cesamento do liquidador único, de todos os liquidadores solidarios, dalgún dos liquidadores que actúen conxuntamente ou da maioría dos liquidadores que actúen colexiadamente, sen que existan suplentes, calquera socio ou persoa con interese lexítimo poderá solicitar do secretario xudicial ou do rexistrador mercantil do domicilio social a convocatoria de xunta xeral para o nomeamento dos liquidadores. Ademais, calquera dos liquidadores que permaneza no exercicio do cargo poderá convocar a xunta xeral con ese único obxecto.

2. Cando a xunta convocada de acordo co punto anterior non proceda ao nomeamento de liquidadores, calquera interesado poderá solicitar a súa designación ao secretario xudicial ou ao rexistrador mercantil do domicilio social.

3. A solicitude dirixida ao rexistrador mercantil tramitarase de acordo co disposto no Regulamento do Rexistro Mercantil. A instada ante o secretario xudicial seguirá os trámites establecidos na lexislación de xurisdición voluntaria.

4. A resolución pola cal se acorde ou rexeite o nomeamento será impugnabile ante o xuíz do mercantil.»

«Artigo 380. *Separación dos liquidadores.*

1. A separación dos liquidadores designados pola xunta xeral poderá ser acordada por este mesmo cando non conste na orde do día. Se os liquidadores foron designados nos estatutos sociais, o acordo deberá ser adoptado cos requisitos de maioría e, no caso de sociedades anónimas, de quórum, establecidos para a modificación dos estatutos.

Os liquidadores da sociedade anónima poderán tamén ser separados por decisión do secretario xudicial ou do rexistrador mercantil do domicilio social, mediante xusta causa, por petición de accionistas que representen a vixésima parte do capital social.

2. A separación dos liquidadores nomeados polo secretario xudicial ou polo rexistrador mercantil só poderá ser decidida por aquel que os nomee, por solicitude fundada de quen acredite interese lexítimo.

3. A resolución que se dite sobre a separación dos liquidadores será impugnabile ante o xuíz do mercantil.»

Cinco. Os artigos 381 e 389 quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 381. *Interventores.*

1. En caso de liquidación de sociedades anónimas, os accionistas que representen a vixésima parte do capital social poderán solicitar do secretario xudicial ou do rexistrador mercantil do domicilio social a designación dun interventor que fiscalice as operacións de liquidación.

Se a sociedade emitiu e ten en circulación obrigacións, tamén poderá nomear un interventor o sindicato de obrigacionistas.

2. A solicitude dirixida ao rexistrador mercantil tramitarase de acordo co disposto no Regulamento do Rexistro Mercantil. A instada ante o secretario xudicial seguirá os trámites establecidos na lexislación de xurisdición voluntaria.

3. A resolución pola cal se acorde ou rexeite o nomeamento será impugnabile ante o xuíz do mercantil.»

«Artigo 389. *Substitución dos liquidadores por duración excesiva da liquidación.*

1. Transcorridos tres anos desde a apertura da liquidación sen que se sometese á aprobación da xunta xeral o balance final de liquidación, calquera socio ou persoa con interese lexítimo poderá solicitar do secretario xudicial ou do rexistrador mercantil do domicilio social a separación dos liquidadores.

2. O secretario xudicial ou o rexistrador mercantil, logo de audiencia dos liquidadores, acordará a separación se non existe causa que xustifique a dilación, e nomeará liquidadores a persoa ou as persoas que teña por conveniente, e fixará o seu réxime de actuación.

3. A resolución que se dite sobre a revogación do auditor será impugnabile ante o xuíz do mercantil.»

Seis. O artigo 422 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 422. *Facultade e obriga de convocar a asemblea.*

1. A asemblea xeral de obrigacionistas poderá ser convocada polos administradores da sociedade ou polo comisario. Este, ademais, deberá convocala sempre que o soliciten obrigacionistas que representen, polos menos, a vixésima parte das obrigacións emitidas e non amortizadas.

2. O comisario poderá requirir a asistencia dos administradores da sociedade e estes asistir aínda que non fosen convocados.

3. Se o comisario non atende oportunamente a solicitude de convocatoria da asemblea efectuada polos obrigacionistas a que se refire o número 1, a convocatoria poderá ser realizada, logo de audiencia do comisario, polo secretario xudicial ou polo rexistrador mercantil do domicilio social.

O secretario xudicial procederá a convocar a asemblea xeral de obrigacionistas de conformidade co establecido na lexislación de xurisdición voluntaria.

O rexistrador mercantil procederá a convocar a asemblea xeral na forma establecida no Regulamento do Rexistro Mercantil.

Contra o decreto ou resolución por que se acorde a convocatoria da asemblea xeral de obrigacionistas non caberá ningún recurso.»

Sete. O número 2 do artigo 492 pasa a ter a seguinte redacción:

«2. Se as xuntas non son convocadas dentro dos prazos establecidos polo Regulamento (CE) n.º 2157/2001 ou polos estatutos, poderán selo polo consello de control ou, por pedimento de calquera socio, polo rexistrador mercantil do domicilio social conforme o previsto para as xuntas xerais nesta lei.»

Disposición derradeira décimo quinta. *Modificación da Lei 211/1964, do 24 de decembro, sobre regulación da emisión de obrigas por sociedades que non adopten a forma de anónimas, asociacións ou outras persoas xurídicas e a constitución do sindicato de obrigacionistas.*

O artigo sexto queda redactado da seguinte forma:

«Artigo sexto.

As sociedades que non adoptasen a forma de anónimas e as asociacións e demais persoas xurídicas que emitan obrigacións de calquera clase, deberán constituír o sindicato de obrigacionistas e designar un comisario, que concorrerá ao outorgamento da escritura de emisión en nome dos futuros tedores dos títulos.

De as entidades emisoras non constituíren o sindicato de obrigacionistas a que se refire o parágrafo anterior, poderán tomar a iniciativa e solicitar a súa constitución os propios obrigacionistas que representen, como mínimo, o trinta por cento do total da serie ou emisión, logo de dedución das amortizacións realizadas mediante

solicitudude ante o rexistrador mercantil do domicilio da entidade emisora, de conformidade co disposto no Regulamento do Rexistro Mercantil. Á asemblea en que se adopten estas decisións deberán ser convocados a entidade emisora e o comisario designado na escritura de emisión.»

Disposición derradeira décimo sexta. *Modificación da disposición transitoria única da Lei 33/2006, do 30 de outubro, sobre igualdade do home e a muller na orde de sucesión dos títulos nobiliarios.*

O número 3 da disposición transitoria única queda redactado nos seguintes termos:

«3. Non obstante o previsto polo número 1 desta disposición transitoria, a presente lei aplicarase a todos os expedientes relativos a grandezas de España e títulos nobiliarios que o día 27 de xullo de 2005 estean pendentes de resolución administrativa ou xurisdiccional, tanto na instancia como en vía de recurso, así como aos expedientes que se promovesen entre aquela data, na cal se presentou a orixinaria proposición de Lei no Congreso dos Deputados, e o 20 de novembro de 2006, data de entrada en vigor da presente lei. A autoridade administrativa ou xurisdiccional ante quen penda o expediente ou o proceso concederalles de oficio trámite ás partes comparecidas co fin de que aleguen o que ao seu dereito conveña de conformidade coa nova lei, no prazo común de cinco días.»

Disposición derradeira décimo sétima. *Modificación do texto refundido da Lei xeral para a defensa de consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado por medio do Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.*

Un. O número 2 do artigo 19 queda redactado como segue:

«2. Sen prexuízo do disposto nos puntos seguintes, para a protección dos lexítimos intereses económicos e sociais dos consumidores e usuarios, as prácticas comerciais dos empresarios dirixidas a eles están suxeitas ao disposto nesta lei, na Lei de competencia desleal e na Lei de ordenación do comercio retalista. Para estes efectos, considéranse prácticas comerciais dos empresarios cos consumidores e usuarios todo acto, omisión, conduta, manifestación ou comunicación comercial, incluídas a publicidade e a comercialización, directamente relacionadas coa promoción, coa venda ou coa subministración de ben ou servizo, incluídos os bens inmobles, así como os dereitos e as obrigas, con independencia de que sexan realizadas antes, durante ou despois dunha operación comercial.

Non teñen a consideración de prácticas comerciais as relacións de natureza contractual, que se rexerán conforme o previsto no artigo 59.»

Dous. A letra a) do artigo 141 queda redactada como segue:

«a) Da contía da indemnización dos danos materiais deducirase unha franquía de 500,00 euros.»

Tres. O artigo 163 queda redactado como segue:

«Artigo 163. *Garantía da responsabilidade contractual.*

1. Os organizadores e retalistas de viaxes combinadas terán a obriga de constituír e manter de maneira permanente unha garantía nos termos que determine a Administración turística competente, para responder con carácter xeral do cumprimento das obrigas derivadas da prestación dos seus servizos fronte aos contratantes dunha viaxe combinada e, especialmente, en caso de insolvencia, do reembolso efectivo de todos os pagamentos realizados polos viaxeiros na medida en que non se realizasen os servizos correspondentes e, no caso de que se inclúa o transporte, da súa repatriación efectiva. A exixencia desta garantía suxeitarase en

todo caso ao establecido na Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

2. Tan pronto como sexa evidente que a execución da viaxe combinada se vexa afectada pola falta de liquidez dos organizadores ou retallistas, na medida en que a viaxe non se execute ou se execute parcialmente ou os prestadores de servizos requiran aos viaxeiros pagar por eles, o viaxeiro poderá acceder facilmente á protección garantida, sen trámites excesivos, sen ningunha demora indebida e de forma gratuíta.

3. En caso de executarse a garantía, deberase repoñer no prazo de quince días ata cubrir novamente a súa totalidade inicial.»

Disposición derradeira décimo oitava. *Modificación da Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.*

Modifícase a letra e) do número 1 do artigo 4, que queda redactada como segue:

«e) A interposición da demanda de execución de laudos ditados polas xuntas arbitrais de consumo e polas xuntas arbitrais do transporte, neste último caso cando a contía pola cal se pide execución sexa inferior a 2.000 euros, así como da acta notarial de reclamación de débeda pecuniaria non contradita.»

Disposición derradeira décimo novena. *Gratuidade de determinados expedientes notariais e rexistrais.*

1. Recoñeceránselles as prestacións previstas na normativa de asistencia xurídica gratuíta referidas á redución dos aranceis notariais e rexistrais, á gratuidade das publicacións e, se é o caso, á intervención de peritos, aos seguintes expedientes:

a) En materia de sucesións: o de declaración de herdeiros ab intestato; o de presentación, adveración, apertura e lectura, e protocolización de testamentos, e o de formación de inventario da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado.

b) En materia de dereitos reais: o deslindamento e amolloamento dos predios inscritos; o de dominio para a inmatriculación de predios que non estean inscritos a favor de ningunha persoa; o de reinicio do tracto sucesivo interrompido; o de emenda da dobre ou múltiple inmatriculación e o de liberación rexistral de cargas ou gravames extinguidos por prescripción, caducidade ou non uso, da Lei hipotecaria.

2. A acreditación dos requisitos para o recoñecemento do dereito ás prestacións sinaladas no punto anterior terá lugar, de conformidade co disposto na Lei de asistencia xurídica gratuíta, ante o colexio notarial ou rexistro que corresponda, os cales terán as facultades previstas pola dita lei para verificaren a exactitude e a realidade dos datos económicos que proporcionen os solicitantes.

Cando se solicite o recoñecemento do dereito para a asistencia de letrado nos casos de separación ou divorcio ante notario, a acreditación realizarase na mesma forma prevista na Lei de asistencia xurídica gratuíta.

Disposición derradeira vixésima. *Título competencial.*

A presente lei dítase ao abeiro da competencia que, en materia de lexislación procesual, lle corresponde ao Estado conforme o artigo 149.1.6.^ª da Constitución.

Exceptúanse do anterior as disposicións derradeiras primeira, cuarta, quinta, sexta, sétima, oitava, décima, décimo cuarta e décimo oitava, que se ditan ao abeiro da competencia que lle corresponde ao Estado en materia de lexislación civil conforme o artigo 149.1.8.^ª da Constitución. Así mesmo, a disposición adicional cuarta e as disposicións derradeiras décimo primeira, décimo segunda e décimo terceira, que se ditan ao abeiro da competencia que lle corresponde ao Estado en materia de ordenación dos

registros e instrumentos públicos conforme o artigo 149.1.8.^a da Constitución. Finalmente, as disposicións derradeiras segunda, novena, décimo quinta e décimo sexta, que se ditan ao abeiro da competencia que lle corresponde ao Estado en materia de lexislación mercantil conforme o artigo 149.1.6.^a da Constitución.

Disposición derradeira vixésimo primeira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación oficial no «Boletín Oficial del Estado» excepto:

1. As disposicións do capítulo III do título II desta lei, reguladoras da adopción, que entrarán en vigor cando entre en vigor a Lei de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

2. As disposicións do título VII desta lei que regulan as poxas voluntarias celebradas polos secretarios xudiciais, e as do capítulo V do título VIII da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado, contidas na disposición derradeira décimo primeira, que establecen o réxime das poxas notariais, que entrarán en vigor o 15 de outubro de 2015.

3. As modificacións dos artigos 49, 51, 52, 53, 55, 56, 57, 58, 62, 65 e 73 do Código civil contidas na disposición derradeira primeira, así como as modificacións dos artigos 58, 58 bis, disposición derradeira segunda e disposición derradeira quinta bis da Lei 20/2011, do 22 de xullo, do Rexistro Civil, incluídas na disposición derradeira cuarta, relativas á tramitación e celebración do matrimonio civil, que entrarán en vigor o 30 de xuño de 2017.

4. As modificacións do artigo 7 da Lei 24/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España; as do artigo 7 de Lei 24/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Comunidades Israelitas de España, e as do artigo 7 de Lei 26/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Comisión Islámica de España, contidas nas disposicións derradeiras quinta, sexta e sétima, respectivamente, que entrarán en vigor o 30 de xuño de 2017.

5. As disposicións da sección 1.^a do capítulo II do título VII da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado, contidas na disposición derradeira décimo primeira, que establecen as normas reguladoras da acta matrimonial e da escritura pública de celebración do matrimonio, que entrarán en vigor o 30 de xuño de 2017.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 2 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY